DE-03 Anexo I: Informe de Revisión do Sistema pola Dirección

Facultade Ciencias do Mar

Curso: 2023-24

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Coordinación de Calidade	Comisión de Calidade	Xunta de centro
VAZQUEZ OTERO MARIA ELSA - 32753639Y Firmado digitalmente por VAZQUEZ OTERO MARIA ELSA - 32753639Y Fecha: 2025.12.19 10:28:33 +01'00'	Óscar Nieto Palmeiro Firmado digitalmente por Óscar Nieto Palmeiro Fecha: 2025.12.17 13:53:58 +01'00'	VAZQUEZ OTERO MARIA ELSA - 32753639Y Firmado digitalmente por VAZQUEZ OTERO MARIA ELSA - 32753639Y Fecha: 2026.02.27 12:25:32 +01'00' PAREDES ROSENDO ESTEFANIA - 53115479S Firmado digitalmente por PAREDES ROSENDO ESTEFANIA - 53115479S Fecha: 2026.02.26 20:03:38 +01'00'
Data e sinatura	Data e sinatura	Data e sinatura

Índice

I. INTRODUCIÓN - 1 -

I.1. Descrición do centro e das Titulacións - 1 -

II DATOS E INDICADORES - 7 -

II.1. Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais (EVIDENCIA 13, INDICADORES 20, 23, 24, 26, 38, 39 e 44). - 7 -

II.1.a. Índice de participación dos distintos grupos de interese (INDICADOR 50-1). - 7 -

II.1.b. Índice de satisfacción sobre a Titulación dos distintos grupos de interese (I20). - 8 -

II.1.c. Resultados da enquisa de satisfacción do alumnado (I23-1, I24-1, I26-1, I39-1 e I44-1). - 9 -

II.1.d. Resultados da enquisa de satisfacción dos egresados (I20-3, I23-3, I25-2, I26-2, I38 e I39-1). - 13 -

II.1.e. Resultados da enquisa de satisfacción do PDI (I20-2, I23-2, I24-3 e I26-3, curso 2022-23). - 16 -

II.1.f. Resultados da enquisa de satisfacción do PAS (I20-4, I24-2 e I26-4, curso 2022-23). - 19 -

II.1.g. Resultados da enquisa de satisfacción dos empregadores (I20-5). - 20 -

II.1.h. Resultados de enquisas de satisfacción propias da Facultade: enquisa sobre o Curso Cero. - 21 -

II.1.i. Resultados de enquisas de satisfacción propias da Facultade: enquisa sobre o desenvolvemento das materias. - 23 -

II.1.j. Conclusións respecto aos resultados das enquisas. - 27 -

II.1.k. Accións de mellora propostas. - 29 -

II.2. Enquisa de Avaliación Docente (EAD, EVIDENCIA 17 e INDICADOR 43). - 29 -

II.2.a. Participación e resultados. - 29 -

II.2.b. Conclusións sobre a EAD. - 34 -

II.2.c. Accións de mellora propostas sobre a EAD. - 34 -

II.3. Resultados do perfil de ingreso (EVIDENCIA 3). - 35 -

II.3.a. Evolución do número de alumnos de Novo ingreso por curso (I1). - 35 -

II.3.b. Nota media y mínima de admisión (I35 e I50-2). - 35 -

II.3.c. Relación de demanda en 1.ª opción/oferta de prazas de novo ingreso (I11). - 37 -

II.3.d. Modalidade de ingreso. - 38 -

II.3.e. Procedencia xeográfica do alumnado. - 41 -

II.3.f. Conclusións. - 41 -

II.3.g. Accións de mellora. - 41 -

II.4. Resultados de mobilidade na Titulación de Grao en Ciencias do Mar (INDICADOR 3). - 42 -

II.4.a. Alumnado saínte. - 42 -

II.4.b. Alumnado entrante. - 47 -

II.5. Resultados académicos xerais (INDICADOR 10). - 50 -

II.5.a. Taxa de Éxito (I10-5). - 50 -

II.5.b. Taxa de Rendemento (I10-4). - 50 -

II.5.c. Taxa de Avaliación (I10-6). - 51 -

II.5.d. Taxa de Eficiencia (I10-3). - 52 -

II.5.e. Taxas de Abandono (I10-2, I21 e I22). - 52 -

II.5.f. Taxa de Graduación (I10-1). - 54 -

II.5.g. Duración media dos estudos (I50-3). - 55 -

II.6. Indicadores por materia (EVIDENCIA 25, INDICADORES 10-4a, 10-4b, 10-4c, 10-4d, 10-5a, 10-5b, 10-5c, 10-5d, 10-7, 10-8, 10-9 E 10-10). **- 56 -**

II.7. Número de egresados. **- 66 -**

II.8. Conclusións respecto dos indicadores académicos. **- 67 -**

II.9. Resultados de inserción laboral e perfil de egreso (EVIDENCIA 8, INDICADOR 12). **- 68 -**

II.10. Resultados relacionados aos recursos humanos. **- 73 -**

II.10.a. Cualificación do PDI (I50-4). - 73 -

II.10.b. Resultados de investigación (I50-5) e de carácter académico. - 74 -

II.10.c. Resultados do programa DOCENTIA (I7). - 76 -

II.10.d. Formación e mobilidade do profesorado (I5 e I8). - 77 -

II.10.e. Persoal de Administración e Servizos (PAS) (EVIDENCIA 16, I6). - 78 -

II.10.f. Conclusión respecto dos recursos humanos do centro. - 81 -

III ANÁLISE DE RESULTADOS DA TITULACIÓNS DE GRAO EN CIENCIAS DO MAR - 83 -

Criterio 1: Organización e Desenvolvemento **- 83 -**

Criterio 2: Información e Transparencia **- 87 -**

Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade **- 88 -**

Criterio 4: Recursos Humanos **- 91 -**

Criterio 5: Recursos Materiais e Servizos **- 92 -**

Criterio 6: Resultados de Aprendizaxe **- 97 -**

Criterio 7: Indicadores de Satisfacción e Rendemento **- 98 -**

IV DATOS E INDICADORES - 104 -

IV.1. Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais (EVIDENCIA 13, INDICADORES 20, 23,24, 25, 26 e 39). **- 104 -**

IV.1.a. Índice de participación (I50-1). - 104 -

IV.1.b. Índice de satisfacción sobre a Titulación (I20). - 105 -

IV.1.c. Resultados da enquisa de satisfacción do alumnado (I20-1, I13-1,I24-1, I25-1, I26-1 e I39-1). - 106 -

IV.1.d. Resultados da enquisa de satisfacción dos egresados (I20-3, I23-2, I25-2, I26-2 e I39-2). - 107 -

IV.1.e. Resultados da enquisa de satisfacción do PDI (I20-2, I23-3, I24-3 e I26-3). - 109 -

IV.1.f. Resultados da enquisa de satisfacción do PAS (I20-4, I24-2 e I26-4). - 111 -

IV.1.g. Resultados de enquisas de satisfacción propias da Facultade: enquisa sobre a xornada de acollida. - 112 -

IV.1.h. Resultados de enquisas de satisfacción propias da Facultade: enquisa ao alumnado sobre o TFM. - 112 -

IV.1.i. Resultados de enquisas de satisfacción propias da Facultade: enquisa aos Titores sobre o TFM. - 113 -

IV.1.j. Conclusións respecto dos resultados das enquisas. - 114 -

IV.2. Enquisa de Avaliación Docente (EAD) (EVIDENCIA 17, INDICADOR 43). **- 116 -**

IV.3. Resultados do perfil de ingreso (EVIDENCIA 3, INDICADORES 1, 2 e 35). **- 119 -**

IV.3.a. Preinscrición e admisión (I1). - 119 -

IV.3.b. Perfil do estudantado (I2) e nota media de acceso (I35). - 120 -

IV.4. Resultados de mobilidade na Titulación de Mestrado en Oceanografía (INDICADOR 3). **- 121 -**
IV.5. Resultados académicos xerais (INDICADOR 10). **- 121 -**
IV.5.a. Taxas de Éxito e Avaliación (I10-5 e I10-6). - 121 -

IV.5.b. Taxa de Rendemento (I10-4). - 121 -

IV.5.c. Taxa de Eficiencia (I10-3). - 122 -

IV.5.d. Taxa de Abandono (I10-2). - 123 -

IV.5.e. Taxa de Graduación (I10-1). - 123 -

IV.5.f. Duración media dos estudos (I50-3). - 123 -

IV.6. Conclusións respecto dos indicadores académicos. **- 124 -**
IV.7. Resultados de inserción laboral e perfil de egreso (EVIDENCIA 8, INDICADOR 12). **- 124 -**
IV.8. Resultados relacionados cos recursos humanos. **- 126 -**
IV.8.a. Cualificación do PDI (I50-4). - 126 -

IV.8.b. Quinquenios do profesorado. - 126 -

IV.8.c. Resultados de investigación (I50-5). - 127 -

IV.8.d. Resultados do programa DOCENTIA (I7). - 128 -

IV.8.e. Formación e mobilidade do profesorado (I5 e I8). - 128 -

IV.8.f. Persoal de Administración e Servizos (PAS) (EVIDENCIA 16, I6). - 129 -

IV.8.g. Conclusión respecto dos recursos humanos do Centro. - 129 -

V ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DE MESTRADO EN OCEANOGRAFÍA - 130 -
Criterio 1: Organización e Desenvolvemento **- 130 -**
Criterio 2: Información e Transparencia **- 131 -**
Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade **- 132 -**
Criterio 4: Recursos Humanos **- 134 -**
Criterio 5: Recursos Materiais e Servizos **- 136 -**
Criterio 6: Resultados de Aprendizaxe **- 138 -**
Criterio 7: Indicadores de Satisfacción e Rendemento **- 139 -**

VI. OUTROS DATOS SALIENTABLES - 142 -
VI. 1 Actividades de captación de novo alumnado. **- 142 -**
VI.2. Charlas divulgativas. **- 143 -**
VI.3. Obradoiros e mesas redondas. **- 144 -**
VI.4. Empregabilidade e cursos de formación. **- 144 -**
VI.5. Programa STEMBach. **- 144 -**
VI.6. Outros datos. **- 145 -**

VII. CADRO DE MANDO: ANÁLISE DOS OBXECTIVOS E METAS. - 146 -

VIII. PLAN ESTRATÉXICO/ PLAN OPERATIVO - 147 -

IX. QUEIXAS, SUXESTIÓNS E PARABÉNS - 167 -

X. ACCIÓNS DE MELLORA - 168 -
X.1. Seguimento das accións de mellora establecidas **- 168 -**
X.2. Novas accións de mellora propostas **- 168 -**

I. INTRODUCIÓN

I.1. Descrición do centro e das Titulacións

Neste apartado indicarase de xeito breve o desenvolvemento e os cambios organizativos e de xestión do centro no curso de análise, a modo de suxestión, pódese explicar os seguintes aspectos:

- *Titulacións que se imparten no centro, incluíndo as interuniversitarias e as estruturas curriculares específicas: PCEO, PARS etc.*

O documento DE-03 P1 "Revisión pola Dirección" do SGIC, aprobado na Comisión de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias do Mar o 12 de decembro de 2025, ten como obxectivo asegurar a mellora continua e verificar a adecuación e eficacia do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) da Facultade de Ciencias do Mar e das súas titulacións: Graduado ou Graduada en Ciencias do Mar pola Universidade de Vigo e Mestrado Universitario en Oceanografía pola UCA, ULPGC e UVigo. Este informe recolle os principais resultados e conclusións.

- *Resultados dos procesos de avaliación das titulacións ou do centro: Seguimento, renovación da acreditación, certificación ou acreditación institucional.*

O 6 de Xuño de 2023, a Facultade de Ciencias do Mar recibiu a Comisión Avaliadora para a Renovación da Acreditación na Titulación de Grao en Ciencias do Mar. Recibindo o informe final de avaliación **favorable** por parte desta Comisión o día 8 de xaneiro de 2024, coas seguintes valoracións:

DIMENSIONES E CRITERIOS	VALORACIÓN
DIMENSIÓN 1. a GESTIÓN DEL TÍTULO	
Criterio 1. Organización y desenvolvemento	B - Se alcanza
Criterio 2. Información e transparencia	B - Se alcanza
Criterio 3. Sistema de garantía de calidade	B - Se alcanza
DIMENSIÓN 2. RECURSOS	
Criterio 4. Recursos humanos	B - Se alcanza
Criterio 5. Recursos materiales e servizos	B - Se alcanza
DIMENSIÓN 3. RESULTADOS	
Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	B - Se alcanza
Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento	C - Se alcanza parcialmente

Ao longo do curso, implantáronse as accións de mellora que se recomendaban no informe e que se mostran no apartado X.2.

- *Modificacións das titulacións: Substanciais e non substanciais.*

A Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia, ACSUG, notificou ás Universidades do SUG que ao abeiro do artigo 30 do RD 822/2021, de 28 de setembro, acordou, a través da reunión da CGIACA celebrada o 29 de febreiro, requirir ás universidades que completen as solicitudes de modificación non substancial tramitadas en decembro, engadindo no apartado 4 da solicitude a listaxe de materias básicas que se adscriben ao ámbito de coñecemento ao que se adscribe o título, tendo en conta o artigo 14.4 do RD 822/2021. Para o curso 2023-24 a Facultade recibirá os impresos para enviar a solicitude á ACSUG para facer esta modificación non substancial.

O Plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos, materias e materias previstas na memoria verificada. Obsérvanse certos desaxustes entre as actividades de avaliación que figuran na memoria verificada e nas guías docentes, que se deben ao aumento de opcións que ofrece a aplicación Docnet para elaborar as devanditas guías docentes. Estes cambios incorporaranse

como futuras modificacións da memoria do título xunto coa modificación de competencias a súa transición a resultados de aprendizaxe, distinguindo entre competencias, habilidades e contidos. Isto realizarase en aplicación do disposto no Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade, no próximo curso académico.

- *Cambios organizativos ou administrativos do centro e/ou das titulacións.*

Neste curso 2023-24 implantouse o novo sistema de xestión académica SIGMA, que abarca desde a tramitación das matrículas, ata un seguimento da titorización dos traballos de fin de estudoso ou a participación en programas de mobilidade. A implantación dun programa como este faise coa intención de automatizar os procesos e facilitar todos os trámites académicos. Este sistema, en principio, ía ser utilizado polas tres universidades galegas, pero só a UVigo adoptouno para todos os procesos académicos, no canto de implantalo nalgún sector académico reducido para avaliar o seu funcionamento e as posibles melloras.

Este sistema presenta erros de deseño, empregando unha terminoloxía que resulta completamente contraintuitiva. Todos os pasos necesarios para calquera trámite fanse moito máis elaborados e as súas funcionalidades ofrecen confusión á hora de mostrar e introducir a información. En ningún momento programáronse cursos de habilitación tanto para PAS como para PDI, e unicamente foron enviados unha serie de titoriais a través do correo electrónico que, no momento da súa publicación, xa estaban obsoletos debido á constante modificación do sistema para a realización de diferentes xestións académicas.

Así mesmo, a implantación deste sistema de xestión académica implica a realización de procesos que non eran necesarios e que implican a modificación de normativas académicas para adaptalas ao proceso realizado na aplicación informática, tales como os procedementos e prazos para a presentación de traballos de fin de estudos, entre outros. Ademais, este sistema xenera a obrigación ao profesorado de realización de tarefas que non lles corresponden coas súas funcións de docencia e investigación.

Por último, este sistema de xestión académica tamén xera a insatisfacción do alumnado pola dificultade do propio sistema para a realización das xestións de matrícula universitaria, solicitude das liñas de TFG e TFM e a presentación final destes traballos para a súa avaliación, así como os trámites relacionados cos programas de mobilidade. Por tanto, o sistema SIGMA creou a insatisfacción dos principais grupos de interese no proceso de organización e desenvolvemento da actividade académica, sen que se ningún destes grupos poida percibir claramente as vantaxes que puidese ofrecer este sistema.

Ao comezo do curso 2023-24 a Universidade de Vigo realizou cambios no seu Persoal PTXAS. O cambio máis salientable foi o da Xefa de Asuntos Xerais da Facultade de Ciencias do Mar, Lucía González Treceño, que tivo que pasar un período de adaptación para habituarse ás funcións desenvolvidas dese no seu novo posto.

- *Descrición das modificacións na documentación do sistema de calidade: Actualización de procedementos e/ou rexistros, cambios no manual de calidade ou na política de calidade ou no plan estratéxico.*

Na Figura 1 móstrase o mapa de procesos e na Táboa 1 a listaxe de procedementos en vigor durante o curso 2023-2024:



Figura 1. Diagrama dos procedementos do SGIC

Táboa 1. Listaxe de procedementos en vigor

PROCESOS ESTRATÉXICOS

DIRECCIÓN ESTRATÉXICA (DE)
- DE-01 P1 Planificación e desenvolvemento estratéxico I04
- DE-02 P1 Seguimento e medición I04
- DE-03 P1 Revisión do sistema pola dirección I04

XESTIÓN DA CALIDADE E MELLORA CONTINUA (MC)
- MC-02 P1 Xestión de queixas, suxestións e parabéns I04
- MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05

PROCESOS CLAVE

XESTIÓN ACADÉMICA (AC)

PLANIFICACIÓN DA OFERTA ACADÉMICA E ACCESO
- AC-0104 P1 Accesos e admisión I02

XESTIÓN DO ALUMNADO
- AC-0201 P1 Matrícula I02

XESTIÓN DE TÍTULOS
- AC-0401 P1 Expedición de títulos oficiais I02

DOCENCIA (DO)

XESTIÓN DE PROGRAMAS FORMATIVOS
- DO-0101 P1 Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais I05
- DO-0102 P1 Seguimento e mellora das titulacións I04
- DO-0103 P1 Suspensión e extinción dunha titulación I04

PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA
- DO-0201 P1 Planificación e desenvolvemento da ensinanza I05
- DO-0202 P1 Promoción das titulacións I04
- DO-0203 P1 Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo I05
- DO-0204 P1 Xestión das prácticas académicas externas I04
- DO-0205 P1 Xestión da mobilidade I04

INFORMACIÓN PÚBLICA E RENDEMENTO DE CONTAS
- DO-0301 P1 Información pública e rendemento de contas I05

PROCESOS SOPORTE (XESTIÓN DOS RECURSOS)

XESTIÓN DO PERSOAL (PE)
- PE-01 P1 Xestión do PTXAS I04
- PE-02 P1 Xestión do PDI I04

XESTIÓN DOCUMENTAL (XD)
- XD-01 P1 Control dos documentos I01
- XD-02 P1 Control dos rexistros I01

XESTIÓN DA INFRAESTRUTRA (IA)
- IA01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos I03

Tras aprobarse nas correspondentes reunións da Comisión de Garantía de Calidade, aprobáronse na reunión da Xunta de Facultade do 30 de novembro de 2023 os seguintes procedementos de calidade:

- DO 0101 Ind 6 Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións.
- DO 0102 Ind 5 Seguimento e mellora das titulacións.
- PE 02 Ind 5 Xestión do PDI.
- XD 01 Control dos rexistros.
- DE 02 Seguimento e medición.

Tras a súa aprobación na Comisión de Garantía de Calidade, aprobáronse na reunión da Xunta de Facultade do 14 de febreiro de 2024 os seguintes documentos:

- R1-DE 01 Programa de desenvolvemento estratéxico.

- Política e obxectivos de calidade.

As directivas aprobadas nestes documentos aplicáronse na redacción do documento DE-03P1 Informe de revisión pola dirección correspondente ao curso 2022-23.

Celebráronse reunións da Comisión de Garantía de Calidade nas seguintes datas:

- 15 de setembro de 2023
- 27 de outubro de 2023
- 7 de novembro de 2023
- 21 de novembro de 2023
- 4 de decembro de 2023
- 5 de decembro de 2023
- 14 de decembro de 2023
- 20 de decembro de 2023
- 25 de xaneiro de 2024
- 2 de febreiro de 2024
- 12 de marzo de 2024
- 13 de maio de 2024

TITULACIÓN DE GRADUADO OU GRADUADA EN CIENCIAS DO MAR POLA UNIVERSIDADE DE VIGO

II DATOS E INDICADORES

Os datos e indicadores que se utilizarán para realizar a revisión atópanse no documento "R1 DE-02 Cadro de Mando" asociado ao procedemento *"DE-02 Seguimento e Medición",* dispoñible en formato Excel na seguinte ligazón da páxina web do centro: https://mar.uvigo.es/calidad/satisfaccion/.

Os datos que se presentan a continuación recollen os resultados do Centro e da Titulación oficial de Grao en Ciencias do Mar.

II.1. Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais (EVIDENCIA 13, INDICADORES 20, 23, 24, 26, 38, 39 e 44).

A información dispoñible sobre as enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais da Universidade de Vigo obtense do seu Portal de Transparencia (Secretaría Online Universidade de Vigo (uvigo.gal)), e abarca os seguintes grupos de interese:

- Alumnado
- Egresados
- PDI
- PTXAS
- Empregadores

Estas enquisas realízanse anualmente ao alumnado (3º curso), egresados e empregadores; e bianualmente ao PDI e PTXAS.

Desde o curso 2017-18 ata a actualidade, fóronse producindo diversas modificacións na formulación das preguntas e na definición dos indicadores de todos os cuestionarios de satisfacción coa titulación, para os distintos grupos de interese.

Ademais, a Facultade de Ciencias do Mar realiza dúas enquisas de satisfacción propias a través da plataforma Moovi:
- Enquisa sobre o Curso Cero, que a realiza o alumnado que asistiu a este Curso.
- Enquisa sobre o desenvolvemento das materias, que a realizan os alumnos matriculados en cada materia.

II.1.a. Índice de participación dos distintos grupos de interese (INDICADOR 50-1).

Na Figura 2 móstrase o histórico da participación do alumnado, egresados, PDI, PTXAS e empregadores nas enquisas de satisfacción coa Titulación de Grao desde o curso 2015-16, ano en que se obtiveron datos da primeira enquisa aos egresados. A descontinuidade nas liñas correspondentes á participación do PDI e PTXAS débese a que neses anos non se realizou a enquisa por ser de carácter bianual.

O esforzo realizado durante os últimos anos para incentivar a participación do alumnado, mediante a insistencia co envío de mensaxes de correo electrónico desde o Decanato, non consiguiu os resultados esperados. A participación do alumnado descendeu novamente ata un 7,0% (1 home e 3 mulleres). No caso dos egresados, a participación dos egresados do Plan Vello mellorou lixeiramente con respecto ao curso anterior, cunha participación dun 31,0% (4 mulleres) e a dos egresados do Plan Novo aumentou significativamente ata un 44,0% (2 homes e 5 mulleres).

No caso dos empregadores, unicamente disponse de datos de participación no histórico cursos 2020-21 e 2021-23. Neste curso 2023-24, a participación dos empregadores foi de 2 institucións das 7 ás que se enviou a enquisa, un 29,0%. No curso anterior no que se realizou esta enquisa, curso 2022-23, a participación foi tamén de 3 institucións, pero sobre un total de 5 institucións ás que se lle solicitou desde o Decanato a realización da enquisa. Isto fai que a participación fora dun 60,0%.



Figura 2. *Histórico de participación do alumnado, egresados, PDI, PTXAS e empregadores nas enquisas de satisfacción coa Titulación de Grao en Ciencias do Mar. PV = Plan Vello, PN = Plan Novo*

Durante o período de tempo no que as enquisas estaban dispoñibles, enviáronse correos electrónicos aos diferentes grupos de interese en repetidas ocasións para animalos á participación. Á vista dos resultados, estimamos que é conveniente insistir con esta medida e facer ver aos grupos de interese a importancia de que fagan a súa contribución para a mellora das titulacións da Facultade. A valoración do equipo Decanal destes resultados é de moderadamente insatisfactoria.

II.1.b. Índice de satisfacción sobre a Titulación dos distintos grupos de interese (I20).

A Figura 3 mostra o histórico de puntuacións medias obtidas nesta enquisa desde o curso 2015-16, que foi o primeiro ano que se obtiveron datos dos egresados na Titulación de Grao en Ciencias do Mar. Como ocorre na gráfica do apartado anterior, a descontinuidade nas liñas correspondentes á participación do PDI, PTXAS e empregadores débense a que neses anos non se realizou a enquisa, ou non participaron nela. Os resultados mostrados poden considerarse como relativamente satisfactorios, xa que o índice xeral de satisfacción en todos os grupos de interese superan os 3 puntos, con valores máis baixos no alumnado e nos egresados. Concretamente, estes valores son de 3,17 puntos para o alumnado (3,28 para os homes e 3,13 para as mulleres), 3,35 puntos para os egresados do Plan Novo (3,09 para os homes e 3,45 para as mulleres), e 3,30 puntos para os egresados do Plan Vello (4 mulleres).

Pola outra banda, o índice de satisfacción xeral do PDI volve a superar lixeiramente os 4 puntos por segunda vez consecutiva con 4,02 puntos (3,98 homes e 4,09 mulleres). No caso do PTXAS, o índice xeral de satisfacción é de 3,82 puntos (4,33 homes e 3,67 homes), e o índice de satisfacción dos empregadores é de 4,50 puntos. Os valores xerais de satisfacción do PDI, PTXAS e empregadores mantense similares ao longo do histórico da Titulación, malia que sería mellorable que estes valores positivos foran o resultado dunha maior participación nos grupos de interese.



Figura 3. Índices de satisfacción do alumnado, egresados, profesorado, PTXAS e empregadores coa Titulación de Grao en Ciencias do Mar. PV= Plan Vello; PN = Plan Novo.

II.1.c. Resultados da enquisa de satisfacción do alumnado (I23-1, I24-1, I26-1, I39-1 e I44-1).

Na táboa deste apartado, e nas dos seguintes apartados (II.1.d., II.1.e. e II.1.f.) correspondentes ás enquisas de satisfacción do alumnado, egresados/as, PDI e PTXAS, respectivamente, os valores obtidos nas respostas márcanse en azul escuro cando o valor é igual ou superior a 4,5 puntos; en azul claro cando a puntuación é igual ou superior aos 4,0 puntos, e inferior a 4,5; en verde escuro cando o valor é igual ou superior a 3,5 e inferior a 4,0; en verde claro cando o valor é igual ou superior a 3,0 e inferior a 3,5; en laranxa claro cando o valor é igual ou superior a 2,5 e inferior a 3,0; en laranxa escuro cando o valor atópase entre un valor igual ou superior a 2,0 e inferior a 2,5; e en vermello cando o valor é inferior a 2,0.

A Táboa 2 mostra os resultados obtidos na enquisa de satisfacción do alumnado coa Titulación. En xeral, a pesar de que a puntuación global é similar á obtida no curso anterior, obsérvase que as puntuación empeoran con respecto ao cursos anterior, sobre todo nas preguntas 6, 7, 9, e 16. Así mesmo, obsérvanse melloras notables nas puntuacións nas preguntas 4, 5 e 14.

A puntuación máis baixa, que se repite ao longo do histórico desta enquisa, é a obtida na pregunta 3 sobre os horarios da Titulación. Neste curso 2023-24 mellorou con respecto aos dos cursos anteriores. A acción de mellora implantada no curso anterior, co deseño dunha nova distribución de horarios que permite que a docencia de aula e seminarios (A e C) impártase en horario de mañá para todos os cursos da Titulación, favoreceu parcialmente a satisfacción do alumnado. Así, as clases de aula A impartíronse en horario de 9 a 12 horas e as de seminarios entre as 12 e 14 horas. A docencia de prácticas de laboratorio impartiuse pola tarde, en horario de 15 a 18 horas. Esta franxa de horario obriga a aumentar o número de sesións de prácticas de laboratorio, que anteriormente estaban concentradas nun menor número de sesións pero de maior duración, 4 ou 5 horas. Desta maneira, tamén se respondeu á demanda do alumnado de aumentar a docencia práctica. Desde a dirección da Facultade, espérase unha mellora desta puntuación a media que o alumnado se habitúe a este novo horario.

Doutra banda, todos os grupos de interese desta Facultade e Titulación son conscientes da dificultade que leva aparellado a elaboración dos horarios, onde hai que encaixar as clases de aula, prácticas e seminarios, tendo en conta os seguintes aspectos:

1.- O número de aulas para a docencia tipo A e C é suficiente pero limitado. Un aumento do número de grupos dificultaría máis a elaboración dos horarios, e non habería posibilidade de dispoñer de mais aulas.

2.- O profesorado tamén imparte docencia noutras titulacións (maioritariamente Graos e Mestrado nas Facultades de Ciencias do Mar, Química e Bioloxía). O profesorado, durante a elaboración destes horarios, actúa de maneira responsable e asegúrase que non teña solapamentos de horarios doutras materias cando está a impartir a súa docencia. Se se impuxese desde a Dirección do Centro un horario que o profesorado tivese que cumprir de maneira obrigada, os POD de moitas Áreas de Coñecemento serían practicamente imposibles de elaborar.
3.- O número de laboratorios docentes é limitado e tamén son utilizados para as prácticas doutras materias, tanto desta como doutras titulacións, polo que hai que adaptar os horarios para asegurar a súa dispoñibilidade. O problema non é só cuestión de espazo físico, senón tamén de que estean adecuadamente equipados, o cal é difícil de conseguir dado que o orzamento das Áreas de Coñecemento para material de prácticas é, cada vez, máis reducido.

Neste bloque 1, sobre a organización e desenvolvemento da docencia, outra pregunta que non obtivo unha boa puntuación foi a número 6 sobre "A orientación académica recibida no plan de acción titorial". O nomeamento dun novo Coordinador do PAT e as accións de mellora "Revisión do programa PAT para que nos primeiros cursos da Titulación teña unha orientación máis académica e nos últimos cursos unha orientación laboral" e "Campañas de promoción, visibilización e dinamización do PAT" espérase que poidan servir para mellorar esta puntuación.

Outra das preguntas onde se obtivo baixa puntuación en cursos anteriores foi na número 4, sobre "O calendario de probas de avaliación", pero neste curso obtívose unha puntuación de 3,0 puntos. Desde o curso 2018-19 o calendario de exames é elaborado polos representantes do alumnado e que conta con visto e prace da Dirección do Centro. Ademais, volveuse a implantar o "calendario de entregables", que se elabora ao mesmo tempo que os horarios da Titulación, donde o profesorado establece as datas límite de entregas de traballos ou outras actividades realizadas ao longo do curso. Con estas accións, non debería haber problema para o alumnado e a puntuación debería ser máis alta. Desde a Dirección do Centro, supoñemos que o alumnado que realiza a enquisa en 3º curso pode estar matriculado de materias de outros cursos, de forma que le solapen uns calendarios, de exames, entregas ou actividades, con outros.

No bloque 2 de preguntas, relativas a "Información e transparencia", e que sempre foi unha dimensión ben valorada polo alumnado, obtivéronse baixas puntuacións nas preguntas 7 "A facilidade para atopar contidos na páxina web" e 9 " A utilidade da información sobre a Titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...)". Espérase que a acción de mellora "Plan de ampliación dos contidos de información da páxina web" tras o informe final de Acreditación do Grao, así como as revisións feitas á información pública, que quedan reflectidas no documento "R1 DO-0301 - Verificación/Chequeo de Información Pública", podan mellorar a satisfacción do alumnado nesta dimensión.

Durante os últimos cursos, obtense unha baixa puntuación nas preguntas do bloque 3, sobre o sistema de garantía de calidade, xusto cando cambiaron os enunciados das preguntas deste bloque. Parece que o alumnado espera unha inmediatez nalgunhas accións que requiren o seu tempo de desenvolvemento ou tamén, por outra banda, as respostas as queixas o suxestións presentadas non son todo o satisfactorias que esperaba o alumnado. Con todo, a Dirección do Centro sempre tenta manter unha comunicación fluída coa delegación de alumnos da Facultade para solucionar os problemas que poidan xurdir durante o desenvolvemento da docencia, así como na organización de diversos eventos.

No informe do curso anterior, 2022-23, destacábamos o satisfactorio que foi para a Dirección do Centro a mellora da puntuación na cuestión 16, sobre "As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia", argumentando que o profesorado está aproveitando todas as

posibilidades que ofrece a plataforma de teledocencia *Moodle* para a mellora no desenvolvemento das actividades e os recursos ofertados ao alumnado. Neste curso, vólvese a obter una puntuación moi baixa e descoñecemos a causa desta baixa puntuación, que podería atribuírse á nova aplicación de xestión académica SIGMA, que xera moitas dificultades para todos os grupos de interese da Facultade: alumnado, PTXAS e PDI, tal e como se describe no apartado I.1.

A Figura 4 mostra a evolución das puntuacións medias por bloques nos últimos 6 cursos académicos. Obsérvase que as puntuacións en todos os bloques non teñen una evolución clara e as puntuacións máis baixas obsérvanse nos bloques 1, organización e desenvolvemento; 2, información e transparencia; e 3, sistema de garantía de calidade. No caso do bloque 3, produciuse un cambio das puntuacións coincidindo con o cambio das preguntas da enquisa sobre este aspecto, e que se mencionan anteriormente.



Figura 4. Evolución das puntuacións medias por bloques na enquisa de satisfacción do alumnado coa Titulación.

As respostas ás preguntas abertas poden resumirse da seguinte maneira:

Con respecto á pregunta **"En xeral que é o que máis valoras da Titulación?"**, destacan a modificación dos horarios para poder ter máis sesións de prácticas e a multidisciplinaridade.

Na pregunta **"Que melloras poderíanse incorporar á Titulación?"**, as dúas respostas (en castelán) foron as seguintes:

1. "Los horarios dejan mucho que desear. Mientras que en otras titulaciones solo tienen horario de mañana o de tarde nosotros tenemos todo el día. Podría intercalarse una semana de prácticas con una de teóricas, y los seminarios buscar huecos. Además, la manera en la que están estructurados los dos últimos cursos con respecto a otras universidades españolas dificultan mucho el irse de SICUE un cuatrimestre.
Por otro lado, la actitud de bastantes profesores es detestable, te hacen sentir tonto cuando haces una pregunta (por lo que acabas sin preguntar nada, con un montón de dudas y miedo), y transmiten el deseo de querer ser lo más estrictos y duros con los alumnos, lo que les acaba haciendo ruines a nuestros ojos, y que no queramos saber nada de ellos por lo que la gente deja

de ir a clase, y cuando necesitan ayuda van a los propios alumnos, en vez de ir al profesorado. Quiero recalcar que no todos los profesores son así ni muchísimo menos, si no, no habría ningún graduado de la carrera. Hay profesores que te transmiten verdadera pasión por lo que están explicándote y consiguen hacer que te pique la curiosidad incluso por asignaturas aparentemente muy aburridas."

2. Mejoras en la cantidad de prácticas (menos horas de teoría si van a ser tantas prácticas), mejor repartición de los horarios, que se pueda cambiar de seminarios con facilidad (algún profesorado no lo permite), que las salidas de campo sean optativas (y que si hay que entregar un informe o alguna hoja para cubrir se haga allí en el propio día y no sea para trabajo de casa).

Na pregunta **"Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres"**, non hai respostas.

Táboa 2. Resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa Titulación

Enquisa de satisfacción do alumnado coas titulación de Grao en Ciencias do Mar																
Poboación:	Estudantado que cursa por primeira vez 3º curso dun grao															
Escala:	De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)															
Curso académico							2023-24			2022-23			2021-22			
							H	M	Promedio	H	M	Promedio	H	M	Promedio	
						Participación	1	3	7%	0	5	11,0%	3	11	20,0%	
Dimensións		Bloques		Cuestións		Respostas	**3,28**	**3,13**	**3,17**		3,20	3,20	2,89	2,81	2,83	
1	Xestión da titulación	1	Organización e desenvolvemento	1	A distribución e orde das materias no plan de estudos	De 1 a 5	4,00	3,00	**3,25**	-	3,40	3,40	2,67	2,27	2,36	
				2	A coordinación entre as materias do plan de estudos	De 1 a 5	3,00	3,00	**3,00**		3,20	3,20	2,36	2,36	2,36	
				3	Os horarios da titulación	De 1 a 5	2,00	2,00	**2,00**		1,00	1,00	1,00	1,27	1,21	
				4	O calendario das probas de avaliación	De 1 a 5	3,00	3,00	**3,00**		2,40	2,40	3,00	2,80	2,85	
				5	A utilidade das prácticas da titulación	De 1 a 5	2,00	4,33	**3,75**		2,80	2,80	2,33	3,40	3,15	
				6	A orientación académica recibida no plan de acción titorial	De 1 a 5	3,00	2,33	**2,50**		3,00	3,00	3,00	2,80	2,85	
		2	Información e transparencia	7	A facilidade para atopar contidos na páxina web	De 1 a 5	3,00	2,67	**2,75**		3,40	3,40	4,00	3,27	3,43	
				8	A utilidade da páxina web da titulación	De 1 a 5	4,00	3,67	**3,75**		3,80	3,80	3,67	3,27	3,36	
				9	A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...)	De 1 a 5	3,00	2,00	**2,33**		3,60	3,60	2,50	3,18	3,08	
		3	Sistema de garantía de calidade	10	A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (respostas, resolucións e posta en marcha de accións)	De 1 a 5	4,00	1,67	**2,25**		2,00	2,00	1,67	2,18	2,07	
				11	A implicación da Facultade/Escola na resolución de problemas e na mellora da titulación	De 1 a 5	3,00	2,33	**2,50**		2,60	2,60	2,00	2,09	2,07	
2	Recursos	4	Recursos humanos	12	A atención do persoal de administración e servizos do centro	De 1 a 5	4,00	3,67	**3,75**		4,00	4,00	3,67	3,36	3,43	
		5	Recursos materiais e servizos	13	As aulas e o seu equipamento	De 1 a 5	3,00	3,67	**3,50**		3,40	3,40	3,33	2,73	2,86	
				14	Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento	De 1 a 5	4,00	4,33	**4,25**		3,40	3,40	3,67	2,91	3,07	
				15	Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento)	De 1 a 5	5,00	4,33	**4,50**		4,40	4,40	4,67	3,80	4,00	
				16	As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia	De 1 a 5	3,00	2,33	**2,50**		4,33	4,33	3,00	3,09	3,07	
3	Resultados	6	Resultados de aprendizaxe	17	A formación adquirida	De 1 a 5	3,00	3,67	**3,50**		3,60	3,60	3,00	3,09	3,07	
				18	O cumprimento das túas expectativas formativas	De 1 a 5	3,00	4,00	**3,75**		3,60	3,60	2,33	2,82	2,71	
							Si	Non		Si	Non					
En xeral, a calidade da titulación				19	En xeral, estou satisfeito coa titulación	Si / Non	0,0%	100,0%		60,0%	40,0%		0,50			
				20	En xeral, que é o que máis valoras da titulación?	Resposta aberta										
				21	Segundo a súa opinión, que melloras considera que se deberían incorporar á titulación	Resposta aberta										
				23	Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres	Resposta aberta										

II.1.d. Resultados da enquisa de satisfacción dos egresados (I20-3, I23-3, I25-2, I26-2, I38 e I39-1).

Na Táboa 3 móstranse os resultados das enquisas realizadas aos/as egresados/as nos tres últimos cursos académicos, incluíndo egresados dos plans vello e novo. Non se observa una evolución clara das puntuacións obtidas nos distintos ítems ao longo dos tres últimos cursos académicos, e é rechamante as diferencias entre os resultados das enquisas dos egresados do plan novo e do plan vello. No seu conxunto, a valoración da Titulación polos egresados é considerada pola Dirección do Centro como algo satisfactoria. Contrariamente ao curso anterior, a porcentaxe de egresados/as que recomendarían a Titulación a outra persoa está en torno ao 50%, polo que non manifestan unha visión moi positiva desta Titulación, unha vez que a finalizaron.

Para este curso 2023-24, entre ambos plans de estudos, novo e vello, obtense puntuacións similares e positivas nas cuestións 6, 8, 12 e 13, así como nas cuestións 19, 20 e 21 sobre as Prácticas Externas. Pola outra banda, obtense puntuacións similares, pero negativas nas cuestións 4 e 5 sobre as orientacións académica e profesional. Tal e como se mencionou no apartado anterior, o nombramento dun novo Coordinador do PAT e as accións de mellora "Revisión do programa PAT para que nos primeiros cursos da Titulación teña unha orientación máis académica e nos últimos cursos unha orientación laboral" e "Campañas de promoción, visibilización e dinamización do PAT" podan servir para mellorar a puntuación sobre a orientación académica. A pesar de que na Facultade están en marcha os programas do PAT, espérase que estas accións de mellora sirva para aumentar o uso que fan deste recurso, que actualmente é moi limitado, polo que se fará un esforzo por convencelos do seu interese.

Así mesto, as accións de mellora "O profesorado das materias de carácter profesional, así como nalgunhas de coñecementos e técnicas transversais, destacará as aplicacións ao mundo laboral que teñen os coñecementos científico-técnicos incluídos nos contidos das materias que imparten" e "Accións para a orientación profesional do alumnado. Xornadas sobre saídas profesionais", espérase que sirvan para mellorar a puntuación da cuestión sobre a orientación laboral. Neste último aspecto, desde o curso 2020-21, está a organizarse na Facultade unhas xornadas sobre saídas profesionais, nas que se convida ao alumnado egresado da Facultade de Ciencias do Mar e que desempeña as súas actividades profesionais en empresas relacionadas ou non co sector mariño e/ou científico técnico. Preténdese que os/as egresados/as poidan achegar ideas ao alumnado para comezar a procura de emprego, así como pór de manifesto o amplo abanico de ámbitos laborais á que poden acceder os Titulados en Ciencias do Mar. Hai que destacar, por outra banda, que a participación do alumnado nestas xornadas foi moi baixa, aínda que é o propio alumnado quen busca as datas máis compatibles co seu horario académico para a realización destas xornadas. Ademais, organizáronse sesións sobre a procura de emprego, redacción do curriculum vitae, redacción dunha carta de presentación ou preparación dunha entrevista de traballo, impartidas pola Área de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo, cunha asistencia máxima de 19 estudantes, e outras ás que non houbo asistencia.

Un dato destas enquisas, que sorprende a Dirección do Centro, é a baixa puntuación, aínda que positiva, obtida na pregunta 12 sobre "A axuda recibida do persoal de administración es servizos do centro", que é moi inferior ás puntuacións obtidas nos cursos anteriores. Non podemos atopar una explicación a esta baixa puntuación, sabendo a boa atención que o PAS dedica ao alumnado en todos os servizos.

As puntuacións obtidas nas cuestións relativas ao Bloque 3 "Sistema de garantía de calidade" son moi contraditorias, xa que as puntuacións obtidas varían segundo os egresados proveñan do plan novo o vello. Tanto a Dirección do Centro como os profesorado da Titulación tenden a manter unha comunicación fluída e constante co alumnado e os seus representantes, así como fomentar

a súa participación en todas as comisións colexiadas e delegadas do Centro nas que teñen representación.

A máis destacable é as puntuacións da pregunta 1 sobre "A distribución de materias do plan de estudos" con puntuacións de 4,00 no Plan Novo e 2,43 no Plan Vello. Esas mesmas diferencias obsérvanse nas puntuación correspondentes ao bloque 6 sobre os "Resultados de aprendizaxe", con moi boas puntuacións das egresadas do Plan Novo, e menores puntuacións outorgadas polos/as egresados/as do Plan Vello.

En canto ás puntuacións desagregadas por sexo, obsérvanse diferencias nas puntuación de homes e mulleres nas preguntas 4, 5, 10, 11, 12, 13 e15 pero sen que se vexa una tendencia dun sexo ou otro a valorar más positivamente ou negativamente as cuestións.

As respostas ás preguntas abertas poden resumirse da seguinte maneira:

Con respecto á pregunta **"En xeral, que é o que máis valora da Titulación?"**, o que máis destacan é a multidisciplinaridade, e as prácticas de campo e saídas de barco.

Na pregunta **"Que melloras poderíanse incorporar á Titulación?"**, propóñense varias cousas, donde as máis salientables son as seguintes: 1. dimensionar os contidos e traballos nalgunas materias (non se especifican cales delas) e redistribuír mellor o horario ao longo do cuadrimestre; 2. maior orientación laboral.

Na pregunta **"Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres"**, as dúas respostas obtidas vuelven a incidir na distribución dos horarios e materias e a orientación laboral.

Táboa 3. Resultados dá enquisa de satisfacción coa Titulación dos egresados.

Enquisa de satisfacción das persoas tituladas coas titulacións curso 2023-2024																							
Poboación:					**Persoas que rematoron os seus estudos de grao en 2022-2023**								Curso 2021-22						Curso 2020-21		
							Plan Novo			Plan Vello			Plan Novo			Plan Vello			2020-2021		
Escala:					De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)		H	M	Total	H	M	Total	H	M	Total	H	M	Total	H	M	Total
						Satisfacción	**3,09**	**3,45**	**3,35**	-	**3,30**	**3,30**	-	3,36	3,36	3,33	3,15	3,20	3,40	3,83	3,68
						Participación	2	5	44%	0	4	31%	0	2	27%	2	5	28%	1	2	8%
Dimensións		**Bloques**			**Cuestións**																
					Cuestionarios curso 2019-20 e 2020-21	**Respostas**	H	M	Total	H	M	Total	H	M	Total	H	M	Total	H	M	Total
1	Xestión da titulación	1	Organización e desenvolvemento	1	A distribución das materias do plan de estudos	De 1 a 5	3,00	2,80	**2,86**	-	3,00	**3,00**	-	4,00	4,00	3,00	2,20	2,43	5,00	3,00	3,67
				2	O grao de actualización dos contidos do plan de estudos	De 1 a 5	4,00	3,60	**3,71**	-	3,00	**3,00**	-	3,50	3,50	2,50	3,20	3,00	4,00	4,00	4,00
				3	As metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino	De 1 a 5	3,00	3,00	**3,00**	-	3,67	**3,67**	-	2,50	2,50	2,50	2,60	2,57	3,00	4,00	3,67
				4	A orientación académica recibida	De 1 a 5	2,00	2,80	**2,57**	-	2,75	**2,75**	-	2,00	2,00	2,00	2,60	2,43	1,00	3,50	2,67
				5	A orientación profesional e laboral recibida	De 1 a 5	1,50	3,40	**2,86**	-	1,50	**1,50**	-	2,00	2,00	1,50	1,80	1,71	1,00	2,50	2,00
				6	Os programas de mobilidade, de ser o caso	De 1 a 5	----	3,67	**3,67**	-	3,50	**3,50**	-	3,00	3,00	5,00	2,75	3,20	3,00	5,00	4,00
		2	Información e transparencia	7	A facilidade para atopar contidos na páxina web	De 1 a 5	4,00	3,60	**3,71**	-	3,25	**3,25**	-	4,00	4,00	3,00	3,40	3,29	2,00	4,50	3,67
				8	A utilidade da páxina web da titulación	De 1 a 5	4,00	3,80	**3,86**	-	4,00	**4,00**	-	2,50	2,50	2,50	3,20	3,00	3,00	4,50	4,00
		3	Sistema de garantía de calidade	9	A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (resposta, resolución e posta en marcha de accións)	De 1 a 5	2,50	2,50	**2,50**	-	3,00	**3,00**	-	1,00	1,00	3,50	2,40	2,71	3,00	4,00	3,67
				10	A implicación do Centro na resolución de problemas e na mellora da titulación	De 1 a 5	2,00	2,50	**2,33**	-	3,00	**3,00**	-	4,00	4,00	4,50	2,40	3,00	4,00	3,50	3,67
2	Recursos	4	Recursos humanos	11	O desempeño do profesorado	De 1 a 5	3,00	3,80	**3,57**	-	3,25	**3,25**	-	3,50	3,50	3,50	3,60	3,57	4,00	4,00	4,00
				12	A axuda recibida do persoal de administración e servizos do centro	De 1 a 5	3,50	3,00	**3,14**	-	3,00	**3,00**	-	4,00	4,00	4,00	4,20	4,14	4,00	3,50	3,67
		5	Recursos materiais e servizos	13	As aulas e laboratorios	De 1 a 5	3,00	3,60	**3,43**	-	3,50	**3,50**	-	4,00	4,00	4,00	3,80	3,86	5,00	4,00	4,33
				14	Espazos para o traballo autónomo (biblioteca., aulas TIC....)	De 1 a 5	4,00	4,00	**4,00**	-	3,50	**3,50**	-	4,50	4,50	3,50	4,40	4,14	5,00	4,00	4,33
				15	As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia	De 1 a 5	3,50	2,80	**3,00**	-	3,50	**3,50**	-	4,00	4,00	4,00	3,50	3,67	3,00	4,00	3,67
3	Resultados	6	Resultados de aprendizaxe	16	A formación adquirida	De 1 a 5	3,50	3,60	**3,57**	-	2,75	**2,75**	-	4,50	4,50	4	3,20	3,43	4,00	4,00	4,00
				17	A utilidade da formación recibida para a carreira profesional	De 1 a 5	3,00	2,80	**2,86**	-	3,50	**3,50**	-	4,00	4,00	3,50	3,20	3,29	3,00	4,00	3,67
4	Prácticas e experiencia	7	Prácticas externas	18	Realizou algunha práctica externa	Si / Non	SI	NON	NS/NC	SI	NON	NS/NC	SI	NON	NS/NC	SI	NON	NS/NC	SI	NON	NS/NC
							4,00	**3,00**	**0,00**	**2,00**	**2,00**	**0,00**	0,0%	50,0%	50,0%	57,0%	43,0%	0,0%	66,7%	33,3%	0,0%
				19	Formación adquirida na práctica	De 1 a 5	----	4,75	**4,75**	-	5,00	**5,00**	-	-	-	4,00	3,33	3,50	3,00	4,00	3,50
				20	Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación	De 1 a 5	----	4,75	**4,75**	-	5,00	**5,00**	-	-	-	4,00	3,67	3,75	3,00	3,00	3,00
				21	Duración das prácticas	De 1 a 5	----	4,50	**4,50**	-	5,00	**5,00**	-	-	-	4,00	4,33	4,25	5,00	4,00	4,50
		8	Situación actual	22	Indique cales destas opcións reflicten a súa situación laboral ou académica na actualidade:	Elixir unha opción	a) Estudante		**43%**	a) Estudante		**50%**	a) Estudante		100%	a) Estudante		67%	a) Estudante		25%
							b) Opositor		**0%**	b) Opositor		**0%**	b) Opositor		0%	b) Opositor		0%	b) Opositor		0%
							c) Empregado/a por conta propia		**0%**	c) Empregado/a por conta propia		**0%**	c) Empregado/a por conta propia		0%	c) Empregado/a por conta propia		0%	c) Empregado/a por conta propia		0%
							d) Empregado/a por conta allea		**57%**	d) Empregado/a por conta allea		**0%**	d) Empregado/a por conta allea		0%	d) Empregado/a por conta allea		33%	d) Empregado/a por conta allea		50%
							e) En busca de emprego		**0%**	e) En busca de emprego		**50%**	e) En busca de emprego		0%	e) En busca de emprego		0%	e) En busca de emprego		25%
							f) Outros		**0%**	f) Outros		**0%**	f) Outros		0%	f) Outros		0%	f) Outros		0%
Preguntas abertas				23	Recomendaría esta titulación a outras persoas?	Si / Non	SI	NON	NS/NC	SI	NON	NS/NC	SI	NON	NS/NC	SI	NON	NS/NC	SI	NON	NS/NC
							43%	**57%**	**0%**	**50%**	**50%**	**0%**	100%	0%	0%	71%	0%	29%	100%	0%	0%
				24	En xeral, que é o que máis valora da titulación?	Resposta aberta															
				25	Que melloras se poderían incorporar á titulación?	Resposta aberta															
				26	Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres	Resposta aberta															

II.1.e. Resultados da enquisa de satisfacción do PDI (I20-2, I23-2, I24-3 e I26-3, curso 2022-23).

Así mesmo, os enunciados das cuestións marcados en gris indican que estes cambiaron con respecto a enquisas de cursos anteriores pero que os resultados obtidos neses ítems poden ser comparables e son interesantes de destacar.

As preguntas desta enquisa cambian drasticamente no curso 2020-2021 con respecto ás realizadas nos cursos anteriores 2018-2019 e 2016-2017. Neste curso son as mesmas que se lle fan ao alumnado de Grao, fóra de dúas novas preguntas, a 12 e a 13, "A atención do persoal de administración e servizos do centro" e "A oferta de formación permanente da Universidade de Vigo para o profesorado", respectivamente. Moitas das preguntas da enquisa anterior foron modificadas, pero teñen certa relación coas preguntas da actual enquisa, tal como se mostra na Táboa 4 naquelas preguntas marcadas en gris. Doutra banda, desaparecen as seguintes preguntas formuladas enquisas anteriores:

2	As competencias do Plan de estudos.
8	O desenvolvemento dos ensinos da Titulación.
10	A calidade da docencia na Titulación.
11	A coherencia dos criterios de asignación da docencia coa capacitación do persoal.
15	A dispoñibilidade dos fondos bibliográficos recomendados na Titulación.
20	A orientación profesional e laboral ao estudantado da Titulación.
22	A información dispoñible en relación coa calidade.
25	Os obxectivos de calidade.

Desde a Dirección do Centro, bótase en falta a pregunta 20 sobre "A orientación profesional e laboral ao estudantado da Titulación" xa que, xunto coa pregunta 5 da enquisa de satisfacción dos/as titulados/as, fai alusión a unha demanda habitual dos alumnos. As súas valoracións anteriores serviron para implantar unha acción de mellora que implicou a organización das xornadas e actividades orientadas a saídas profesionais e procura de emprego, ademais das accións de mellora así como as novas accións "Orientación das habilidades das materias para enfocalas hacia o mundo laboral", "Fomento da formación en estatística, normativas de entorno laboral e xestión de proxectos naquelas materias onde se adquiran o se podan adquirir habilidades nestes aspectos", e "Revisión do programa PAT para que en nos primeiros cursos da Titulación teña unha orientación máis académica e nos últimos cursos unha orientación laboral".

Na Táboa 4 móstranse os resultados dos tres últimos cursos académicos nos que se realizou a enquisa. Como se pode observar, as puntuacións melloraron na práctica totalidade dos bloques e nas preguntas realizadas, polo que podemos considerar que o PDI está moi satisfeito coa Titulación.

Nesta táboa incluíronse as preguntas 23 e 24 da antiga enquisa para comparalas coa pregunta 11 da actual "As canles de participación na mellora da Titulación (caixa de correos de queixas, suxestións e felicitacións, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da Titulación...)", que agrupa as dúas anteriores, observándose igualmente que as puntuacións melloraron con respecto aos anos anteriores.

As preguntas con as puntuacións máis baixas nesta enquisa son as seguintes:

Pregunta 2, "A coordinación entre as materias do plan de estudos", 3,69 puntos. O profesorado é consciente de que hai que mellorar as tarefas de coordinación e manterase a acción de mellora "Recompilar a información desde a Coordinación do Grao e la Coordinación dos Cursos para

avaliar a situación e tomar as medidas que se consideren oportunas para mellorar a coordinación entre materias".

Pregunta 3, "Os horarios da Titulación", 3,63 puntos. O PDI está concienciado de que os horarios da Titulación poden ser mellorables e, xunto coa baixa puntuación na enquisa de satisfacción do alumnado, neste curso 2022-23 implantouse, como acción de mellora, o deseño dunha nova distribución de horarios. que permita que a docencia de aula e seminarios (A e C), impártase en horario de mañá para todos os cursos da Titulación. Así, as clases de aula A impartiranse en horario de 9 a 12 horas e as de seminarios entre as 12 e 14 horas. A docencia de prácticas de laboratorio vaise impartir pola tarde, en horario de 15 a 18 horas. Esta franxa de horario vai obrigar a aumentar o número de sesións de prácticas de laboratorio, que anteriormente estaban concentradas nun menor número de sesións, pero de maior duración, 4 ou 5 horas. Desta maneira, tamén se responde á demanda do alumnado de aumentar a docencia práctica.

Preguntas 13, "A oferta de formación permanente da Universidade de Vigo para o profesorado", 3,67 puntos. A puntuación nesta pregunta supera o aprobado e mellora a puntuación da enquisa anterior, no curso 2020-21. Despois dos cambios producidos nos cursos anteriores con motivo da pandemia da Covid-19, o profesorado mellorou no manexo das ferramentas das "aulas integra" e a plataforma de teledocencia *Moovi*. A aprendizaxe no manexo destas ferramentas foi unha necesidade moi importante nos anteriores cursos e, agora, na actualidade, a necesidade de cursos de formación é menor.

A menor puntuación desta enquisa obtívose na pregunta 19 sobre "A capacidade do estudantado para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas", con 3,49 puntos. Sobre esta pregunta, o profesorado debe facer fincapé na aplicabilidade dos contidos das materias, con obxecto de que o alumnado adquira consciencia das destrezas e habilidades que poden aplicar co coñecemento adquirido.

As respostas abertas poden resumirse da seguinte maneira.

Con respecto á pregunta **"En xeral, que é o que máis valora da Titulación?"**, os aspectos máis valorados son a organización académica, a multidisciplinaridade da titulación, bo ambiente de traballo, con cercanía entre o PDI, PAS e alumando, e os medios técnicos para a impartición da docencia.

Na pregunta **"Que melloras poderíanse incorporar á Titulación?"**, os temas que menciona o profesorado nesta pregunta son moi diversos. Un destes temas, que consideramos moi importante, é sobre a coordinación do profesorado nas materias que imparte e a integración dos seus contidos, a este respecto o equipo Decanal implantou diversas accións de mellora onde se propoñe mellorar a comunicación entre os/as docentes, tal e como propoñe o profesorado. Outros temas mencionados son ampliar a electrificación das aulas para que o alumnado poda traballar cos seus ordenadores, aumentar o número de prácticas e saídas de campo, organización de horarios. Outro temas fora no noso alcance é o reparto desigual de profesorado nos Departamentos, habendo PDI dalgunhas Áreas de Coñecemento con una carga docente moi superior ás de outras Áreas.

Na pregunta **"Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres"**, soamente hai un comentario insistindo na coordinación entre o profesorado co obxecto de non repetir contidos.

Táboa 4. Resultados da enquisa de satisfacción do PDI coa Titulación.

Enquisa de Satisfacción do Profesorado coas Titulacións Oficiais curso 2022-23							Participación	Poboación	Porcentaxe	Curso 2020-21							Curso 2018-19			Curso 2016-17		
Poboación:	Profesorado que imparte docencia en graos e mestrados segundo o POD									Enquisados (H/M)	Total	Porcentaxe	Enquisados (H/M)	Total	Porcentaxe		H	M	T	H	M	T
Escala:	De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)						39	97	**40,00%**	32 19/13	61	52,46%	41 25/16	68	60,29%		41,67%	37,21%	39,56%	73,33%	52,94%	64,56%
										plan novo			plan vello									
Indique, por favor, se vostede está satisfeito/a con:							H	M	T	H	M	T	H	M	T		H	M	T	H	M	T
Dimensións		Bloques			Cuestións		3,98	4,09	**4,02**	4,16	3,87	4,05	4,08	3,96	4,03		3,85	3,93	3,89	3,72	4,02	3,82
1	Xestión da titulación	1	Organización e desenvolvemento	1	A estruturación ou organización temporal das materias do plan de estudos		3,91	4,29	**4,05**	4,11	4,17	4,13	4,08	4,27	4,15	4	A organización temporal das materias do plan de estudos	3,90	3,92	3,91	3,58	3,72	3,65
				2	A coordinación entre as materias do plan de estudos		3,64	3,77	**3,69**	4,26	3,27	3,90	4,04	3,53	3,85	9	A coordinación entre as materias do plan de estudos	3,50	3,50	3,50	3,19	3,56	3,38
				3	Os horarios da titulación		3,46	3,93	**3,63**	3,89	3,83	3,87	3,84	3,73	3,80	5	Os horarios da titulación	3,55	3,73	3,63	3,64	3,82	3,73
				4	O calendario das probas de avaliación		4,00	4,07	**4,03**	4,42	4,18	4,33	4,32	4,07	4,23	6	O calendario das probas de avaliación	4,16	4,25	4,19	3,76	4,28	4,02
				5	As prácticas realizadas nas materias da titulación		4,04	4,23	**4,11**	4,00	4,00	4,00	3,82	4,13	3,95	7	A proporción entre as clases teóricas e as prácticas na titulación	3,75	4,00	3,86	3,70	4,12	3,91
				6	A orientación académica programada no plan de acción titorial		3,80	4,27	**3,97**	4,06	3,33	3,80	3,91	3,75	3,85	19	As accións de orientación ao estudantado da titulación	3,50	3,90	3,63	3,60	3,87	3,73
		2	Información e transparencia	7	A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web		4,41	4,29	**4,36**	4,41	4,33	4,38	4,40	4,27	4,35	3	A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios…)	3,95	4,00	3,97	4,03	4,11	4,07
				8	A utilidade da información sobre a titulación publicada na web		4,36	4,15	**4,29**	4,41	4,33	4,38	4,46	4,27	4,38	1	A información dispoñible sobre as competencias do plan de estudos	4,00	4,43	4,18	3,97	4,18	4,07
				9	A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais…)		4,09	3,92	**4,03**	4,31	4,18	4,26	4,09	4,00	4,05	1	A información dispoñible sobre as competencias do plan de estudos	4,00	4,43	4,18	3,97	4,18	4,07
				10	A información sobre as actividades de extensión universitaria (actividades culturais, deportivas, sociais…)		3,95	3,75	**3,87**	4,07	3,89	4,00	3,76	3,69	3,74	21	A difusión das actividades extracurriculares entre o estudantado (información das actividades culturais, deportivas, sociais…)	3,44	3,42	3,43	3,68	4,07	3,87
		3	Sistema de garantía de calidade	11	As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación…)		4,18	3,82	**4,06**	4,44	3,55	4,10	4,25	3,79	4,08	23	As canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns	3,71	4,00	3,83	3,70	4,38	4,04
																24	As vías de participación na mellora da calidade da titulación	3,53	3,75	3,62	3,59	4,13	3,86
2	Recursos	4	Recursos humanos	12	A atención do persoal de administración e servizos do centro		4,22	4,50	**4,32**	4,47	4,00	4,31	4,20	4,19	4,20								
				13	A oferta de formación permanente da Universidade de Vigo para o profesorado		3,53	3,86	**3,67**	3,39	2,92	3,20	3,52	3,43	3,49								
		5	Recursos materiais e servizos	14	As aulas e o seu equipamento		3,96	4,21	**4,05**	4,42	4,27	4,37	4,28	4,40	4,33	12	As aulas e o seu equipamento	4,10	4,13	4,11	3,91	4,17	4,04
				15	Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento		3,96	4,08	**4,00**	4,16	3,91	4,07	4,04	3,79	3,95	13	Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento	4,06	3,67	3,88	3,84	3,78	3,81
				16	Os espazos auxiliares (biblioteca…) e o seu equipamento		4,52	4,36	**4,46**	4,44	4,08	4,30	4,40	4,07	4,28	14	Os espazos destinados ao traballo autónomo do estudantado (salas de estudos, aulas de informática…)	3,74	4,08	3,87	3,63	3,94	3,79
				17	As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia		4,42	4,43	**4,42**	4,44	4,18	4,34	4,52	4,25	4,41	16	As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia	4,20	4,43	4,29	4,09	4,50	4,30
3	Resultados	6	Resultados de aprendizaxe	18	A formación adquirida polo estudantado (coñecementos e contidos)		3,75	4,00	**3,84**	3,84	3,64	3,77	3,84	3,81	3,83	17	As competencias adquiridas polo estudantado	3,95	3,64	3,82	3,63	3,83	3,73
				19	A capacidade do estudantado para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas		3,30	3,79	**3,49**	3,50	3,36	3,45	3,57	3,63	3,59	18	A adecuación das competencias do título co desenvolvemento profesional do estudantado	4,05	4,00	4,03	3,70	3,78	3,74
	Xerais			20	En xeral, estou satisfeito coa titulación		SI	NON		94,12	100,00	96,43	86,96	87,50	87,18								
							89%	**11%**															
				21	En xeral, que é o que máis valoras da titulación?																		
				22	Que melloras se poderían incorporar á titulación?																		
				23	Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres																		

II.1.f. Resultados da enquisa de satisfacción do PAS (I20-4, I24-2 e I26-4, curso 2022-23).

Os resultados desta enquisa móstranse na Táboa 5 e pódense considerar en xeral de satisfactorios. A puntuación na maioría das cuestións supera os 3,5 puntos e a mellor valorada é a pregunta 1 sobre "A información dispoñible para o alumnado", con 4,50 puntos.

Soamente tres preguntas obteñen unha puntuación inferior a 3,5 puntos e dous delas son "A comunicación cos/as responsables académicos/as do centro, departamentos e titulacións" e "A comunicación co profesorado", ambas preguntas con unha cualificación de 3,40 puntos. Desde a dirección do centro farase un chamamento á sensibilización do PDI para facilitar una boa comunicación co persoal PAS durante a realización de tarefas administrativas.

A pregunta coa peor puntuación é a número 9 sobre "A dotación do PAS adscrito", con 2,80 puntos. Sobre esta baixa puntuación o equipo Decanal é consciente das demandas da Administradora do Centro sobre a falta de persoal nesta Facultade, así como nas outras que están dentro do Edificio de Ciencias Experimentais. Sobre este aspecto está implantada a acción de mellora "Apoio decidido á Administradora de Centro nas súas peticións de aumento de PAS", no que se presentará na Xerencia da Universidade as demandas de persoal elaboradas pola Administradora do Centro.

Táboa 5. Resultados da enquisa de satisfacción do PAS coa Titulación.

Enquisa de satisfacción do PAS coas titulacións curso 2022-2023												
Poboación:	Persoal de Administración e Servizos en activo nos centros con relación coa titulación de Grao en Ciencias do Mar											
Escala:	De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)									Curso 2020-21		
							H	M	Total	H	M	Total
						Satisfacción	4,33	3,67	**3,82**	-	3,62	3,62
Indique, por favor, se vostede está satisfeito/a con:						Participación	25%	20%	**21%**	0%	8%	7%
Dimensións		Bloques		Cuestións		Respostas						
1	Xestión da titulación	1	Información xeral sobre o centro e as súas titulacións	1	A información dispoñible para o alumnado	De 1 a 5	5,00	4,33	**4,50**	----	4,00	4,00
				2	A información recibida para o desenvolvemento do seu traballo	De 1 a 5	5,00	4,00	**4,20**	----	3,00	3,00
				3	A información dispoñible na páxina web do centro	De 1 a 5	5,00	4,00	**4,25**	----	4,00	4,00
		2	Comunicación	4	A comunicación cos/as responsables académicos/as do centro, departamentos e titulacións	De 1 a 5	1,00	4,00	**3,40**	----	5,00	5,00
				5	A comunicación co alumnado	De 1 a 5	4,00	3,67	**3,75**	----	----	----
				6	A comunicación co profesorado	De 1 a 5	1,00	4,00	**3,40**	----	----	----
				7	A comunicación con outros servizos que traballan no ámbito académico	De 1 a 5	5,00	3,75	**4,00**	----	4,00	4,00
2	Recursos	3	Recursos humanos	8	A formación para facilitar o desempeño das súas funcións.	De 1 a 5	5,00	3,25	**3,60**	----	3,00	3,00
				9	A dotación do PAS adscrito	De 1 a 5	4,00	2,50	**2,80**	----	3,00	3,00
		4	Recursos materiais e servizos	10	As instalacións e o equipamento onde se desenvolven as titulacións do centro	De 1 a 5	5,00	3,00	**3,50**	----	3,00	3,00
				11	As instalacións e o equipamento onde realiza o seu traballo	De 1 a 5	5,00	3,50	**3,80**	----	3,00	3,00
3	Xeral	5	Xestión da calidade	12	A información dispoñible sobre a xestión da calidade	De 1 a 5	5,00	3,67	**4,00**	----	4,00	4,00
				13	As canles para realizar queixas, suxestións e parabéns	De 1 a 5	5,00	4,00	**4,25**	----	4,00	4,00
				14	As vías de participación para a mellora da calidade	De 1 a 5	5,00	3,67	**4,00**	----	3,00	3,00
		6	Xeral	15	A xestión das titulacións	De 1 a 5	5,00	4,00	**4,25**	----	4,00	4,00
Preguntas abertas												
4	Preguntas abertas	7		23	Que é que é o que máis valora das titulacións?	Resposta aberta				Sen respostas		
				24	Que melloras considera que se deberían incorporar ás titulacións?	Resposta aberta				Sen respostas		

As respostas abertas poden resumirse da seguinte maneira.

Con respecto á pregunta **"En xeral, que é o que máis valora das Titulacións do Centro?"**, as dúas respostas se refiren a o bo ambiemte de traballo e as dificultades do PDI para realizar a investigación a pesar das dificultades organizativas e burocráticas.

Na pregunta **"Que accións considera que se deberían de incorporar para a mellora das Titulacións do Centro?"**, una das respostas refírese a melloras no mantemento do edificio, e a outra menciona varios aspectos dos que destacamos a mala xestión desde a Xerencia da

Universidade hacia o PAS do Edificio de Ciencias Experimentais, en canto ao poco número de persoal PAS con respecto ás Facultades doutros ámbitos diferentes ás Ciencias, e moita carga de traballo e mala organización deste.

II.1.g. Resultados da enquisa de satisfacción dos empregadores (I20-5).

Na Táboa 6 móstranse os resultados das enquisas de satisfacción dos empregadores dos cursos 2018-19 e 2020-21. O grao de satisfacción dos empregadores coa formación, desempeño profesional, e achega á empresa por parte dos titulados do Grao en Ciencias do Mar é moi alto, con puntuacións iguais ou superiores aos 4,0 puntos.

Os aspectos mellor valorados dos titulados son a actitude e a capacidade e, en menor medida, a formación. Sobre as competencias, que segundo os empregadores deberían posuír os graduados, destacan as prácticas, o coñecemento de linguas estranxeiras e as interpersoais.

Finalmente, destacan dúas suxestións realizadas polos empregadores enquisados para mellorar a Titulación. A principal é a mellora en competencias transversais, tales como capacidade de análise, comunicación ou traballo en equipo. A outra é mellorar a formación práctica e a formación adaptada ou actualizada.

Táboa 6. Resultados da enquisa de satisfacción dos empregadores coa Titulación.

Enquisa de satisfacción dos empregadores coa titulación curso 2023-24					Poboación	2 / 7 29%	3 / 5 60%		
					Valoración global	4,50	4,11		
Bloques		**Cuestións**			**Respostas**	**Curso 2023-24**	**Curso 2022-23**	**Curso 2021-22**	**Curso 2020-21**
1	Adecuación da formación e desempeño	1	O nivel de adecuación da formación ao perfil profesional das persoas		De 1 a 5	4,50	4,00		4,33
		2	O nivel de satisfacción co desempeño profesional das persoas tituladas		De 1 a 5	4,50	4,00		4,33
		3	O valor que aportan as persoas tituladas á súa empresa		De 1 a 5	4,50	4,33		4,00
2	Valoración xeral	4a	Se tivese que contratar de novo, faríao entre persoas con esta mesma titulación da Universidade de Vigo?		Si / Non	100%	100%		
		4b	En caso negativo cal/es serían o/s motivo/s.						
			•	Formativos	Si / Non				
			•	Económicos	Si / Non				
			•	Outros	Indicar cales				
3	Valoración das habilidades das persoas tituladas	5	En xeral, que é o que máis valora das persoas tituladas?						
			•	Formación	Si / Non				33,3%
			•	Actitude (responsabilidade, profesionalidade, motivación, iniciativa, compromiso...)	Si / Non	33,3%	100,0%		100,0%
			•	Capacidade (Aprendizaxe, traballo, adaptación ,integración...)	Si / Non	66,7%	66,7%		100,0%
			•	Resolución de problemas, toma de decisións.	Si / Non				
			•	Outros	Indicar cales				
4	Valoración das competencias das persoas tituladas	6	Cales son as competencias máis relevantes que deben posuír as persoas						
			•	Prácticas (coñecemento da profesión, habilidades informáticas)	Si / Non	25,0%	33,3%		100,0%
			•	Coñecemento de linguas estranxeiras	Si / Non	25,0%	33,3%		66,7%
			•	Interpersoais (Traballo en equipo, comunicación oral)	Si / Non	25,0%	100,0%		66,7%
			•	Resolución de problemas, toma de decisións	Si / Non	25,0%	66,7%		33,3%
			•	Outros	Indicar cales				33,3%
5	Suxerencias para a mellora	7	Que melloras considera que se deberían de incorporar á titulación?						
			•	Formación adaptada e/ou actualizada	Si / Non	33,3%	66,7%		66,7%
			•	Maior formación práctica	Si / Non	33,3%	33,0%		100,0%
			•	Mellorar o nivel en linguas	Si / Non				
			•	Afondar en competencias transversais (capacidade de análise, comunicación, traballo en equipo...etc.)	Si / Non	33,3%	100,0%		33,3%
			•	Outros	Indicar cales				

II.1.h. Resultados de enquisas de satisfacción propias da Facultade: enquisa sobre o Curso Cero.

Esta enquisa está dirixida ao alumnado que se matricula por primeira vez na Titulación e que asiste ao Curso Cero. En cursos anteriores, esta enquisa realizábase o último día deste curso, pero desde o curso 2021-22 realízase a través da plataforma Moovi. No curso 2023-24, realizárona 17 estudantes de 79 alumnos matriculados no primeiro curso. Este número é menor que o do curso anterior, de 26 estudantes de 83 alumnos, pero maior que os 11 sobre 83 do curso 2020-21. No curso 2019-20, a participación foi moito maior, debido a que se facía de maneira presencial na aula. A asistencia ao Curso Cero é voluntaria, polo que non se pode establecer unha porcentaxe exacta de participación. Os resultados da enquisa móstranse na Táboa 7, dos que se pode facer as seguintes reflexións:

A nota media de acceso a Titulación declarada polo alumnado enquisado é moito máis baixa (6,27 puntos) comparada coa nota media de acceso do alumnado matriculado por primeira vez, 8,708 puntos, proporcionada pola Unidade de Análise e Programas da UVigo. Isto parece indicar que a maioría do alumnado que asistiu ao Curso Cero e aquel que obtivo una menor nota de acceso e considerara importante esta asistencia para a súa formación previa.

A porcentaxe de alumnado que declarou elixir á Titulación de Grao en Ciencias do Mar como primeira opción foi dun 47%, un valor similar ao de cursos anteriores, e é igual (46,7%) ao que facilita a Unidade de Análise e Programas da Universidade.

A porcentaxe de alumnado que procede do Bacharelato en Ciencias e que asiste ao Curso Cero (35%) é similar ao dos cursos anteriores (35%, 36,4 % e 38,4% nos cursos 2022-23, 2021-22 e 2020-21, respectivamente). Actualmente estes datos non son aportados pola unidade de Análise e Programas, polo que non se poden contrastar, pero asúmese que reflicten o perfil do alumnado.

A case totalidade do alumnado que participou na enquisa estudou no Bacharelato as materias de Bioloxía, Matemáticas e Química (con porcentaxes de entre 80 e 85%). Con todo, a porcentaxe de alumnado que estudou Física e Xeoloxía é menor (60% e 31%, respectivamente).

A totalidade do alumnado que realiza a enquisa (100%) considera que os contidos das materias cursadas no Curso Cero son similares aos estudados no Bacharelato. Unha maioría do alumnado (88%) considera que os niveis dos contidos das materias cursadas no Curso Cero que non estudaron durante o Bacharelato son asumibles e axudaron a mellorar os seus niveis de coñecemento. Esta porcentaxes son similares ás obtidas en cursos anteriores. No caso das preguntas abertas, o alumnado que responde considera que son moitos os coñecementos que se imparten neste Curso Cero e que non da tempo a asimilalos.

Táboa 7. Resultados da enquisa de satisfacción do Curso Cero para os cursos do 2021-22 ao 2023-24.

			Curso Cero 2023-24			Curso Cero 2022-23			Curso Cero 2021-22		
		Participación	15			17			26		
	Cuestión	Tipo de resposta	Curso Cero 2023-24			Curso Cero 2022-23			Curso Cero 2021-22		
1	¿Cal foi a túa nota media de acceso ao Grao?	Escribir valor	Media			Media			Media		
			7,21			6,27			8,62		
2	¿Elixiste Ciencias do Mar en primeira opción?	Si/Non	Si	Non		Si	Non		Si	Non	
			40%	60%		47%	53%		46%	54%	
3	¿Qué itinerario elixiste en educación secundaria?	A elixir entre varias opcións	Ciencias	Ciencias da Saúde	Outros	Ciencias	Ciencias da Saúde	Outros	Ciencias	Ciencias da Saúde	Outros
			29%	59%	12%	35%	45%	5%	35%	62%	4%
4	¿Cales destas materias cursaste no bacharelato? (Fisica, Química, Matemáticas, Bioloxía, Xeoloxía)	Señalar as que procedan	Bioloxía	88%		Bioloxía	80%		Biología	100%	
			Xeoloxía	35%		Xeoloxía	35%		Xeología	31%	
			Matemáticas	82%		Matemáticas	85%		Matemáticas	96%	
			Física	47%		Física	60%		Física	38%	
			Química	88%		Química	85%		Química	88%	
5	Si no curso cero asististe a materias que xa estudiaras no bacharelato. ¿Consideras que os contidos son similares aos que estudaste?	Si/Non	Si	No		Si	No		Si	Non	
			93%	7%		100%	0%		96%	4%	
6	Si no curso cero asististe a materias que NON estudiaras no bacharelato. ¿Consideras que os contidos foron asequibles e melloraron o teu nivel de coñecimento?	Si/Non	Si	Non		Si	Non		Si	Non	
			67%	33%		88%	12%		88%	12%	
7	¿Pareceuche útil o Curso Cero?	Si/Non	Si	Non		Si	Non		Si	Non	
			73%	27%		94%	6%		90,9%	9,1%	

II.1.i. Resultados de enquisas de satisfacción propias da Facultade: enquisa sobre o desenvolvemento das materias.

Co obxecto de analizar posibles causas polas que a Taxa de Rendemento non alcanza os valores obxectivo, entre elas a queixa do profesorado da pouca dedicación do alumnado ao estudo, así como algunhas inquietudes que manifesta o alumnado e que non son reflectidas nin na enquisa de satisfacción coa Titulación nin na Enquisa de Avaliación Docente, aprobouse en Xunta de Facultade do 22 de xuño de 2022 (punto 11 da orde do día) unha enquisa sobre o desenvolvemento da materias da Titulación, dentro da acción de mellora "Enquisas sobre o desenvolvemento das materias e do curso, onde se avalíen a dedicación do alumnado ao estudo e pódanse observar as melloras para realizar para aumentar o rendemento académico do alumnado".

Esta enquisa (en castelán), que avalía tanto aspectos relacionados coa materia como a dedicación do alumnado ao estudo, realízase para cada unha das materias do Grao a través da plataforma Moovi, e os resultados son enviados aos coordinadores de curso, que realizan unha avaliación xeral sobre ambas as dimensións, tal e como se mostra a continuación:

Encuesta desarrollo asignatura

Página 1

1 * Indica el número de veces que te has matriculado de esta asignatura.

1 2 3 ó más

2 * Indica el número medio de horas SEMANALES que dedicas a preparar esta asignatura (estudio, trabajos, preparación de exámenes, etc.).

<2 h 2-3 h >3 h

3 * ¿Asistes habitualmente a las clases teóricas de esta asignatura?

Sí No

Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->Sí) ajustar
Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->No) sin ajustar

4 * ¿Tomas apuntes cuando estás en clases de teoría, prácticas y/o seminarios de esta asignatura?

Nunca Raramente Con cierta frecuencia Siempre

Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->Sí) ajustar
Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->No) sin ajustar

5 * Considero que alguna/o/s de los docentes de esta asignatura utilizan metodologías excepcionalmente novedosas con las cuales se ve muy favorecido mi trabajo de aprendizaje.

Sí No

Pregunta Padre: posición -2 (Buenas prácticas->Sí) ajustar
Pregunta Padre: posición -2 (Buenas prácticas->No) sin ajustar

6 * En caso de haber contestado Sí a la pregunta anterior. Indica qué docente/s utilizan metodologías excepcionalmente novedosas y cuáles son.

Repuesta abierta

Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->No) ajustar
Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->Sí) sin ajustar

7 * ¿Cuál/es son los motivos por los que no asistes habitualmente a clases teóricas de esta asignatura? (elegir hasta un máximo de 2).

Solapamiento de horarios
Poco interés por la asignatura
No es lo que me esperaba de la asignatura
Aprovecho para estudiar otra asignatura y hacer trabajos
Al no estar controlada la asistencia, prefiero no ir
Tengo apuntes de otros años
Falto sobre todo al final del cuatrimestre por empezar a estudiar
Trabajo
Otros

Pregunta Padre: posición 6 (Asistencia->Otros) ajustar
Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->No) ajustar

8 * Explica por qué otro/s motivo/s no asistes a clase.

Repuesta abierta

9 * ¿Asistes habitualmente a tutorías de esta asignatura?

Sí No

Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->Sí) ajustar
Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->No) sin ajustar

10 * El material didáctico aportado por el profesorado de esta asignatura (presentaciones, vídeos, etc.) me ayuda para mi trabajo de aprendizaje.

En desacuerdo Algo en desacuerdo Ni de acuerdo ni en desacuerdo
Algo de acuerdo Totalmente de acuerdo

Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->Sí) ajustar
Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->No) sin ajustar

11 * Considero que las actividades realizadas en la docencia de aula, prácticas y seminarios de esta asignatura están bien reflejadas en la Guía Docente.

En desacuerdo Algo en desacuerdo Ni de acuerdo ni en desacuerdo
Algo de acuerdo Totalmente de acuerdo

Pregunta Padre: posición 14 (SOBRE EL PROFESORADO->En desacuerdo) ajustar
Pregunta Padre: posición 14 (SOBRE EL PROFESORADO->Algo en desacuerdo) ajustar

12 * Explica los motivos de tu respuesta anterior.

Repuesta abierta

Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->Sí) ajustar
Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->No) sin ajustar

13 * Considero que las explicaciones del profesorado me parecen claras y me ayudan a comprender los contenidos de esta asignatura.

En desacuerdo Algo en desacuerdo Ni de acuerdo ni en desacuerdo
Algo de acuerdo Totalmente de acuerdo

Pregunta Padre: posición 18 (EXPLICACIONES DEL PROFESORADO->En desacuerdo) ajustar
Pregunta Padre: posición 18 (EXPLICACIONES DEL PROFESORADO->Algo en desacuerdo) ajustar

14 * Explica los motivos de tu respuesta anterior.

Repuesta abierta

15 * Considero que el profesorado de esta asignatura promueve la participación de los alumnos.

En desacuerdo Algo en desacuerdo Ni de acuerdo ni en desacuerdo
Algo de acuerdo Totalmente de acuerdo

Pregunta Padre: posición 22 (Corrección trabajo/actividad->En desacuerdo) ajustar
Pregunta Padre: posición 22 (Corrección trabajo/actividad->Algo en desacuerdo) ajustar

16 * ¿Cuánto tiempo transcurre entre la entrega de un trabajo/actividad y su corrección/calificación?

menos de 5 días entre 5 y 9 días entre 10 y 14 días
entre 15 y 19 días 20 o más días

Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->Sí) ajustar
Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->No) sin ajustar

17 * Considero que el profesorado de esta asignatura promueve la participación de los alumnos.

En desacuerdo Algo en desacuerdo Ni de acuerdo ni en desacuerdo
Algo de acuerdo Totalmente de acuerdo

Pregunta Padre: posición 26 (PARTICIPACIÓN DEL ALUMNADO->En desacuerdo) ajustar
Pregunta Padre: posición 26 (PARTICIPACIÓN DEL ALUMNADO->Algo en desacuerdo) ajustar

18 * Explica los motivos de tu respuesta anterior.

Respuesta abierta

Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->Sí) ajustar
Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->No) sin ajustar

19 * Considero que el profesorado de esta asignatura da facilidades al alumnado que tiene problemas con el idioma utilizado.

En desacuerdo Algo en desacuerdo Ni de acuerdo ni en desacuerdo
Algo de acuerdo Totalmente de acuerdo

Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->Sí) ajustar
Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->No) sin ajustar

20 * Considero que el profesorado de esta asignatura responde satisfactoriamente las cuestiones de los alumnos en las clases y/o tutorías y/o a través de los mecanismos previstos.

En desacuerdo Algo en desacuerdo Ni de acuerdo ni en desacuerdo
Algo de acuerdo Totalmente de acuerdo

Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->Sí) ajustar
Pregunta Padre: posición -1 (Asistencia a clase->No) sin ajustar

21 * El profesorado establece conexiones entre esta asignatura y otras asignaturas afines a la Titulación.

En desacuerdo Algo en desacuerdo Ni de acuerdo ni en desacuerdo
Algo de acuerdo Totalmente de acuerdo

22 * Si la asignatura es impartida por varios docentes, ¿consideras que existe una buena coordinación entre ellas/os?

La imparte un único docente En desacuerdo Algo en desacuerdo
Ni de acuerdo ni en desacuerdo Algo de acuerdo Totalmente de acuerdo

Pregunta Padre: posición 36 (COORDINACIÓN->En desacuerdo) ajustar
Pregunta Padre: posición 36 (COORDINACIÓN->Algo en desacuerdo) ajustar

23 * Explica los motivos de tu respuesta anterior.

Respuesta abierta

24 * Considero que el profesorado de esta asignatura debería vigilar más en los exámenes.

En desacuerdo Algo en desacuerdo Ni de acuerdo ni en desacuerdo
Algo de acuerdo Totalmente de acuerdo

Nos cursos anteriores, propuxéronse unha serie de modificacións nesta enquisa para mellorar algúns aspectos, onde o principal era a escasa participación do alumnado. Entre estas modificacións estaban as seguintes:

- Abrir a posibilidade de facela durante o período de clases e non nas datas posteriores aos exames, como se fixo nos cursos anteriores.
- Corrixir o deseño da enquisa, para que o alumnado non se vise obrigado a contestar cuestións de porqué contestara desfavorablemente a pregunta anterior cando a resposta fora favorable
- Reducir o número de preguntas.
- Garantir o anonimato na participación da enquisa.

A pesar destes intentos, a participación foi aínda máis escasa que nos cursos anteriores, polo que se propuxo desde a Comisión de Calidade poñer fin a esta acción de mellora cun estado de cumprimento de "realizada en parte" e un grao de satisfacción "baixo".

En liñas xerais, nos resultados obtidos nos cursos anteriores poden destacarse os seguintes aspectos:

- O alumnado afirma tomar apuntes con frecuencia nas clases.
- O tempo dedicado ao estudo das materias é menor as 3 horas semanais.
- O alumnado considera que o material didáctico aportado polo profesorado é de axuda no traballo de aprendizaxe.
- O alumnado está de acordo con que as actividades realizadas nas materias están ben reflectidas na guía docente.
- O alumnado considera que o tempo transcorrido entre a entrega dun traballo e súa corrección é adecuado.

II.1.j. Conclusións respecto aos resultados das enquisas.

Os esforzos na difusión para a realización das enquisas de satisfacción coa Titulación (EST) por parte da Facultade non conseguiron que se mellore a participación do alumnado, egresados, PDI e PAS, polo que convén manter estes esforzos e seguir insistindo no envío de correos electrónicos aos grupos de interese, de acordo coa acción de mellora "Plan de promoción e divulgación das enquisas de satisfacción dos grupos de interese", sendo responsables desta difusión o Vicedecano de Calidade.

Os resultados das EST para o Grao son valorados con prudencia pola Dirección do Centro. Despois da puntuación por debaixo dos 3 puntos obtida no curso 2021-22 na enquisa de satisfacción do alumnado coa Titulación de Grao, nos últimos dos cursos volven a ser superiores aos 3 puntos. No caso dos egresados, a puntuacións obtida neste curso 2023-24 e o anterior son similares ás obtidas desde o curso 2016-17 ata o 2019-20, co inconveniente da baixa participación. Finalmente, a puntuación na enquisa ao profesorado é lixeiramente superior aos 4 puntos, manténdose este valor nas últimas enquisas realizadas, ao igual que na enquisa dos empregadores. No caso do PAS, o índice de satisfacción xeral aumenta con respecto á anterior enquisa.

Enquisa de satisfacción do alumnado. Os resultados desta enquisa son similares con respecto á realizada no curso 2022-23, obtendo boas puntuacións nos bloques de "Recursos humanos", "Recursos materiais e servizos" e "Resultados de aprendizaxe", malia que a participación sexa moi

baixa. A puntuación máis baixa obtense na pregunta 3 sobre "Os horarios da Titulación", pero mellorou con respecto aos cursos anteriores grazas a nova distribución dos horarios que se realizou neste curso. É salientable o aumento da puntuación na pregunta 2 sobre "O calendario das probas de avaliación", grazas a que neste curso volveuse a implantar o "calendario de entregables", que se elabora ao mesmo tempo que os horarios da Titulación, donde o profesorado establece as datas límite de entregas de traballos ou outras actividades realizadas ao longo do curso. As preguntas do bloque 3 sobre o "Sistema de garantía de calidade" tampouco obteñen unha boa puntuación a pesar de que a Dirección do Centro continuará co esforzo de manter unha comunicación fluída co alumnado, xa sexa directamente, a través da delegación de alumnos ou das comisións delegadas da Facultade. Hai que destacar tamén neste curso 2023-24 a baixa puntuación na pregunta 16 sobre "As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia", debido a que nos últimos cursos o funcionamento da plataforma *Moovi* non é todo o satisfactoria que se espera.

Enquisa de satisfacción dos egresados. Para a Dirección do Centro, as puntuacións obtidas nesta enquisa son relativamente satisfactorias, e co inconveniente de que os resultados se obtiveron cunha participación moderadamente aceptable. Os resultados obtidos polo alumnado dos Plans Novo e Vello son algo dispares, sobre todo na dimensión 1 sobre a "Organización e desenvolvemento", pero en ambos os casos coinciden as baixas puntuacións nos aspectos relacionados coas orientacións académica e laboral. Por conseguinte, convén manter activas as accións de mellora implantadas en cursos anteriores para a potenciación do programa PAT e para a orientación laboral. As outras dúas dimensións onde se obteñen valores dispares entre o alumnado dos Plans Novo e Vello son o "Sistema de garantía de calidade" e "Resultados de aprendizaxe".

Enquisa de satisfacción do PDI. A pesar de que as puntuacións nas preguntas da enquisa de satisfacción do PDI coa Titulación son, en xeral, moi boas, a menor puntuación do PDI coa Titulación de Grao en Ciencias do Mar é "A capacidade do estudantado para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas", polo que o profesorado debe facer énfase en facer ver ao alumnado a capacidade que ten para saber aplicar estas destrezas e habilidades.

Enquisa de satisfacción do PAS. As puntuacións obtidas nesta enquisa son, en xeral, satisfactorias. A baixa puntuación obtida na pregunta 9 sobre "A dotación do PAS adscrito" fai manter a acción de mellora "Apoio decidido á Administradora de Centro nas súas peticións de aumento de PAS", no que se presentará na Xerencia da Universidade as demandas de persoal elaboradas pola Administradora do Centro.

Enquisa de satisfacción coa Titulación aos empregadores. Os índices de satisfacción dos empregadores nos aspectos sobre a formación, desempeño e a achega dos/as titulados/as de Grao en Ciencias do Mar é alta. Aínda así, os empregadores suxiren que son mellorables "A formación práctica" e "A formación adaptada ou actualizada".

Enquisa de satisfacción do Curso Cero. Desde o curso 2021-22, o cambio adoptado para mellorar a participación na enquisa, de que o alumnado a poida realizar a través da plataforma de teledocencia Moovi, no canto de como viña facendo, na aula o último día do curso, non mellorou os resultados. O alumnado valora moi positivamente a impartición do Curso Cero. Estimamos que para o alumnado é unha boa referencia para coñecer os contidos aos que se enfrontará durante o comezo dos seus estudos na Universidade. Agradecemos e felicitamos ao profesorado encargado de impartir as materias deste Curso Cero polo bo labor realizado.

Enquisa sobre o desenvolvemento das materias. A participación nas enquisas do curso 2022-23 foi practicamente nula, polo que a Comisión de Garantía de Calidade decidiu poñer fin a esta acción de mellora cun estado de cumprimento de "realizada en parte" e un grao de satisfacción "baixo".

II.1.k. Accións de mellora propostas.

Manteñense as accións de mellora implantadas no curso 2021-22, e que son as seguintes:

Cada docente reservará uns minutos dalgunha das súas últimas clases do semestre para convidar os estudantes a que cumprimenten nese mesmo momento as enquisas correspondentes.

Recompilar a información desde a Coordinación do Grao e a Coordinación dos Cursos para avaliar a situación e tomar as medidas que se consideren oportunas para mellorar a coordinación entre materias.

Reforzar as actividades PAT-PIUNE como medio para mellorar a orientación académica do alumnado.

Accións para orientar ao alumnado na súa orientación profesional. Xornadas sobre saídas profesionais.

O profesorado das materias de carácter profesional, así como nalgunhas de coñecementos e técnicas transversais, destacará as aplicacións ao mundo laboral que teñen os coñecementos científico-técnicos incluídos nos contidos das materias que imparten.

Divulgación das actividades desenvolvidas pola Área de Emprego e Emprendemento da Universidade, como vía para a orientación do emprego para o alumnado.

II.2. Enquisa de Avaliación Docente (EAD, EVIDENCIA 17 e INDICADOR 43).

A información dispoñible para a análise da avaliación da actividade docente obtívose a partir do ligazón Informes de avaliación docente | Secretaría Online Universidade de Vigo (uvigo.gal)

O cuestionario da Enquisa de Avaliación Docente cambiou desde o curso 2019-20 con respecto ás enquisas de cursos anteriores, reducíndose a 10 preguntas e desaparecendo a dimensión referida ás condicións materiais, talles como as aulas, laboratorios e outros. Esta decisión considerámola apropiada dado que esta dimensión non depende do profesorado que imparte a súa docencia.

II.2.a. Participación e resultados.

Na Figura 5 móstrase a evolución histórica do índice de participación nas enquisas de avaliación docente para o grao en Ciencias do Mar, onde se observa unha tendencia decrecente desde o curso 2017-18. No presente curso, a participación volveu descender ata un 10,43%, polo que é o valor máis baixo obtido ao longo do histórico da Titulación. Este descenso atribúese a que o alumnado realiza esta enquisa de maneira virtual desde o curso 2019-20, tal e como mostra a liña vermella, accedendo a ela desde a plataforma de teledocencia *Moovi*. Isto desencoraxa á participación nestas enquisas, xa que o alumnado atópase cunha enorme listaxe de enquisas a cubrir, exactamente tantas como o número de profesores que imparte algún tipo de docencia en cada unha das materias das que está matriculado no semestre correspondente. Antigamente, o alumnado doutras titulacións era o encargado de levar as enquisas ás aulas, recibindo unha pequena axuda monetaria para iso. As enquisas realizábanse durante uns minutos da actividade docente onde estaba presente o profesorado para avaliar. Desta maneira, garantíase unha alta participación do alumnado nestas enquisas. Con todo, a decisión deste sistema de realización das enquisas non depende da Facultade de Ciencias do Mar.

Desde o curso 2021-22, se propuxo como acción de mellora, do mesmo xeito que se propón no apartado II.1., que cada docente reserve uns minutos dalgunha das súas últimas clases do semestre para convidar os estudantes a que cumprimenten nese mesmo momento a Enquisa de Avaliación Docente. Poderíase facilitar o acceso á aula de informática en caso de ser necesario.



Figura 5. Porcetaxe de participación na Enquisa de Avaliación Docente. A liña vermella indica o curso no que comezan a implantarse as enquisas realizadas de maneira virtual. PN= Plan Novo; PV= Plan Vello.

A Figura 6 mostra a evolución histórica da valoración global obtida na enquisa, que para o curso 2023-24 é de 3,96 puntos, que é menor ca obtida no curso anterior, 4,18 puntos, e similar á obtida entre os cursos 2017-18 a 2019-20. Como se observa, nos últimos anos obtivéronse as puntuacións máis altas ao longo do histórico da Titulación. Os datos dos últimos cursos académicos deben tomarse con cautela, posto que a participación foi a máis baixa do histórico da Titulación.



Figura 6. Evolución histórica da puntuación global na Enquisa de Avaliación Docente. PN = Plan Novo; PV = Plan Vello.

Os resultados da enquisa correspondente ao curso 2023-24 móstranse na Táboa 8, na que se inclúen os valores totais da Facultade e da Universidade por titulacións, Grao e Mestrado. Desde os últimos cursos, non se facilitan datos desagregados por sexo. Nesta táboa, obsérvase que as puntuacións globais obtidas en case todos os ítems superan o valor de 3,70 puntos, o que indica que, en xeral, o alumnado ten unha opinión moi boa sobre o labor realizado polo profesorado. Comparando os valores globais da Titulación coa media das titulacións de grao na Universidade de Vigo, soamente se superan este valores nas preguntas 1 e 2. Isto é rechamante, posto que normalmente se obtiñan valores superiores á media da Universidade en todos os ítems.

As puntuación máis altas obtéñense nas preguntas 1, "A guía docente expón de xeito claro e comprensible como se desenvolve a materia (contidos, metodoloxías, sistemas de avaliación...)"; 2, "A coordinación (para evitar solapamentos de contidos, incoherencias ...) entre o profesorado da materia é axeitada. (Contestar só no caso de materias impartidas por máis de un/ha profesor/a); e 9, "Cumpre os criterios de avaliación establecidos na guía docente". As accións de mellora encamiñadas a mellorar a coordinación docente, así como as queixas recibidas en cursos anteriores, sobre as dúbidas xurdidas sobre as avaliacións das materias, fan que estes aspectos mellorasen notablemente. Hai que facer o recoñecemento das labores dos Coordinadores/as de Curso e Grao na súa labor de revisión das Guías Docentes. A segunda puntuación máis alta é a obtida na pregunta 2, "A coordinación (para evitar solapamentos de contidos, incoherencias ...) entre o profesorado da materia é axeitada. (Contestar só no caso de materias impartidas por mais de un/ha profesor/a)" cunha puntuación de 4,18 puntos, seguida da pregunta 6 "As metodoloxías desenvolvidas nas clases adecúanse ó que se presenta na guía docente", cunha puntuación global de 4,06 puntos. Estes bos resultados implican, por unha parte, que o alumnado considera que o profesorado reflicte correctamente as actividades docentes a desenvolver, as de avaliación e os seus criterios nas súas guías docentes. Pola outra banda, convén destacar a mentalización do profesorado nas tarefas de coordinación, despois de implantar as accións de mellora encamiñadas a tal fin, que tamén quedan reflectidas nos resultados obtidos na enquisa de satisfacción do alumnado coa Titulación, apartado II.1.c.. Isto indica que os baixos resultados que se podan obter nas Taxas de Éxito e Rendemento non se deben a malas praxes e/ou un alto nivel de esixencia por parte do profesorado.

O valor global máis baixo obtido nesta enquisa é o correspondente a pregunta 8, "As probas e as actividades para a avaliación favorecen o meu aprendizaxe" , 3,70 puntos, debido á baixa puntuación obtida neste ítem para o 2º curso da Titulación, 3,44 puntos. Do mesmo modo, a puntuación máis baixa nesta enquisa obtense na pregunta 3, "O volume de traballo do alumnado é proporcional aos créditos da materia", no 2º curso da Titulación. cunha puntuación de 3,42 puntos. A pesar de que estas puntuacións poderían considerarse boas, é conveniente tratar este asunto nas reunións de coordinación para que o profesorado dimensione correctamente o as probas de avaliación e o volume de traballo que se establece en cada materia.

A Figura 7a mostra o histórico de resultados por dimensións das EADs para o Grao en Ciencias do Mar (cursos de 2012-13 a 2021-22). Como se observa, todos os aspectos avaliados tiveron unha tendencia crecente nas súas puntuacións ao longo dos anos ata o curso 2019-20. A partir desa data, as puntuacións mantivéronse practicamente estables, pero neste curso as puntuación descenderon nas dimensións "Planificación", "Desenvolvemento", e "Resultados". Haberá que esperar aos resultados do vindeiro curso para ver si é necesario emprender algún tipo de acción de mellora.

a)



b)



Figura 7. Avaliación da actividade docente do profesorado por dimensións: a) evolución do histórico desde o curso 2012-13; b) por curso para o ano académico 2022-23. Non hai datos do 2º curso.

O cálculo desta taxa foi modificado para o curso 2018-19 e, a partir de entón, calcúlase coa porcentaxe do alumnado que se gradúa aos 4 e 5 anos (n máis n+1) trala matrícula. O histórico de datos desta taxa móstrase na Figura 30, onde se observa que estes valores normalmente mantense próximos a un 25% como é co caso do valor obtido neste curso 2023-24, cun 26,6%. Durante os anos da pandemia da Covid-19, estes valores aumentaron a un 33,0 e un 40,0%, sendo os valores máis altos da serie histórica, coincidindo co aumento da Taxa de Rendemento e co número de TFGs superados neses cursos, tal e como se mostra na Táboa 14. Tamén houbo un valor moi alto desta taxa no curso anterior, 2022-23, dun 37,3%, o cal estaba acorde co aumento dos valores das taxas de rendemento e de eficiencia obtidas nese curso académico. Tendo en conta que as taxas académicas melloraron neste curso con respecto a cursos anteriores, espérase que o valor desta taxa mellore para o curso 2024-25.



Figura 30. Histórico dos valores da Taxa de Graduación.

Táboa 14. Número de alumnas/os que superan o TFG nos últimos cursos académicos.

Curso	Nº TFG superados
2017-18	27
2018-19	30
2019-20	39
2020-21	40
2021-22	32
2022-23	29
2023-24	36

II.5.g. Duración media dos estudos (I50-3).

Así mesmo, a Taxa de Graduación está relacionada coa media de duración dos estudos, cuxos valores mantivéronse similares durante os últimos cursos académicos, arredor dos 5,5 anos, tal e como mostra a Figura 31. Neste curso 2023-24, a duración media dos estudos foi de 5,41 anos (5,44 homes e 5,39 mulleres). No curso anterior, a duración media dos estudios foi menor, sen haber relación co número de alumnas/os que finalizaban os seus estudos o coas taxas académicas.



Figura 31. Histórico da duración media, en anos, dos estudos desagregada por sexos.

A posible mellora das Taxas de Rendemento, mediante unha planificación adecuada e realista das materias das que se matricula o alumnado cada ano, tampouco melloraría a duración media dos estudos, dado que o alumnado vai intentar matricularse do maior número de materias que lle sexa posible. O centro implantou no curso 2020-21 unha serie de enquisas para o alumnado, co obxectivo de recadar información sobre o seu traballo académico desenvolvido para cada materia, e así poder ter un coñecemento máis preciso das causas destas baixas Taxas de Rendemento académico. Isto permitiría emprender accións que favorezan un aumento na Taxa de Rendemento, e por conseguinte una maior Taxa de Graduación, sen que supoña un descenso do nivel académico, o cal afectaría á Taxa de Empregabilidade, xa que provocaría a saída ao mercado de traballo de alumnado peor preparado. Estas enquisas aprobáronse en Xunta de Facultade con data 22 de xuño de 2021 e desenvolvéronse de maneira obrigatoria desde o curso 2021-22, pero sen acadar resultados concluíntes, debido á baixa participación.

II.6. Indicadores por materia (EVIDENCIA 25, INDICADORES 10-4a, 10-4b, 10-4c, 10-4d, 10-5a, 10-5b, 10-5c, 10-5d, 10-7, 10-8, 10-9 E 10-10).

A Titulación de Grao en Ciencias do Mar conta cun total de 35 materias obrigatorias máis o TFG e 9 optativas (das que os estudantes cursan só 3), entre as que se inclúen as Prácticas Externas. Os resultados académicos por materia represéntanse nas seguintes figuras (32 a e b) como porcentaxe de materias que alcanzan un determinado valor das Taxa de Rendemento e de Éxito:

a)



b)



Figura 32. Histórico de distribución de porcentaxes de materias do Grado de Ciencias do Mar que obteñen determinados valores da Taxa de Rendemento (a) e de Éxito (b).

Na Figura 32 a e b obsérvase que a distribución destas taxas non segue un patrón determinado nos distintos cursos académicos. Por exemplo, nalgúns cursos, as Taxas de Rendemento e Éxito seguen unha distribución en forma de campá mentres que noutros se observan valores máximos en distintas franxas de porcentaxe. Neste curso 2023-24 obtense dous máximos: un para as Taxas de Éxito e Rendemento do 100%, que a maioría corresponde ás materias optativas; e outro para Taxas de Éxito e Rendemento entre o 70,0 e 79,9%. Isto parece indicar que hai moitas materias que son moi atractivas para o alumnado e outras nas que o alumnado ten dificultades para superalas.

Tamén é destacable a baixa porcentaxe de materias con Taxas de Rendemento <50% , que aproximadamente é dun 10% en todos os cursos. O valor máis alto desta porcentaxe de materias obtívose no curso 2020-21, despois do confinamento decretado tras o estado de alarma ocasionado pola pandemia da Covid-19, e tamén polas materias do Plan Vello de estudos onde queda pouco alumnado, o cal non se presenta ou non prepara debidamente as probas de avaliación.

Na seguinte Figura (33), móstranse as Taxas de Rendemento e éxito por semestre obtidas no curso 2023-24, onde os valores máis altos obtense para as materias optativas e os máis baixos no primeiro semestre do segundo curso. Tamén pódese observar que se cumpren os valores obxectivo destas taxas para cada curso de maneira xeral, pero isto non quere dicir que estes valores obxectivo se alcancen en todas as materias. De acordo cos indicadores I10-9 e I10-10, o número de materias que non acadan os seus valores obxectivo están dentro dos obxectivos de calidade implantados na Titulación. Normalmente, estas materias son complicadas de superar polo alumnado por ter unha carga de matemáticas e estatística moi importante, pero son moi importantes para a formación do alumnado de Grao.

Polo tanto, pódese concluir que o grao do cumprimento destes valores obxectivo é satisfactorio prácticamente en toda a Titulación e que os valores obxectivo propostos na nova memoria do título foron adecuados.



Figura 33. Taxas de Éxito e Rendemento por semestre para o curso 2023-24.

Con os valores obtidos, a Taxa de Rendemento xeral para a Titulación foi neste curso 2024-24 dun 69,0%, que é unha pequena diminución con respecto ao seu valor no curso 2022-23 pero non explica o aumento da duración media dos estudos obtida neste curso. Con todo, pódese dicir que se observan pequenas melloras grazas á modificación da distribución das materias realizado no Novo Plan de estudos, así como os esforzos realizados polos distintos Equipos Decanais da Facultade, a través das accións de coordinación e as campañas de promoción da Titulación, entre outros. O

equipo Decanal continuará facendo un atento seguimento destas taxas para seguir planeando melloras na Titulación. A pouca participación do alumnado nas enquisas sobre o desenvolvemento das materias e do curso, tal e como se comenta no apartado II.1.h, e que foron planeadas como acción de mellora, non serviron para inspirar medidas que sirvan para mellorar esas taxas.

Nas seguintes gráficas (Figuras 34 a 37), móstrase as Taxas de Rendemento e éxito en cada materia no curso 2022-23, así como a evolución destas taxas ao longo do histórico da Titulación. Inclúense de maneira separada as materias dos Plans de estudos Novo (PN) e Vello (PV).

As Taxas de Rendemento das materias do primeiro curso oscilan entre 45% da materia Química I, que é a única que non acada os valores obxectivo para o primeiro curso, e o 89% da materia Bioloxía II. As outras materias coas Taxas de Rendemento máis altas son Xeoloxía I e Matemáticas I. Unha situación similar obtense coas Taxas de Éxito.

No segundo curso, as Taxas de Rendemento das materias Física II, Sedimentoloxía, Medios sedimentarios e Oceanografía Química II superan o 70%. A máxima Taxa de Rendemento obtívose na materia Principios de Microbioloxía Mariña mentres que as materias Botánica Mariña, Oceanografía Química I e Ecoloxía Mariña non acadaron o 60%. As Taxas de Éxito teñen un comportamento similar en ambos semestres.

No terceiro curso, a maioría das materias teñen Taxas de Rendemento superiores ao 70%, pero a materia Oceanografía Física I está por debaixo do 50%. Obsérvase un comportamento similar coas Taxas de Éxito.

No primeiro semestre do cuarto curso, obsérvanse dous grupos de materias. Nun grupo, Contaminación Mariña, Xeoloxía Mariña Aplicada e Xestión Mariña e Litoral, teñen Taxas de Rendemento superiores ao 90%, mentres que noutro grupo, coas materias Dinámica Oceánica e Pesquerías, as Taxas de Rendemento son moi inferiores. No caso das materias optativas, a práctica totalidade delas supera o valor obxectivo da Taxa de Rendemento do 80%, sendo na maioría dos casos dun 100%.

A evolución histórica das Taxas de Rendemento e éxito mostra que, despois das alteracións que tiveron estes valores pola situación da pandemia da Covid-19 e os cambios dos plans de estudos, os valores destas taxas volven a estar nas franxas que se observaban no Plan de Estudos Vello.

1º curso

1er semestre



2º semestre



Taxa de Rendemento





Taxa de Éxito





Figura 34.

2º curso

1er semestre



2º semestre



Taxa de Rendemento





Taxa de Éxito





Figura 35.

3º curso

1er semestre



2º semestre



Taxa de Rendemento





Taxa de Éxito





Figura 36.

4º curso e materias optativas

Obrigatorias



Optativas



Taxa de Rendemento





Taxa de Éxito





Figura 37.

Traballo de Fin de Grao

Como se mostra na Táboa 15, o número total de traballos supervisados no Centro durante os últimos cursos académicos é de 305 dos que se defenderon un 75,7% (231 TFGs). O número de liñas e prazas ofertadas mantense cada ano ao redor de 45 e 56, respectivamente, suficiente para cubrir a demanda de TFGs da Titulación. O número de matriculados da táboa inclúe ao alumnado repetidor e, ademais, hai que ter en conta que algúns alumnos non elixen liña na súa primeira matriculación polas causas que se comentarán máis adiante.

Táboa 15. Histórico de número de matriculados, número de liñas ofertadas, prazas dispoñibles, liñas asignadas e traballos defendidos no TFG do Grao en Ciencias do Mar.

TFG		2022-23	2021-22	2020-21	2019-20	2018-19	2017-18
Matriculados	79	46	81	77	81	73	56
Liñas de traballo ofertadas	41	42	47	38	52	51	42
Prazas ofertadas	64	61	56	43	61	59	46
Prazas asignadas	47	36	50	42	44	51	35
Defendidos	36	28	32	40	37	31	27

A asignación de liñas faise pública na web do Centro: https://mar.uvigo.es/alumnado/trabajo-fin-de-grado/

A lingua de presentación do TFG, tanto do volume escrito como da exposición oral, pode ser o castelán, galego ou inglés, tal e como queda establecido na guía docente da devandita materia.

O curso 2012-13 foi o primeiro no que se presentaron Traballos de Fin de Grao. Na seguinte táboa (16) móstrase o número de traballos de Fin de Grao presentados nos últimos cursos académicos:

Táboa 16. Número de alumnos presentados nas convocatorias do TFG desde o curso 2017-18 ata o 2022-23.

Curso	Nº alumnos convocatoria maio/xuño	Nº alumnos convocatoria xullo	Nº alumnos convocatoria febreiro	Nº alumnos convocatoria fin de carreira
2017-18	8	10	2	7
2018-19	7	18	1	5
2019-20	9	15	7	6
2020-21	9	14	9	8
2021-22	6	19	2	5
2022-23	8	10	4	6
2023-24	17	7	5	7

As cualificacións dos TFGs defendidos ata o momento na Titulación de Ciencias do Mar preséntanse na seguinte táboa (17), resúmense os valores medios por convocatoria obtidos polo alumnado nos últimos 6 cursos académicos. Neste curso 2023-24, así como nos dous cursos anteriores, as mellores cualificacións as obtiveron o alumnado que se presentou á convocatoria ordinaria de xuño.

Táboa 17. Cualificacións medias obtidas polo alumnado nas convocatorias do TFG desde o curso 2017-18 ata o 2022-23.

Nota media	convocatoria maio/xuño	convocatoria xullo	convocatoria febreiro	convocatoria fin de carreira
2017-18	8,5	8,3	7,9	8,0
2018-19	8,6	7,7	8,9	8,5
2019-20	8,7	8,6	7,5	8,4
2020-21	8,4	8,7	7,8	8,0
2021-22	8,7	8,2	7,3	8,3
2022-23	9,1	7,8	6,4	7,1
2023-24	8,3	8.0	7,3	8,0

Na Figura 38 móstrase o histórico das Taxas de Rendemento e éxito do TFG, que desde o curso 2021-22 está desagregado en Plan Novo e Vello. Neste curso 2023-24, a Taxa de Rendemento do TFG do Plan Vello diminuío con respecto aos cursos anteriores ata un 36,4%, mentres que no TFG do Plan Novo continúa aumentando ata obter valores similares aos obtidos no histórico da Titulación, cun valor dun 45,7%. É de destacar, en xeral, a gran diferenza entre os valores tan baixos da Taxa de Rendemento e o valores da Taxa de Éxito, que alcanza valores dun 100%.



Figura 38. Histórico de Taxas de Rendemento e Éxito do Traballo Fin de Grao na Titulación de Grao en Ciencias do Mar. PN = Plan Novo; PV = Plan Vello.

A explicación destas diferenzas débese, fundamentalmente, a que o alumnado do Grao en Ciencias do Mar ten a obrigación legal de matricularse anualmente, como mínimo, de 48 créditos, igual que o resto de alumnado da Universidade de Vigo. A tendencia do alumnado é a matricularse ao final dos seus estudos de grao daquelas materias máis difíciles de superar e, por tanto, vense obrigados a matricularse do TFG se o número de créditos non alcanza o número mínimo de 48. Isto provoca dúas situacións:

1- En numerosas ocasións, o alumnado entrega a súa memoria de TFG para a súa lectura e defensa, pero finalmente non poden defendelo porque non aproba algunha das materias pendentes.

2- Unha parte do alumnado non elixe liña de traballo no seu primeiro ano de matrícula, sabendo que non vai poder dispoñer de tempo para realizalo coas materias que aínda quedan pendentes.

Estes feitos fan que unha porcentaxe significativa do alumnado non poida defender o seu TFG o primeiro ano que se matricula porque ao final de curso póidalles quedar algunha materia pendente. Os alumnos son conscientes de iso e tamén aproveitan para matricularse do TFG co fin de ir avanzando nos seus traballos de laboratorio e/ou campo, mentres van superando as materias que quedan por aprobar.

Para poder evidenciar isto con máis exactitude, o ideal sería dispoñer de datos obxectivos nos que fundamentar esta explicación, pero isto requiriría moito tempo e esforzo por parte da Secretaría do Centro, xa que sería necesario recompilar, a partir das plataformas *Xescampus* e/ou *SIGMA*, a información necesaria alumno por alumno e, finalmente, facer os cálculos correspondentes para obter as porcentaxes.

O coordinador da materia TFG non soamente imparte unha charla de información sobre esta materia ao alumnado de 4.º curso, senón que desde o curso 2020-21 tamén a imparte ao alumnado de 3.º curso, para informarlles da importancia de que se matriculen con responsabilidade, así como que teñan a seguridade de poder realizar a súa lectura e defensa no curso académico no que realmente poidan presentalo. Tendo en conta esa obrigación de matricularse dun mínimo de 48 créditos por curso académico, como se comentou anteriormente, é difícil que esta acción de mellora teña a efectividade desexada.

A cualificación do TFG obtense da cualificación achegada polo titor académico (30%), onde se valora a execución do traballo e o volume escrito, e a cualificación do tribunal (70%), onde tamén se revisa o traballo escrito, pero prima sobre todo a presentación e defensa do traballo. En xeral non adoita haber suspensos, xa que o TFG é dirixido persoalmente por docentes do Grao que, na actual aplicación, deben dar o visto e prace á defensa do TFG do alumno. Deste xeito, unha vez chegado o momento da presentación existe un filtro importante e todos os traballos que se defenden alcanzan un mínimo de calidade. Así mesmo, unha gran parte do alumnado esmérase en facer un traballo de calidade, considerando que o TFG sérvelles como tarxeta de presentación á hora de acceder ao mundo laboral. As MH outorgadas responden o límite posible en función do número de alumnos matriculados.

As cualificacións obtidas nos últimos cursos móstranse na Táboa 18, na que se pode ver que aumentaron as proporcións de alumnos/as coas cualificacións de aprobado e de sobresaliente/matrícula de honra.

Táboa 18. Histórico de distribución de cualificacións obtidas no TFG do Grao en Ciencias do Mar.

Cualificacións	2023-24	2022-23	2021-22	2020-21	2019-20	2018-19	2017-18
Matrícula de Honra	2	4	3	3	5	2	3
Sobresaliente	9	3	9	13	15	6	4
Notable	16	14	16	18	11	18	17
Aprobado	9	8	4	6	6	4	3
Suspenso	0	0	0	0	0	1	0
Non presentado	43	30	49	37	44	42	19

Estas cualificacións desvíanse dos valores medios do grao, onde a cualificación máis frecuente é o aprobado, seguida do notable, e con escasos sobresalientes. Isto, como xa se comentou, é esperado, xa que o TFG é un traballo individual para o que o estudante dispón de 300 h e da titorización dun docente, o que incentiva a súa implicación para realizar un traballo de calidade.

As boas cualificacións son un indicativo de que o alumnado que termina os seus estudos de Grao adquiriu as competencias e habilidades da Titulación de maneira satisfactoria. Tamén hai que

destacar nesta Táboa 18 o elevado número de alumnos/as que aparecen como Non Presentado, tal e como se comentou anteriormente.

A normativa do TFG da Universidade de Vigo foi aprobada en Consello de Goberno o 15 de xuño de 2016 e modificada o 13 de novembro de 2018 e 31 de outubro de 2022. Mentras que a Normativa do TFG da Facultade de Ciencias do Mar, aprobada o 12 de abril de 2012, está sen modificar desde o 25 de xuño de 2013. Polo que, aínda que non houbese queixas nin incidencias doutra índole, a Dirección do Centro considera necesaria unha actualización do regulamento do TFG da Facultade, así como a reforma dos criterios de avaliación do TFG, tanto da parte do titor como a que realiza o tribunal, mesmo na adxudicación de Matrículas de Honra. Estes cambios propuxéronse no curso 2022-23 como unha acción de mellora. A maneira máis adecuada de levalos a cabo é mediante o desenvolvemento de rúbricas que faciliten ao alumnado o criterio a seguir para a elaboración do traballo e a súa exposición, así como para axudar aos distintos tribunais, que participan nunha mesma convocatoria, a avaliar de maneira uniforme os traballos e exposición destes.

Finalmente existen dúas cuestións relacionadas co TFG susceptibles de mellora. Ambas teñen que ver coa implicación do profesorado. Por unha banda, aínda que o TFG é unha materia máis da Titulación, a titorización dos traballos non conta no POD. Aínda que na Universidade de Vigo recoñécese un desconto de docencia de 6 h por cada traballo titorizado, os profesores consideran que este recoñecemento é insuficiente. A segunda cuestión ten que ver coa participación nos tribunais que xulgan os TFGs, o que require un tempo significativo previo de lectura e avaliación dos mesmos, ademais do tempo empregado no acto de lectura e defensa. De novo, aínda que na Facultade aplícanse descontos docentes dunhas poucas horas por formar parte dos tribunais do TFG, o profesorado considéraos insuficientes.

II.7. Número de egresados.



Figura 39. Histórico dos valores do número de egresados desagregado por sexo.

O número de egresados ao longo do histórico da Titulación é de 32 alumnos de media, descartando o dato do curso 2012-13, con 5 egresados. Dende o curso 2017-18 ata o curso 2020-21, o número de egresados foi aumentando e alcanzou o valor máis alto no histórico da Titulación, 40 (21 homes e 19 mulleres, Figura 39). Neste curso 2023-2024 o número aumentou ata os 36 egresados (18 homes e 18 mulleres), polo que este dato non modifica a diminución da duración media dos estudos obtida neste curso (II.5.g.).

II.8. Conclusións respecto dos indicadores académicos.

Se revisamos as cualificacións por materia, os resultados resúmense na Figura 40, na que se mostra a distribución de cualificacións obtidas polo alumnado por curso académico. Obsérvase que estas teñen un patrón moi regular para os distintos cursos académicos excepto do curso 2019-20, onde se observan diferenzas significativas nas porcentaxes de suspensos e notables. Para o resto, a porcentaxe de suspensos oscila entre o 24 e o 29%, o de aprobados mantíñase entre o 41 e o 46% ata o curso 2022-23, o de notables ata o curso 2021-22 entre un 23 e 26%, sobresalientes nun 3% e matrículas de honra un 2%. O curso 2019-20 foi moi excepcional, xa que se produciu un descenso dos suspensos a un 14%, a porcentaxe de aprobados e matrículas de honra non cambiou, e o de notables e sobresalientes aumentou ata un 34% e 5%, respectivamente.

Neste curso 2023-24, destaca o menor número de suspensos, cun 24,4%, similar ao do curso 2022-23, e que é o segundo valor máis baixo da serie se non se ten en conta os resultados do curso 2019-20. Tamén destaca o aumento do número de notables, nos dous últimos cursos académicos, sendo a porcentaxe deste curso 2023-24 dun 33,3%, que é o valor moi similar á porcentaxe do curso 2019-20.



Figura 40. Histórico da distribución das cualificacións por curso académico.

Os resultados das Taxas Académicas foron unha das causas da revisión do Plan de Estudos e supuxeron accións de mellora que se poden resumir da seguinte maneira:

Baixas Taxas de Rendemento:
- A distribución das materias no Novo Plan de estudos estiveron encamiñadas a mellorar as Taxas de Rendemento dalgunhas materias máis difíciles de superar da Titulación.
- Realización de enquisas sobre o desenvolvemento das materias e do curso para poder evidenciar as causas.

Baixas Taxas de Rendemento no TFG:
- O coordinador do TFG informa o alumnado de 3.º e 4.º curso sobre unha matrícula responsable.

Alta Taxa de Abandono:
- Actividades de divulgación para promocionar as Ciencias do Mar como unha opción atractiva para realizar os seus estudos.
- Actividades que divulguen a versatilidade que ofrece a Titulación de Ciencias do Mar á hora de buscar emprego.

As Taxas Académicas de éxito (76%) e rendemento (69%) do Grao son das máis altas obtidos nos últimos cursos, superando o valor obxectivo da Taxa de Rendemento para este curso 2023-24 (65%) pero estando por debaixo no caso da Taxa de Éxito (80%). Os valores da Taxa de Avaliación mantivéronse constantes nos últimos cursos, con valores superiores ao 85%, como neste curso 2023-24 (90,6%). Igualmente, a Taxa de Eficiencia seguía unha lixeira tendencia descendente, pero neste curso 2022-23 aumentou ata superar o valor obxectivo da Titulación cun valor dun 89,5%. Esta mellora das Taxas Académicas teñen dúas causas principais:

- Durante os cursos académicos da pandemia do Covid-19, o profesorado mellorou o seu material docente, deseñando novas actividades para facer en liña e mellorando as presentacións para que puideran ter unha mellor visibilidade a través das aulas virtuais do campusremotouvigo.gal.
- Unha mellor disposición do alumnado para o estudo e a realización de tarefas de aprendizaxe. Despois dos anos seguintes ao confinamiento, o alumnado mostraba un cansancio e un desánimo hacia o estudo, en gran parte debido a la organización da docencia semi-presencial e as medidas de seguridade impostas para un desenvolvemento seguro da actividade docente.

A Taxa de Abandono oscila entre o 20 e o 30%. Estes valores poden ser debidos ás baixas Taxas de Adecuación, tal como parece reflectir a correlación que presenta, en anos anteriores, a Taxa de Abandono coa nota media. Isto supón a entrada á Titulación dun elevado número de estudantes cunha preferencia diferente aos estudos de Grao en Ciencias do Mar, polo que nos cursos seguintes abandonan a Titulación. Tamén dáse o caso de que unha proporción significativa do alumnado, que elixe o Grado en Ciencias do Mar como primeira opción, ten as notas de acceso máis baixas, e posteriormente atopa dificultades á hora de superar as materias.

En canto aos indicadores por curso, a tendencia observada é que seguen sendo máis baixos en 1º e 2º curso e melloran significativamente en 3º e 4º curso.

Se analizamos indicadores por materia, despois das variacións sufridas nos cursos 2019-20 e 2020-21 pola situación excepcional pola pandemia do Covid-19 e os cambios do plan de estudos, os valores volven a manterse en valores similares aos obtidos nos cursos anteriores ao 2019-20.

Como se mencionou anteriormente, o centro aprobou en Xunta de Facultade unha serie de enquisas para o alumnado co obxecto de recadar información sobre o seu traballo académico desenvolvido para cada materia, e así poder ter un coñecemento máis preciso co fin de mellorar as Taxas Académicas. Como se comentou anteriormente, a participación nesta enquisa sempre foi moi baixa.

A Taxa de Avaliación non se tivo en conta posto que os valores son moi altos en todas as materias e débese a que os alumnos preséntanse aos exames sabendo que o feito de facelo non lles produce ningún tipo de prexuízo.

II.9. Resultados de inserción laboral e perfil de egreso (EVIDENCIA 8, INDICADOR 12).

A información relativa á inserción laboral en egresados de Ciencias do Mar corresponde aos titulados desde o curso 2013-14 a 2015-16, e os titulados do curso 2018-19 no informe da Universidade de Vigo. Por tanto, é a primeira vez que se dispón de información de inserción laboral desde a implantación do Grao.

A páxina web do **Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades** ofrece unicamente datos de Taxa de Afiliación e Taxa de Afiliación Media á SS, en porcentaxe, por ámbito de coñecemento na Universidade de Vigo, para os egresados dos cursos 2009-10 ao 2015-16, aos que se lles fai un seguimento ata os 4 anos posteriores á graduación https://estadisticas.universidades.gob.es/jaxiPx/Tabla.htm?path=/Universitaria/Insercion_labor

al/2021/GRADO/CAP1_TAS//l0/&file=Afiliacion_Tasa_Nac_Ambito_Grado_Univ.px&type=pcaxis&L=0. Para facer o seguimento dos titulados do Grao en Ciencias do Mar, hai que elixir o ámbito de estudo de "Agricultura, gandería e pesca". Os datos mostran que a Taxa de Afiliación no primeiro ano aumenta dun 35,1% para os graduados do curso 2009-10 ata un 58,2% no curso 2015-16. Tamén obsérvase un aumento progresivo co tempo da Taxa de Afiliación á SS nos Titulados do Grao da Universidade de Vigo no ámbito das Ciencias desde o primeiro ata o cuarto ano posterior á graduación, cun aumento desta taxa ata un 50,9% para as/os egresadasos do curso 2009-10 e ata un 73,1% para as/os egresadas/os do curso 2015-16.

Así mesmo, na páxina https://estadisticas.universidades.gob.es/jaxiPx/files/_px/es/xlsx/Universitaria/Insercion_laboral/2024/GRADO/CAP1_TAS/l0/Afiliacion_Tasa_Edad_Campo_Grado_Tot.px pódense consultar os datos das/os egresadas/os en Ciencias do Mar que estudaron nas Universidades públicas españolas entre os cursos 2009-10 ata o curso 2018-19. Os datos mostran que a Taxa de Afiliación no primeiro ano varía entre un 15,3% do curso 2012-13 ata un 28,1 do curso 2016-17. Obsérvanse resultados similares nos datos da Taxa de Afiliación Media, así como as Taxas de Afiliación e Afiliación Media das/os menores de 25 anos, ao igual que as/os egresadas/os con idades entre25 e 30 anos.

Ademais, a páxina https://estadisticas.educacion.gob.es/EducaJaxiPx/Tabla.htm?path=/Universitaria/Insercion_laboral/Egresados_hasta_13_14/GRADO/CAP1_TAS/l0/&file=Afiliacion_Tasa_Sexo_Campo_Tot_Grado.px&L=0 mostra datos desagregados por sexo das/os egresadas/os en Ciencias do Mar dos cursos 2012-13 e 2013-14 que estudaron en universidades públicas de maneira presencial. Os datos mostran que a Taxa de Afiliación a Seguridade Social aumenta no curso 2012-13, dun 15,3% no 1º ano ata un 37,6% no 4º ano. No curso 2013-14, este aumento é dun 16,6% no 1º ano ata un 55,7% no 4º ano. As Taxas de Afiliación dos homes sempre son superiores ás das mulleres en todos os cursos e anos.

O **Instituto Nacional de Estatística, INE**, achega datos xerais sobre o sistema universitario español, realizando informes anuais que posteriormente son utilizados polo Ministerio de Educación, e están dispoñibles na súa web. No seu informe de 2019, ofrece datos sobre os titulados en Grao en Ciencias do Mar de todas as universidades de España que terminaron os seus estudos o curso 2013-14 (INEbase / Mercado laboral /Outras operacións de mercado laboral /Enquisa de inserción laboral de titulados universitarios / Resultados/ Enquisa 2019). Estes distinguen cifras absolutas e relativas, e definen a metodoloxía das enquisas e outros datos de interese.

Nesta páxina evidénciase que unha proporción importante dos/as egresados/as en Ciencias do Mar están a traballar (77,7%). Os egresados que están na situación "Inactivo" están a realizar estudos de Máster e outros. O 37% dos/as graduados/as en Ciencias do Mar son asalariados con contrato permanente ou temporal, o 82,5% traballan a tempo completo, e a maioría traballa en "Actividades profesionais, científico e técnicas", seguido de "Educación". Ademais, o 65,9% de graduados/as traballan en ámbitos relacionados coa súa propia área de estudos ou relacionada, o 63,1% traballan en empregos que requiren unha formación universitaria, o 53,2% cobran salarios que oscilan entre os 1000 e o 1499 €/mes e un pouco máis do 20% cobran por encima do 1500 €/mes.

A **Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, ACSUG**, ofrece na súa páxina web (http://www.acsug.es/gl/insercion/graduados/eil1314) información sobre os titulados/as no Sistema Universitario de Galicia durante os cursos académicos 2013-14 e 2014-15, que fixeron o depósito do título de Grao ao longo dos anos 2014 e 2015 e que foron entrevistados nos anos 2018 e 2022, respectivamente. A poboación dos graduados do curso 2013-14 foi de 24 graduados/as dos que 10 realizaron a enquisa (41,7%, 3 homes e 7 mulleres), e a poboación dos graduados do curso 2014-15 foi de 19 graduados dos que 10 (52,6%, 5 homes e 5 mulleres) realizaron a enquisa. A diferenza dos datos do INE, aquí están recollidos os datos da Titulación de

Grao en Ciencias do Mar da Universidade de Vigo, tal e como ocorre nos datos do Ministerio de Universidades.

Os resultados sobre a inserción laboral son similares aos que se mostran no Instituto Nacional de Estatística e o Ministerio de Universidades, sobre todo para os egresados no curso 2014-15. O tempo para atopar emprego descendeu nos egresados do curso 2014-15 con respecto ao 2013-14, de 13,40 a 8,08 meses. Así mesmo, predomina o traballo indefinido fronte ao eventual e non hai egresados con contratos en prácticas. Ademais, todos os egresados entrevistados desenvolven nos seus traballos funciones maioritariamente a nivel universitario. Un dato negativo é a diferenza de salario neto mensual de 400 euros ao mes entre os homes e as mulleres.

Hai que destacar que a maioría dos/as egresados/as entrevistados/as volverían cursar estudos universitarios e que unha gran maioría deles/as volverían estudar o Grao de Ciencias do Mar na Universidade de Vigo, a pesar de que a metade deles non elixiran esta titulación como primeira opción, o cal está en sintonía cos datos de adecuación.

No **Portal de Transparencia da Universidade de Vigo**, (Estatísticas) https://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL_EG_2020-21_gl.pdf, pódese acceder ao informe sobre *"Inserción laboral dás persoas tituladas dá UVigo en estudos de grao curso 2020-21"* de Luís Espada Recarey e Victor Manuel Martínez Cacharrón. Este informe está editado polo Consello Social da Universidade de Vigo e foi elaborado a partir dos resultados dunha enquisa realizada entre maio e xullo de 2023. Para o caso da Titulación de Grao en Ciencias do Mar, enviouse a enquisa a 30 rexistradas/os na base de datos do Observatorio de Persoas Tituladas das 40 persoas tituladas (non hai datos de participación, polos valores das porcentaxes dos resultados, estímase que participaron 6 persoas, 2 homes e 4 mulleres cunha idade media de 26,7 anos). A partir dos resultados deste informe, pode observarse que o 100,0% das/os egresadas/os enquisadas/os teñen un emprego, onde o 83,3% contaban con experiencia laboral previa a súa graduación. O tempo medio para atopar emprego foi de 7,8 meses (19,0 meses para os homes e 5,0 meses para as mulleres). O 33,3% das/os enquisadas/os traballan en Galicia (provincia de Pontevedra), un 33,3% noutras comunidades autónomas (Madrid) e o outro 33,3% noutro país (Austria e República Dominicana). Todas/os enquisadas/os traballan a tempo completo e o 50% das mulleres están nunha situación de estabilidade laboral. Un 16,7% traballa no ámbito público, o 50% na empresa privada e o 33,7% restante nalgunha entidade non lucrativa. As persoas empregadas no ámbito público e empresa privada teñen contrato en prácticas (25%), contrato indefinido (25%), contrato por obra o servizo (25%) e contrato temporal (25%). A totalidade das/os enquisadas/os traballan en postos directivos (50% mulleres) ou técnicas/os cualificadas/os (100% homes e 50% mulleres). O tipo de empresa nas que traballan son de tipo individual (16,7%), pequena empresa (33,3%), mediana empresa (33,3%) e gran empresa (16,7%). O 66,7% traballan en empregos relacionados cos estudos de Grao en Ciencias do Mar (o 100% dos homes e o 50% das mulleres).

O salario medio mensual das/os enquisadas/os é de 1625,50€ e oscila entre o intervalo 500-1000€ ata o 2500-3000€. Un 33,3% considera que o traballo é adecuado ao seus estudos e un 50% considera que a relación entre o traballo actual e o nivel académico está sobrecualificado. Así mesmo, a satisfacción dun 66,7% das/os enquisadas/os sobre o seu traballo está entre "satisfactorio" "e moi satisfactorio".

Un 50% das/os enquisadas/os teñen un nivel de satisfacción coa Titulación de "satisfactorio" o "moi satisfactorio", e un 16,7% ten un nivel de satisfacción de "moi insatisfactorio". Do mesmo modo, o 50% das/os enquisadas/os consideran que as competencias adquiridas durante os seus estudos son "insatisfactorias", cun nivel de satisfacción xeral de 3,00 puntos, sendo maior a satisfacción entre os homes (3,50 puntos) que nas mulleres (2,75 puntos). A valoración das/os enquisados sobre recomendar os estudos de Grao en Ciencias do mar é dun 16,7% de aceptábel, 33,3% de satisfactorio e un 16,7% de moi satisfactorio, con puntuacións de 3,00 para os homes e 3,25 para as

mulleres. A puntuación que lle dan os homes e as mulleres a satisfacción coa capacitación dos estudos para desenvolver a profesión e a melloría da inserción laboral e, en ambos casos, de 2,50 puntos. A satisfacción coa melloría do nivel socio-laboral cos estudos de grao é de 3,00 puntos para os homes e 2,25 para as mulleres.

Estes últimos datos, aínda que sexan mellores que os obtidos no mesmo informe de ano 2019-20, seguen sen considerarse favorables e son motivo de unha continua mellora desde a Dirección do Centro. Co fin de cambiar esta apreciación a Dirección do Centro leva varios cursos académicos organizando unhas xornadas sobre saídas profesionais para o alumnado de Grao e Mestrado, onde antigas/os alumnas/os expoñen as súas experiencias á hora de enfrontarse á procura de emprego e, ademais, mostran ao alumnado os variados campos profesionais onde poden optar a postos de traballo grazas á súa formación multidisciplinar.

A partir destes datos, así como cos datos obtidos nas enquisas de satisfacción do alumnado e dos egresados, na que as puntuacións nos ítems referidos á orientación laboral no son bos (II.1.c. e II.1.d), implantáronse no curso 2022-23 as seguintes accións de mellora:

- Fomento da formación en estatística, normativas de contorna laboral e xestión de proxectos naquelas materias onde se adquiran ou se poidan adquirir habilidades nestes aspectos.
- Revisión do programa PAT para que nos primeiros cursos da Titulación teña unha orientación máis académica e nos últimos cursos unha orientación laboral.
- Orientación das habilidades das materias para enfocalas cara ao mundo laboral.
- O profesorado das materias de carácter profesional, así como nalgunhas de coñecementos e técnicas transversais, destacará as aplicacións ao mundo laboral que teñen os coñecementos científico-técnicos incluídos nos contidos das materias que imparten.

Outras fontes importantes de información sobre a inserción laboral dos egresados son a valoración da Titulación por parte dos empregadores, que xa foi comentada no apartado II.1.g, e os Informes Finais das Prácticas Externas que as empresas realizan sobre os estudantes. Os datos actualizados móstranse na Táboa 19 para os cursos desde 2017-18 ao 2023-2024, onde 25 estudantes realizaron estas prácticas neste curso 2023-24.

Desde o curso 2022-23 implantouse unha nova modalidade de avaliación, con dous novos ítems a avaliar polos/as titores/as das empresas: “Relación coa contorna laboral” e “Receptividade a críticas”. En xeral, os resultados son positivos, con valores superiores a 4 sobre 5 en todos os casos. Estes datos reflicten que as empresas ou institucións onde os alumnos realizan as prácticas externas valoran o traballo realizado por estes alumnos, así como as competencias e habilidades que adquiren durante os seus estudos de Grao, e que os capacita satisfactoriamente para acceder ao mercado de traballo. Con todo, os valores dos últimos dos cursos han descendido moi notabelmente con respecto aos cursos anteriores, sendo os máis baixos da serie histórica, xusto todo o contrario que nos cursos 2020-21 e 2021-22 que foron os máis altos. Hai que destacar que as puntuacións máis altas no curso 2023-24 obtivéronse nos aspectos de “Receptividade a críticas”, “Relación con contorno laboral” e “Capacidade de aprendizaxe”. Por outra banda, as puntuacións máis baixas obtivéronse nos aspectos de “Creatividade”, “Sentido da responsabilidade” e “Administración de traballos”.

Táboa 19. Histórico de cualificacións que realizan as empresas ao alumnado de Grao en Ciencias do Mar.

Valoración das empresas	2023-24	2022-23	2021-22	2020-21	2019-20	2018-19	2017-18
Capacidade técnica	4,50	4,27	4,71	4,64	4,53	4,54	4,33
Capacidade de aprendizaxe	4,74	4,53	5,00	4,87	4,67	4,75	4,58
Administración de traballos	4,39	4,21	4,80	4,71	4,53	4,74	4,50
Habilidade de comunicación oral e escrita	4,44	4,05	4,76	4,67	4,40	4,63	4,17
Sentido da responsabilidade	4,32	4,57	4,95	4,80	4,73	4,75	4,67
Facilidade de adaptación	4,74	4,50	4,95	4,87	4,80	4,92	4,67
Creatividade	4,32	4,13	4,90	4,79	4,33	4,61	4,33
Iniciativa	4,56	4,05	4,81	4,80	4,47	4,67	4,33
Implicación persoal	4,55	4,43	4,90	4,87	4,73	4,83	4,83
Motivación	4,68	4,37	5,00	4,87	4,80	4,75	4,75
Capacidade de traballo en equipo	4,64	4,53	5,00	4,86	4,67	4,88	4,67
Puntualidade	4,61	4,73	4,90	4,87	4,93	4,92	4,67
Asistencia	4,61	4,78	5,00	4,87	4,87	4,75	4,75
Formación adquirida na práctica	4,55	4,40	4,90	4,79	4,60	4,75	4,50
A formación universitaria axústase ao posto	4,59	4,17	4,71	4,60	4,53	4,50	4,42
Relación co contorno laboral	4,75	4,67					
Receptividade a críticas	4,83	4,67					

II.10. Resultados relacionados aos recursos humanos.

II.10.a. Cualificación do PDI (I50-4).

No curso 2023-24, o profesorado está formado por 51 homes e 53 mulleres, e as súas categorías profesionais móstranse na Figura 41. Ao menos o 80% do profesorado ten o título de Doutor. Sería desexable unha maior proporción de mulleres no cadro de Profesorado Titular, Catedráticos/as de Universidade e Contratados/as Doutores/as (38 homes e 22 mulleres). Un 57,7% do total de profesorado conforman as categorías mencionadas anteriormente, porcentaxe que se mantén estable co tempo, e imparten un 70% da docencia, que tamén é a porcentaxe de horas de docencia impartidas por este persoal nos últimos cursos académicos.

A participación de persoal en formación non doutor (na súa maioría contratados predoutorais) céntrase fundamentalmente en apoio a tarefas docentes e imparten unha pequena porcentaxe das horas de docencia na Titulación. Consideramos que este aspecto é positivo, posto que a Universidade é un centro de formación de alumnos e tamén de profesores e investigadores.

Figura 41. Distribución do PDI por categoría profesional no curso 2023-2024 e desgregada por sexos.

Na Figura 42 móstrase o histórico de profesorado por categoría, onde se observa unha tendencia descendente do número de Profesores/as Titulares de Universidade e Contratadas/os doutoras/es, a súa vez, un aumento do número de Catedráticos/as de Universidade.



Figura 42. Histórico das categorías de profesorado nos últimos cursos académicos.

II.10.b. Resultados de investigación (I50-5) e de carácter académico.

1. Quinquenios

a)



b)

Figura 43. Históricos dos valores de quinquenios de docencia.

O número total de quinquenios (Figura 43) diminuíu este curso 2023-24 con respecto ao curso anterior 2022-23, de 281 a 279. Ademais, a proporción de quinquenios por profesor aumentou desde os 3,6 quinquenios no curso 2014-15 ata os 4,7 dos últimos cursos 2021-22 e 2022-23, pero tamén diminuíu este curso 2023-24 ata 4,6.

2. Sexenios



Figura 44. Históricos dos valores de sexenios de investigación.

O número total de sexenios do profesorado do centro ven incrementándose continuamente dende o comezo do Grao, alcanzando os 213 neste curso 2023-24, tal e como se mostra na Figura 44. O número de sexenios conseguidos polos homes parece aumentar de maneira regular ao longo do tempo, mentres que o número de sexenios conseguidos polas mulleres é máis variable ao longo do histórico da Titulación. Neste curso 2023-24 o número de sexenios das mulleres aumentou ata 73, oito máis que os conseguidos no curso anterior, 2022-23.



Figura 45. Históricos dos valores de porcentaxe de PDI con sexenios sobre o total.

A relación PDI con sexenios fronte a PDI total mantén unha tendencia ascendente desde o curso 2017-18 (Figura 45). No curso 2023-24 esta relación aumentou 6,7 puntos con respecto ao curso anterior, obtendo un valor de 95,0%. Convén destacar que esta porcentaxe é unha das máis elevadas entre as titulacións de grao na UVIGO e tamén é unha porcentaxe das máis elevada ao longo dos anos de impartición da Titulación. Por tanto, é importante recoñecer o esforzo realizado pola maioría do profesorado en realizar traballos de investigación, os cales permiten unha constante

actualización do coñecemento que repercute directamente nos coñecementos transferidos ao alumnado.



Figura 46. Históricos dos valores de porcentaxe de sexenios sobre o número de sexenios potenciais.

Cando se representa a relación entre sexenios conseguidos e o número de sexenios potenciais na Figura 46, obsérvase unha tendencia decrecente dende o curso 2014-15 ata o curso 2017-18. A partir de ese curso, esta relación aumenta, pero pode observarse que o aumento é maior nos homes (dun 57,3% ata un 91,0% no curso 2022-23) que nas mulleres (dun 56,6% ata un 70,8% no curso 2021-22). Neste curso 2023-24, a relación total ascende a un 86,9%, que é o máximo do histórico na Titulación, producíndose un aumento moi sobresaliente na porcentaxe das mulleres, que pasou dun 65,7% no curso 2022-23 ata un 90,1% no curso 2023-24.

II.10.c. Resultados do programa DOCENTIA (I7).

Táboa 20. Resultados da avaliación no programa quinquenal DOCENTIA para o profesorado da Facultade de Ciencias do Mar.

	MOI FAVORABLE		FAVORABLE		SUFICIENTE		DESFAVORABLE	
Período	**Nº**	**%**	**Nº**	**%**	**Nº**	**%**	**Nº**	**%**
2010-11 a 2014-15	--	--	7	3,57	2	1,02	--	--
2012-13 a 2016-17	--	--	1	2,17	2	4,35	--	--
	EXCELENTE		**NOTABLE**		**FAVORABLE**		**DESFAVORABLE**	
Período	**Nº**	**%**	**Nº**	**%**	**Nº**	**%**	**Nº**	**%**
2014-15 a 2018-19 Plan Vello	2	2,20	1	1,10				
2014-15 a 2018-19 Plan Novo	2	2,20	2	2,20				

Na Táboa 20 móstranse os datos correspondentes ás convocatorias do programa DOCENTIA para os períodos 2010-11 a 2014-15, 2012-13 a 2016-17 e 2014-15 a 2017-18, correspondente á convocatoria do curso 2020-21, onde un total de 9, 3 e 3 profesores adscritos ao Centro, respectivamente, presentaron a súa solicitude, o que corresponde a un 4,59%, 6,52%, e 3,30%, respectivamente, do profesorado avaliado na Universidade de Vigo nas correspondentes convocatorias.

II.10.d. Formación e mobilidade do profesorado (I5 e I8).

A Universidade de Vigo, a través da área de Formación e Innovación Educativa, encárgase da formación permanente e xestión da innovación educativa do PDI. Existe unha plataforma onde se ofertan e xestiónase a inscrición nos diferentes cursos (https://bubela.uvigo.es).



Figura 47. Formación de profesorado.

A Figura 47 mostra o histórico do número de PDI que participa en programas de formación. Nos cursos 2019-20 e 2020-21, aumentou o número de profesorado que participaba nestes programas, pero no curso 2021-22 esta cifra diminuíu ao mesmo número que no curso 2015-16, e mantívose practicamente igual nos seguintes cursos académicos (14 homes e 11 mulleres no curso 2023-24).. O aumento correspondente aos cursos mencionados estivo motivado polo cambio que supuxo a docencia non presencial debido a Covid-19, que precisou o uso do Campus Remoto (campusremotouvigo.gal) así como o dunha nova plataforma de teledocencia (Moovi), o que implicou o seguimento de cursos específicos ofertados pola Universidade de Vigo. Isto pon de manifesto a implicación do profesorado da Titulación na súa formación para adaptarse á situación provocada pola pandemia. En calquera caso, unha das peores puntuacións na Enquisa de Satisfacción do PDI coa Titulación é, precisamente, a relativa á oferta de formación permanente do profesorado na Universidade de Vigo.



Figura 48. Mobilidade do profesorado

En canto á mobilidade, os datos proporcionados polos indicadores reflicten porcentaxes de mobilidade baixos (variando do 1,3 ao 4% segundo o curso). Con todo, hai que considerar que este indicador reflicte mobilidade asociada a programas docentes. A Figura 48 mostra o histórico do PDI que participa nestes programas docentes de mobilidade.

Pola contra, a mobilidade do PDI do Grao en Ciencias do Mar no ámbito da investigación (estancias noutras universidades, asistencia a congresos, reunións de proxectos, workshops, etc.) é elevada. Queremos resaltar neste aspecto que practicamente todo o profesorado do Grao en Ciencias do Mar forma parte do Centro de Investigacións Mariñas, un dos 8 centros de investigación acreditados das tres universidades galegas financiados pola Xunta de Galicia en función dos méritos achegados, e que participa en numerosas alianzas nacionais e internacionais. Ademais, o profesorado da Titulación forma parte activa do Campus de Excelencia Campus do Mar, onde un dos aspectos principais que se potencia é a internacionalización, con programas de intercambio.

Á vista destes datos, pódese considerar que a mobilidade e a interacción do profesorado con outras institucións, de todo o mundo, é satisfactoria.

II.10.e. Persoal de Administración e Servizos (PAS) (EVIDENCIA 16, I6).

Na páxina do Portal de Transparencia da Universidade de Vigo, (https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/86), móstrase información relativa ao número de Persoal de Administración e Servizos, onde as fraccións de número das táboas mostradas a continuación (da 21 á 24) débense a que hai persoal do PAS que comparten a súa dedicación coas tres Facultades situadas no Edificio de Ciencias Experimentais: Ciencias do Mar, Bioloxía e Química.

Táboa 21. Titulación do PAS

Ano	Ensinos Básicos	Ensinos Medios	Ensinos Universitarios	Total
2015	1,67	5,33	6,00	13,00
2016	1,33	5,67	6,00	13,00
2017	2,00	6,33	4,67	13,00
2018	2,00	5,67	7,50	15,17
2019	1,67	8,00	7,50	17,17
2020	1,67	5,33	6,83	13,83
2021	1,33	5,33	6,33	13,00
2022	2,33	7,33	7,67	17,33
2023	1,67	5,00	10,33	17,00
2024	1,66	6,00	6,17	13,83

Na Táboa 21, móstrase o histórico do número total de PAS desagregado pola súa cualificación. O número de PAS ao longo do histórico da Titulación non variou desde o ano 2011, manténdose en 13 persoas. Os aumentos reflectidos na táboa, onde se mostra un aumento de persoal nos anos 2018, 2019, 2022, 2023 e 2024, débense á contratación de persoal temporal por acumulación de tarefas. Isto móstrase nas táboas 23 e 24 onde pode observarse un aumento do persoal con antigüidade menor a 5 anos e o número de persoal contratado con dedicación a Facultade de Ciencias do Mar nos anos mencionados anteriormente. Seguen manténdose as proporcións do PAS segundo a súa cualificación e as demandas de maior persoal de administración e servizos na Facultade reflectidas nos autoinformes de acreditación dos cursos 2016-17 e 2022-23, que nunca foron atendidas.

As demandas dos autoinformes elaborados no cursos 2016-17 e 2022-23 reflectíronse tal e como se describe a continuación.

- A Facultade leva anos solicitando á Universidade persoal de apoio para colaborar en tarefas relacionadas coa xestión de calidade. Neste sentido, en anteriores informes de seguimento incluíronse propostas de mellora e trasladouse á Xerencia da Universidade de Vigo a necesidade de contar con persoal de apoio estable especializado na xestión de calidade do Centro, sen obter unha resposta positiva.

O Centro conta co asesoramento de dous técnicos superiores da área de Apoio á Docencia e Calidade, pero estes técnicos teñen que asesorar a todos os centros da Universidade de Vigo co que isto supón (probablemente tamén requiren de maior número de persoal para abordar as tarefas co nivel esixido). Así, a carga de traballo derivada da implantación e despregamento do SGC na Facultade de Ciencias do Mar foi asumida fundamentalmente pola coordinación de calidade e o equipo Decanal.

- Tamén sería conveniente ampliar o número de técnicos de laboratorio da Facultade, debido ao elevado número de prácticas da Titulación. Ademais, a Titulación ten un elevado número de saídas de campo tanto en autobús como en barco. Neste último caso, a asistencia dun técnico de apoio na preparación e traslado do material e instrumentación, é cada vez máis importante.

- Cada vez estase facendo máis patente que a nova estrutura na que as titulacións dependen do Centro, baleirou de contido a secretaría administrativa dos Departamentos, reducindo o persoal a unha Área de Apoio a Centros e Departamentos. Con todo, esa carga de traballo trasladouse á Secretaría do Decanato do Centro. Por iso, consideramos que sería importante reforzar a Secretaría do Centro.

- Existe un informático funcionario no Centro compartido coas Facultades de Bioloxía e Química, e que nalgúns anos conta con persoal bolseiro. A maior parte do seu traballo téñeno que dedicar a resolver problemas dos computadores do persoal, aulas e laboratorios das tres Facultades, o que supón que algúns dos servizos básicos relacionados con este apartado deban ser contratados en empresas externas (elaboración e actualización da páxina web do centro, comunicacións e publicidade da Titulación a través de redes sociais, mantemento dos equipos informáticos docentes: canóns, lousas interactivas, monitores de TV, computadores).

Desde o centro detectouse tamén unha problemática relacionada co persoal de administración e servizos. A implantación do Grao, con novos procedementos administrativos, así como a introdución das novas tecnoloxías no ámbito administrativo-docente (aplicativos para matriculación, para xestión de TFGs, para xestión económica, realización de pedidos, sinatura electrónica das actas, etc.) introduciu nos centros numerosas tarefas administrativas novas que, non levan aparellados o correspondente incremento de persoal. Neste sentido, é preciso solicitar todos os anos máis persoal por acumulación de tarefas na Área de Posgrao, mentres que outras Áreas están infrautilizadas. Para emendar estas deficiencias, que se mostran no informe elaborado pola Administradora do Centro, proponse, como acción de mellora, ofrecer toda colaboración e apoio á Administradora de Centro para que as súas peticións de maior número de persoal de administración e servizos sexan atendidas.

A pesar de todo isto, desde a Dirección do Centro, destácase que nas enquisas de alumnos e profesorado valórase positivamente o traballo desempeñado polo PAS. Doutra banda, a contratación de PAS na Universidade depende doutras dependencias nas que a Dirección do Centro non ten participación algunha. Polo que se conclúe que o Centro considera que o traballo realizado polo PAS é satisfactorio pero insuficiente pola falta de persoal.

Nas seguintes Táboas (22 a 24), móstrase o histórico do persoal de administración e servizos da Facultade de Ciencias do Mar en función da súa antigüidade, a súa posición laboral e a súa categoría profesional.

Táboa 22. Antigüidade do PAS

Ano	Ata 5 anos	6 a 10 anos	11 a 15 anos	16 a 20 anos	21 a 25 anos	Máis de 25 anos	Total xeral
2015	1,00	1,00	2,00	3,00	5,33	0,67	13,00
2016	1,00	1,00	1,00	4,00	5,00	1,00	13,00
2017	0,33	0,67	2,33	4,33	5,00	0,33	13,00
2018	4,17	1,67	1,00	2,67	5,00	0,67	15,17
2019	5,83	0,67	2,67	2,00	3,33	2,67	17,17
2020	3,83	1,67	1,67	2,67	0,67	3,33	13,83
2021	2,33	1,33	1,00	2,00	2,67	3,67	13,00
2022	5,00	3,00	2,67	2,33	1,33	3,00	17,33
2023	2,00	2,83	1,33	3,33	2,67	4,83	17,00
2024	1,00	1,67	3,00	1,50	2,00	4,67	13,83

Táboa 23. Posición laboral do PAS

Ano	Funcionario		Total Funcionario	Laboral		Total Laboral	Total xeneral
	Fixo	Contratado		Fixo	Contratado		
2015	5,00	1,67	6,67	6,33		6,33	13,00
2016	5,00	1,67	6,67	6,33		6,33	13,00
2017	7,33	1,00	8,33	4,67		4,67	13,00
2018	4,67	3,83	8,50	5,33	1,33	6,67	15,17
2019	5,00	5,50	10,50	5,33	1,33	6,67	17,17
2020	3,83	4,67	8,50	1,33	4,00	5,33	13,83
2021	4,00	5,33	9,33	0,67	3,00	3,67	13,00
2022	6,33	10,33	16,67	0,67		0,67	17,33
2023	6,00	10,17	16,17	0,83	0	0,83	17,00
2024	1,67	12,17	13,83	0	0	0	13,83

Táboa 24. Categoría profesional do PAS

Ano	A1 ou 1	A2 ou 2	C1 ou 3	C2 ou 4	Total xeneral
2015	0,33		9,00	3,67	13,00
2016	0,33		9,00	3,67	13,00
2017	0,33		7,67	5,00	13,00
2018	1,33		6,67	7,17	15,17
2019	1,00	0,33	8,33	7,50	17,17
2020	1,00	0,67	6,33	5,83	13,83
2021		1,00	6,00	6,00	13,00
2022		2,33	6,67	8,33	17,33
2023		2,83	6,83	7,33	17,00
2024		1,83	5,33	6,67	13,83



Figura 49. Participación do PAS en programas de formación.

Do mesmo xeito que ocorre coa formación do PDI, a Universidade de Vigo a través do Servizo de PAS, ten un compromiso claro coa formación do seu persoal de administración e servizos. Na Facultade de Ciencias do Mar, a porcentaxe de persoal de administración e servizos que participa en programas de formación móstrase na Figura 49. Dentro do Centro valórase moi positivamente que, na práctica totalidade do histórico de datos, obsérvase que cada ano máis da metade do PAS participou en programas de formación. Con todo, neste curso, 2023-24, a participación diminuíu ata o 24,10%. A Dirección do Centro confía en que esta porcentaxe aumente nos vindeiros anos.

II.10.f. Conclusión respecto dos recursos humanos do centro.

- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes, aínda que hai que ter en conta que a implantación do grao incrementou significativamente as labores docentes do profesorado, mentres que os recoñecementos docentes por estas tarefas adicionais foron diminuíndo, o que xera malestar entre o PDI. Así mesmo, o número excesivo de alumnos matriculados en primeiro curso nos últimos anos, excedendo amplamente o límite de prazas previstas na memoria do título, xera problemas de espazo nalgúns laboratorios docentes.

- O profesorado do Centro está composto moi maioritariamente por persoal doutor, con vinculación estable nunha alta porcentaxe e cuns CVs investigadores de relevancia internacional. Isto tradúcese nunha elevada mobilidade do profesorado no ámbito investigador, a pesar de que a mobilidade en programas docentes sexa de menor relevancia na Titulación.

- O persoal de apoio non é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes. Requírese unha persoa que asuma tarefas de calidade no Centro, competencias que antes de a implantación do Grao non existían, e que actualmente asume o Vicedecano de Calidade e a Comisión de Garantía de Calidade.

- Existe unha falta de directrices claras na asignación de novas tarefas ao persoal de apoio por parte da Reitoría, o que xera malestar no PAS do Centro.

- Necesidade da actualización de tarefas asignadas a postos do PAS do centro.

- Necesidade dun maior número de persoal informático, que dea cobertura ás necesidades docentes como administrativas e que reduza o investimento do centro en contratacións externas.

A valoración en canto á adecuación do persoal académico e de apoio é SATISFACTORIA, sendo un punto forte da Facultade e a Titulación de Grao en Ciencias do Mar, aínda que consideramos que desde a Universidade hai aspectos mellorables para facilitar os labores de ambos os colectivos e o propio funcionamento do Centro.

III ANÁLISE DE RESULTADOS DA TITULACIÓNS DE GRAO EN CIENCIAS DO MAR

Neste apartado analizaranse os resultados de cada unha das titulacións adscritas ao centro.

Criterio 1: Organización e Desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

O desenvolvemento do Plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu un correcto desenvolvemento da docencia para a adquisición das competencias por parte do alumnado.

No curso 2021-22, finalizou o proceso de implantación da nova Titulación de acordo á nova Memoria do Título de Graduado en Ciencias do Mar. Isto implica unha serie de cambios dos que se esperan melloras nalgunhas das taxas nas que se observan valores baixos, tales como as Taxas de Rendemento e graduación, así como na satisfacción nalgunhas preguntas da enquisa de satisfacción coa Titulación, tal e como se verá a continuación. Os resultados obtidos desde curso 2022-23 e que melloraron neste curso 2023-24 parecen esperanzadores, despois duns cursos anómalos debido a alteración no desenvolvemento da docencia como consecuencia da pandemia da Covid-19.

Durante este curso 2023-24, realizáronse os trámites correspondentes para unha modificación non substancial do título de Graduado/a en Ciencias do Mar pola Universidade de Vigo. En decembro de 2023 solicitouse a adscrición da Titulación ao ámbito de coñecemento de Ciencias da Terra; e en marzo de 2024, completouse a solicitude engadindo a vinculación das materias de formación básica ao mesmo ámbito de coñecemento.

Durante os anos que se vén impartindo a Titulación de Grao nesta Facultade, unha media dun 35% do alumnado que ven cursar o Grao en Ciencias do Mar procede doutras comunidades autónomas distintas de Galicia. O alumnado que accede á Titulación de Ciencias do Mar adoita ter un perfil de ingreso adecuado, onde cerca dun 80% do alumnado accede a través do bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía, e a práctica totalidade do alumnado accede cursando estudos previos en ramas afíns ás Ciencias, polo que se lle supón ven coa preparación adecuada para realizar os estudos de Grao en Ciencias do Mar. As notas media e mínima de acceso tiveron unha progresión positiva nos últimos cursos académicos, o cal débese a entrada de alumnas/os con mellor nota de acceso, pero unha porcentaxe significativa dese alumnado non solicitou cursar Ciencias do Mar en primeira opción. Con todo, neste curso 2023-24 a Taxa de Adecuación volveu descender ata un 46,7%, o que non favorece a entrada de alumnado que solicitou estudar este Grao como primeira opción.

Por outra parte, o número medio de alumnos que veñen cursar estudos na Titulación de Grao en Ciencias do Mar procedentes de programas de mobilidade nacionais e/ou estranxeiros aumentou notablemente con respecto ao curso anterior, de 7 no curso 2022-23 a 18 neste curso 2023-24.

A práctica totalidade do profesorado cumpre correctamente coa redacción das Guías Docentes, nas que se establecen con claridade o desenvolvemento das actividades docentes, así como os criterios de avaliación. Neste curso 2023-24, mantívose a incorporación dunha adenda nas guías docentes para poder adaptar a docencia a nova situación xerada tras o peche do Centro motivado pola pandemia do Covid-19, e todo o profesorado adaptou os seus métodos de avaliación para o caso de ter que facer os exames de maneira non presencial o a súa substitución pola elaboración de traballos. Así mesmo, obsérvase que a maioría das actividades reflectidas na guía docente do curso 2023-24 son aquelas que se reflectiron na Memoria do Título. O profesorado, no seu continuo proceso de aprendizaxe nos seus labores de investigación e documentación, así como na súa adaptación das actividades para a mellora nos resultados de aprendizaxe, prepara e desenvolve novas actividades coas que facilitar a aprendizaxe de competencias e habilidades do alumnado. Con todo, obsérvase que nas metodoloxías de avaliación producíronse moitas máis modificacións que no caso anterior das actividades docentes. Estas modificacións débense, principalmente, a dúas razóns:

1.- Os cambios producidos na aplicación Docnet fan que haxa diferenzas na propia listaxe de actividades de avaliación para elaborar a guía docente (editado en 2010), así como na listaxe de actividades que foi utilizado para elaborar a memoria verificada do título. A modo de exemplo, a actividade *Exame de tipo test*, xa non aparece como actividade de avaliación á hora de elaborar a guía docente na aplicación Docnet, polo que o profesorado seleccionou a actividade *Probas de resposta curta* para especificar as probas de avaliación deste tipo.

2.- Na aplicación Docnet, as propias metodoloxías docentes poden seleccionarse como actividades avaliables. Desta maneira, aparecen nas guías docentes de moitas materias as actividades *Lección Maxistral*, *Seminarios*, *Presentacións*, *Traballos Tutelados*, e *Debate*, entre outras, como avaliables, as cales non aparecen na listaxe de actividades de avaliación da guía para a elaboración da guía docente. Nas guías docentes destas materias, o profesorado especifica as metodoloxías de avaliación utilizadas para cualificar estas actividades e practicamente non difiren das actividades docentes recollidas na memoria verificada do título.

A Enquisa de Satisfacción do Alumnado coa Titulación indica que os/as poucos/as alumnos/as que participan nela (7,0%) mostran certa satisfacción coa Titulación (3,17 puntos), mentres que no caso dos egresados estes valores aumentan (3,35 e 3,30 puntos para os Plans Novo e Vello respectivamente). A satisfacción sobre os horarios da Titulación obtivo a peor puntuación. Con todo, as modificación realizadas nos horarios desde este curso, coa distribución das horas de docencia de aula (A) entre as 9 e as 12 da mañá, as de seminarios (C) entre as 12 e as 14 horas, e a docencia de laboratorio entre as 15 e as 18 horas, melloraron a puntuación sobre a satisfacción neste aspecto, pero sen acadar a puntuación de aprobado (2,00 puntos fronte aos 1,00 puntos do curso 2022-23).

Con todo, non debemos esquecer a dificultade da confección destes horarios por varias razóns: 1. a gran multidisciplinariedade científica existente nas materias que conforman tanto o Grao como o Mestrado dificulta en gran medida o poder compaxinar as actividades de prácticas de laboratorio, saídas de barco/campo (moi dependentes doutros factores, tales como as mareas o a dispoñibilidade do barco), visitas a centros tecnolóxicos, entre outras, que realizan os alumnos nas diferentes materias; 2. as limitacións de espazos tanto de aulas como laboratorios, que son os que dispoñen os Departamentos para a docencia práctica das titulacións de Química e Bioloxía, e outras; 3. as facilidades que se deben dar ao profesorado para que poidan realizar campañas oceanográficas e saídas de campo, co fin de que poidan realizar os seus traballos de investigación e que os aspectos que se valoran no profesorado sigan mellorando, e sen esquecer as actividades de xestión ás que están obrigados. Por estas razóns, é polo que se tentan ao longo dos cursos distintas fórmulas para unha confección dos horarios das materias da maneira máis satisfactoria posible para todos os grupos de interese.

Nos últimos cursos académicos o estudantado do Grao en Ciencias do Mar mostra preferencia polo programa de intercambio Erasmus+ Estudios seguido polo programa SICUE e polo Programa Propio de intercambio con América Latina. É de destacar que ata o curso 2021-2022 ningún estudante optara por mobilidade ISEP con USA. Tras un esforzo por parte do Decanato en dar visibilidade a tan esixente programa, conseguiuse que unha estudante no curso 2021-22 e un estudante no curso 2022-23 realizasen o seu terceiro ano académico na Western Washington University con moi bos resultados académicos.

En xeral, o noso estudantado do Grao en Ciencias do Mar opta en maior medida por estancias no primeiro cuadrimestre en universidades estranxeiras, seguida pola realización de todo o curso académico. Isto está condicionado, probablemente, porque as mobilidades realízanas os dous últimos cursos do Grao. Se escollen realizar a mobilidade no terceiro ano, a tendencia é a irse o curso completo ou o primeiro cuadrimestre mentres que, se a mobilidade realízana no cuarto ano, gran parte do estudantado desprázanse o primeiro cuadrimestre condicionados pola realización do TFG en 2.º cuadrimestre que, segundo o regulamento de mobilidade da Facultade de Ciencias do Mar, ten que ser realizado e defendido na UVIGO.

En canto á orixe do estudantado visitante nos últimos cursos académicos, pódese apreciar que a nosa Facultade é un destino atractivo para estudantes estadounidenses que veñen a través do programa ISEP, seguidos dos e as estudantes alemáns. Respecto á orixe do estudantado nacional, destaca o alumnado proveniente da Universidade de Alacant. Probablemente, o programa de Innovación Educativa que temos con esa universidade "Ti ao Mediterráneo, eu ao Atlántico", no que os estudantes de 2.º curso de Ciencias do Mar da Universidade de Alacant veñen unha semana para realizar prácticas de campo á Universidade de Vigo nun programa conxunto entre o profesorado de ambas as universidades, promova o intercambio.

Neste curso 2023-24, o alumnado solicitou recoñecemento de créditos a través da Comisión de Docencia e Validacións para un total de 14 de materia, o que representa unha porcentaxe mínima co respecto ao total de alumnado que cursou a Titulación, 2546 materias. Isto indica que a maioría do alumnado cursa as materias en calquera das súas formas habituais establecidas nas normativas vixentes.

Neste curso 2023-234, rexistráronse 6 queixas na caixa correspondente, todas elas relacionadas cos criterios de avaliación mostrados nas guías docentes.

Con todo isto, pode concluírse o seguinte:

- Os obxectivos xenerais e específicos do título seguen tendo plena vixencia e seguen garantindo o respecto aos dereitos fundamentais de igualdade entre homes e mulleres e os principios de igualdade de oportunidades e accesibilidade.
- As competencias establecidas seguen cumprindo os requisitos da profesión establecidas na memoria do título e seguen estando en consonancia cos requirimentos no ámbito de coñecemento na maior parte dos países da nosa contorna. Estudaranse as suxestións de cambio propostas polo profesorado das distintas materias.
- O Plan de Estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada. Obsérvanse certos desaxustes entre as actividades de avaliación que figuran na memoria verificada e nas guías docentes, que se deben ao aumento de opcións que ofrece a aplicación Docnet para elaborar as devanditas guías docentes. Estes cambios incorporaranse como futuras modificacións da memoria do título.
- A Taxa de Adecuación do alumnado entrante é baixa, a pesar de que a Taxa de Preferencia alcanzou para o curso 2023-24 un 157%.
- O título conta con mecanismos de coordinación docente suficientes para analizar se o desenvolvemento do

Plan de Estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes. Estes mecanismos permitiron establecer as accións de mellora oportunas.

- As normativas son apropiadas e suficientes para o desenvolvemento da actividade académica e consideran que a aplicación das normas é adecuada e contribúe á mellora dos valores dos indicadores.

Por todo iso, consideramos que a valoración do grao de cumprimento para este criterio é C, CÚMPRESE PARCIALMENTE.

Puntos débiles detectados na reflexión:	**Denominación das accións de mellora** (Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC):
Procurar unha redución efectiva do número de estudantes nos grupos de prácticas de laboratorio e de seminarios, para evitar que o tamaño dos grupos poda prexudicar o correcto proceso de ensinanza-aprendizaxe.	Adecuar os horarios da Titulación co fin de poder diminuír o número de alumnos/as nos grupos de prácticas e seminarios.
Taxa de Adecuación baixa, o que xera altas Taxas de abandono.	Impulsar o Plan de promoción da Titulación como vía para tratar de captar estudantes con altos expedientes académicos, incrementando a nota mínima e media de acceso. Actividades divulgativas no 1.º curso para animar ao alumnado para continuar os seus estudos nesta Titulación.
Desaxustes nas actividades de avaliación reflectidas nas guías docentes e na Memoria Verificada do Título, a pesar de que é unha cuestión máis de forma que de fondo.	Axustar as actividades de docencia e avaliación, tal e como están reflectidas nas guías docentes, como unha modificación non substancial da Titulación.
Actualización das competencias reflectidas na memoria da Titulación e a súa transición a resultados de aprendizaxe.	Reunións cos coordinadores de materia para realizar a transición de competencias a resultados de aprendizaxe e reflectilos como modificación non substancial da Titulación.
Regulamento TFG desactualizado.	Modificación da normativa de TFG para que o alumnado poida realizar o TFG en empresas.
Rúbricas TFG desactualizadas	Deseño de novas rúbricas para a avaliación do TFG, así como para a adxudicación de matrículas de honra.
A pesar de non ser un punto débil, consideramos que se debería ampliar o número de materias en inglés, para aumentar o alumnado estranxeiro entrante en programas de mobilidade.	Ofertar un total de 60 créditos de docencia en inglés, repartidos nos dous semestres.
Débese informar dos niveis de coñecementos mínimos das materias básicas elixibles á hora de definir o perfil de ingreso, así como manter e adoptar as medidas oportunas que permitan adecuar os coñecementos de dichas materias ao ritmo de aprendizaxe previsto do alumnado de primeiro curso.	Plan de nivelación de resultados de aprendizaxe nas materias de 1º curso.
Completar as guías docentes cos contidos prácticos.	Completar as guías docentes non só cos contidos teóricos, senón incluír tamén os prácticos.

Os/as egresados/as e empregadores poñen de manifesto que é necesaria unha maior formación en estatística, normativas do entorno laboral y xestión de proxectos, polo que se recomenda a súa inclusión nas materias do plan de estudos.	Fomento da formación en estatística, normativas de contorna laboral e xestión de proxectos naquelas materias onde se adquiran ou se poidan adquirir habilidades nestes aspectos.
As enquisas de satisfacción de estudantes e egresados/as poñen de manifesto problemas de organización docente: coordinación entre materias, os horarios da Titulación e o calendario do exames.	Implantación dun "calendario de probas e entregables" onde o profesorado dun mesmo curso organice de maneira coordinada un calendario de entrega de traballos e probas de avaliación. Recompilar a información desde a Coordinación do Grao e a Coordinación dos Cursos para avaliar a situación e tomar as medidas que se consideren oportunas para mellorar a coordinación entre materias.
Necesidade de potenciar o carácter profesional do Grao, que sería beneficioso para o desenvolvemento de habilidades e a preparación para o mundo laboral.	Orientación das habilidades das materias para enfocalas cara ao mundo laboral.
Evidencias nas que basea a reflexión: E1: Memoria vixente do título. E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora. E3: Documento onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso. E4: Guías docentes das materias (resultados de aprendizaxe, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe, entre outros). E5: Actas das reunións da Comisións Académica, de titulacións e de Calidade. E6: Listaxe de estudantado que solicitou o recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.). E7: Informes sobre o recoñecemento de créditos para valorar a súa adecuación. E8: Resultados de medición da satisfacción de empregadores e persoas tituladas respecto ao perfil de egreso. E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución, entre outros). E20: Listaxe de centros/entidades para á realización das Prácticas Externas curriculares ou extracurriculares. QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza.	
Indicadores nos que se basea a reflexión: I1-I2: Número de estudantes de novo ingreso. I3: Indicadores de mobilidade do estudantado. I13: Planificación docente anual: PDA. (R1 DO-0201 PDA). I44: Índice de satisfacción coa organización e desenvolvemento.	

Criterio 2: Información e Transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira correcta a todos os grupos de interese as características do programa e os procesos que garanten a calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de interese).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Seguindo o procedemento DO 0301 P1 "Información pública e rendición de contas" do SGIC, a Facultade de Ciencias do Mar conta cun Plan Operativo de información pública (E8: Plan operativo de información pública) aprobado en primeiro lugar en Comisión de Calidade do 30 de novembro de 2020, e despois en Xunta de Facultade do 21 de decembro de 2020. Este plan ten como obxectivo garantir que a información relevante dos títulos que se imparten no Centro está dispoñible de forma pública, accesible e actualizada para os distintos grupos de interese e que cumpre cos requisitos establecidos tanto polo propio Centro, como polos programas de calidade da Universidade de Vigo e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG).

Dentro deste plan, identifícase a información relevante que debe publicar o Centro, periodicidade na revisión e actualización da información e identifica as canles de publicidade para cada titulación do centro. Este plan ten duración indefinida e é revisado anualmente.

A canle de información pública principal é a páxina web da Facultade de Ciencias do Mar (mar.uvigo.es), aínda que tamén se complementa con outras canles de información, tales como a páxina web Universidade de Vigo (uvigo.gal), taboleiros de anuncios e pantalla de información, así como listas de distribución de correo electrónico (PDI, PAS, Alumnos) da Facultade de Ciencias do Mar. Ademais, desde o curso 2016-17 habilitáronse diversos espazos na plataforma de teledocencia da UVIGO, Moovi, denominados "Xunta de Facultade", "Coordinación de Grao", "Coordinación de curso" (un para cada curso e outro para todo o Grao) e "PAT". Estes espazos utilízanse para facer chegar información, borradores provisionais de documentos a discutir, documentación para as actividades docentes, etc., directamente ao profesorado e ao alumnado.

Nos informes de seguimento interno realizados pola Área de Calidade nos cursos anteriores, os avaliadores propoñían aspectos mellorables na web do Centro que foron emendados. Isto levou a unha reestruturación significativa da páxina web do Centro para adaptala aos requisitos de ACSUG e UVIGO, actualizando ademais os contidos.

No informe de revisión interna, nos últimos cursos valorábase positivamente a documentación do SGIC dispoñible na web. Unicamente expoñíanse como aspectos mellorables a información relativa ás estruturas docentes no curso 2020-21 e unha actualización de datas no curso 2021-22.

A actualización e mellora da web recolleuse reiteradamente nos plans de mellora asociados aos informes de seguimento do título. Isto permitiu ir mellorando os contidos e accesibilidade á información. Algúns dos cambios suxeridos tras la auditoría para a Acreditación do Grao son os seguintes:

- Páxina web acorde co formato da Universidade de Vigo
- Actualizouse a páxina web coa memoria vixente do título
- Actualizouse e mellorou o apartado referido ás infraestruturas docentes
- Abriuse unha pestana exclusiva para a acollida do alumnado estranxeiro, "Incoming students".
- Móstranse, en gráficas, as taxas relacionadas coas titulacións

En xeral, a páxina web do Centro é o mecanismo principal para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade. Así mesmo, a páxina web é a primeira fonte de acceso á información que utiliza o alumnado e o PDI para informarse sobre aspectos relacionados coa Titulación. Nas enquisas de satisfacción do alumnado, egresados e PDI, as cuestións relacionadas coa información e transparencias son avaliadas con puntuacións satisfactorias.

Puntos débiles detectados na reflexión:	**Denominación das accións de mellora** (Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC):
A pesar de que a páxina web está en permanente proceso de actualización, detectamos que se pode mellorar incluíndo outra información de interese como, por exemplo, datos e actividades sobre a empregabilidade.	Plan de ampliación dos contidos de información da páxina web.

Evidencias nas que basea a reflexión:

E9: Páxina web da Universidade/Centro/Título.

- R1 DO-0301: Lista de revisión ou verificación da Información Pública.

QSP relacionadas coa información e transparencia.
Indicadores nos que se basea a reflexión:
I26: Índice de satisfacción coa promoción da Titulación e a información pública na web.

Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía de calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de modo eficaz, a mellora continua da Titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Coa implantación do grao no curso 2009-10, a Universidade de Vigo a través da súa Área de Calidade, e coa participación dos centros, desenvolveu un SGIC. Este sistema foi revisado, simplificado e actualizado durante estes anos. Ademais, existe unha aplicación do SGIC onde se almacenan os rexistros xerados polo desenvolvemento dos procedementos, así como unha aplicación para a xestión dos Plans de Mellora para os centros e titulacións e, ademais, unha aplicación específica para a caixa de correos de queixas, suxestións e parabéns centralizado para todos os centros e servizos. A Universidade de Vigo conta ademais cunha Área de Estudos e Programas encargada de proporcionar información sobre os indicadores do SGIC. Todo iso, facilita significativamente a recollida de información (evidencias, indicadores, reclamacións, suxestións, etc.), a análise do título e a detección de puntos débiles e as consecuentes propostas de mellora.

A renovación da Acreditación da Titulación de Grao en Ciencias do Mar pola Comisión designada pola ACSUG, que mellorou a valoración deste Criterio 3 con respecto á avaliación realizada anteriormente desde unha C a unha B, impulsou á Dirección do Centro a solicitar a Acreditación FIDES-AUDIT do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias do Mar, polo que se solicitou que a Área de Calidade da Universidade de Vigo iniciara os trámites correspondentes.

Con data 14 de febreiro de 2024, aprobouse en Xunta de Facultade o no Plan Estratéxico do Centro, así como a nova Política e Obxectivos de Calidade. Nestes documentos implantáronse novos valores obxectivo nos diferentes indicadores, os cales permiten establecer o grao do cumprimento das políticas e obxectivos de calidade. Esta documentación vese complementada con o novo documento "R1 DE-02 Cadro de Mando" (antigo Panel de Control), nos que introducíronse novas definicións de indicadores e os seus valores obxectivo, e que permite avaliar, ademais, o grao de cumprimento dos procedementos do sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias do Mar. Algúns dos valores obxectivo do documento "Política e Obxectivos de Calidade da Facultade de Ciencias do Mar" terán que ser modificados despois de facer uns axustes os cadros de mando das titulacións de Grao e Mestrado, o que se presenta como unha nova acción de mellora.

Todos os procedementos foron implantados na Facultade de Ciencias do Mar e desenvólvense segundo o establecido, tal e como se pode ver a partir das evidencias xeradas, moitas delas dispoñibles na paxina web do Centro. Ademais, desde o curso 2021-22, actualizáronse algúns procedementos do SGIC, pero as accións de mellora que estaban establecidas non estiveron suficientemente actualizadas. Polo tanto, desde a Dirección do Centro e por recomendación da Comisión Avaliadora da Renovación da Acreditación do Grao en Ciencias do Mar, propúxose como acción de mellora a finalización das accións implantadas ata a data e establecer as novas propostas de mellora que figuran ao longo deste informe, que están agrupadas nas súas respectivas dimensións:

Melloras relativas á Facultade

1. Organización e desenvolvemento.

- *Adecuar os horarios da Titulación co fin de poder diminuír o número de alumnos/as nos grupos de prácticas e seminarios.*

2. Información e transparencia.

- *Plan de ampliación dos contidos de información da páxina web.*

3. Sistema de garantía de calidade.

- *Promover e inculcar a cultura da calidade e a mellora continua entre os diferentes grupos de interese*
- *Implantar as melloras necesarias no SGC para a obtención da Certificación FIDES-AUDIT dos Sistemas de Garantía de Calidade na Facultade de Ciencias do Mar.*

4. Recursos humanos.

- *Apoio decidido á Administradora de Centro nas súas peticións de aumento de PAS.*

5. Recursos materiais e servizos.

- *Solicitude de reactivación de promoción e visibilización do programa Meet-UVigo.*
- *Campañas de promoción, visibilización e dinamización do PAT.*
- *Revisión e mellora das instalacións eléctricas das aulas.*

7. Indicadores de satisfacción e rendemento.

- *Revisión dos sistemas de avaliación das materias co obxecto de mellorar o rendemento académico do alumnado.*

- Reservar uns minutos das últimas clases de cada semestre para convidar os estudantes a que cumprimenten as enquisas correspondentes.
- O profesorado das materias de carácter profesional, así como nalgunhas de coñecementos e técnicas transversais, destacará as aplicacións ao mundo laboral que teñen os coñecementos científico-técnicos incluídos nos contidos das materias que imparten.
- Divulgación das actividades desenvolvidas pola Área de Emprego e Emprendemento da Universidade, como vía para a orientación do emprego para o alumnado.
- Mellorar a percepción dos empregadores sobre as capacidades e competencias adquiridas polos Titulados en Ciencias do Mar.
- Accións para a orientación profesional do alumnado. Xornadas sobre saídas profesionais.

Melloras relativas á Titulación de Grao en Ciencias do Mar.

1. Organización e desenvolvemento.
- Plan de nivelación de resultados de aprendizaxe nas materias de 1º curso.
- Completar as guías docentes non só cos contidos teóricos, senón incluír tamén os prácticos.
- Fomento da formación en estatística, normativas de contorna laboral e xestión de proxectos naquelas materias onde se adquiran ou se poidan adquirir habilidades nestes aspectos.
- Implantación dun "calendario de probas e entregables" onde o profesorado dun mesmo curso organice de maneira coordinada un calendario de entrega de traballos e probas de avaliación.
- Orientación das habilidades das materias para enfocalas cara ao mundo laboral.
- Recompilar a información desde a Coordinación do Grao e a Coordinación dos Cursos para avaliar a situación e tomar as medidas que se consideren oportunas para mellorar a coordinación entre materias.
- Modificación da normativa de TFG para que o alumnado poida realizar o TFG en empresas.
- Impulsar o Plan de Promoción e Difusión da Titulación para atraer alumnado con mellores cualificacións de acceso.
- Deseño de novas rúbricas para a avaliación do TFG, así como para a adxudicación de matrículas de honra.
- Reunións cos coordinadores de materia para realizar a transición de competencias a resultados de aprendizaxe e reflectilos como modificación non substancial da Titulación.
- Axustar as actividades de docencia e avaliación, tal e como están reflectidas nas guías docentes, como unha modificación non substancial da Titulación.
- Actividades divulgativas no 1º curso para animar ao alumnado a continuar os estudos nesta Titulación

3. Sistema de garantía de calidade.
- Plan de promoción e divulgación das enquisas de satisfacción dos grupos de interese.

4. Recursos humanos.
- Negociar coa Vicerreitoría de Organización Académica a ampliación de grupos na PDA, especialmente no 1º curso.

5. Recursos materiais e servizos.
- Revisión do programa PAT para que nos primeiros cursos da Titulación teña unha orientación máis académica e nos últimos cursos unha orientación laboral.

6. Resultados de aprendizaxe.
- Seguir e aumentar, de ser posible, o número de horas da bolsa docente asignada á Facultade, no recoñecemento interno ao profesorado pola súa participación nos tribunais de TFG.
- Sensibilizar ao estudantado de 3º curso de que faga unha matrícula planificada e responsable do TFG.

7. Indicadores de satisfacción e rendemento.
- Implantación de actividades e estratexias para realizar un seguimento do alumnado egresado e a súa empregabilidade.
- Mellora da coordinación entre materias para corrixir a puntuación na enquisa de satisfacción do alumnado coa Titulación.
- Mellorar a puntuación na Enquisa de Avaliación Docente para os cursos 2º e 4º.
- Mellorar a orientación académica do alumnado.
- Deseño de horarios por franxas horarias nas que se impartirán as horas de docencia A, B e C.
- Enquisas sobre o desenvolvemento das materias e do curso, onde se avalíen a dedicación do alumnado ao estudo e pódanse observar as melloras a realizar para aumentar o rendemento académico do alumnado.

Nas enquisas de satisfacción do alumnado e dos/das egresados/as, non se obtén boas puntuacións nas preguntas do Bloque 3, referidas ao Sistema de Garantía de Calidade. Estes dous grupos de interese teñen a percepción de que as demandas presentadas na caixa QSP e as suxestións de mellora presentadas por outras canles non son resoltas coas suficiente celeridade. Por outra banda, nas enquisas de satisfacción do PDI e PAS, obsérvase que estes grupos de interese outorgan unha boa puntuación as preguntas sobre esta dimensión

O Consello de Goberno da Universidade de Vigo, na súa reunión do 24 de abril de 2019, aprobou un novo procedemento para o sistema QSF para toda a Universidade e que é xestionado pola Unidade de Análise e Programas da Universidade de Vigo. Desde o curso 2023-24 rexistráronse un total de 6 queixas, as cales foron

contestadas seguindo o procedemento establecido.
A Facultade de Ciencias do Mar continuará traballando na divulgación do Sistema de Calidade como ferramenta de mellora das súas Titulacións.
Algúns dos valores obxectivo do documento "Política e Obxectivos da Facultade de Ciencias do Mar" terán que ser modificados despois de facer uns axustes os cadros de mando das Titulacións de Grao e Mestrado.

Puntos débiles detectados:	**Accións de mellora a implantar:**
O novo documento "R1 DE-02 Cadro de Mando" (antigo Panel de Control), no que se introducíron os novos valores obxectivo e definicións de indicadores, obriga a cambiar algúns dos valores obxectivo do documento "Política e Obxectivos de Calidade da Facultade de Ciencias do Mar".	Revisión do documento "Política e Obxectivos de Calidade da Facultade de Ciencias do Mar".
A pesar de que o SGC está ben estruturado e de que se levan a cabo acciones de promoción entre os diferentes grupos de interese, detéctase pouca proactividad na cultura da calidade	Promover e inculcar a cultura da calidade e a mellora continua entre os diferentes grupos de interese
	Implantar as melloras necesarias no SGC para a obtención da Certificación FIDES-AUDIT dos Sistemas de Garantía de Calidade na Facultade de Ciencias do Mar.
Necesidade de implantar medidas para aumentar índice de participación nas enquisas de satisfacción por parte de todos os colectivos enquisados, co fin de dispoñer de indicadores fiables que permitan obter uns resultados que sexan representativos.	Plan de promoción e divulgación das enquisas de satisfacción dos grupos de interese.

Evidencias nas que basea a reflexión:
E5: Actas das reunións da Comisións Académica, de titulacións e de Calidade.
E10: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos).
E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC.
E12: Plans de mellora.
E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución, entre outros).
E14: Informe de certificación da implantación do SGC.
QSP relacionadas co Sistema de garantía de calidade.

Indicadores nos que se basea a reflexión:
I4: Resultados dos indicadores do SGC.
I41: % Rexistros en estado completado na aplicación SGIC.
I42: % Accións de Mellora finalizadas en prazo.

Criterio 4: Recursos Humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.
Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Titulación, neste curso 2023-24 conta cun total de 104 profesores, que abarca todas as áreas de coñecemento relativas ás materias do título. Aproximadamente o 60% deste persoal é persoal estable (Catedráticos/as, Titulares ou Contratados/as Doutor), un 19% son investigadores postdoutorais e un 21% de investigadores predoutorais. O profesorado estable cubriu nos últimos cursos entre o 70% (cursos 2019-20 e 2023-24) e 87% (curso 2016-17) da docencia, e os docentes non doutores realizan fundamentalmente tarefas de apoio á docencia práctica, sempre cun coordinador de materia doutor. Consideramos que isto é un aspecto fundamental na formación dos egresados e futuro profesorado da Universidade.

Nos últimos cursos o número de catedráticos na Titulación foi aumentando, en detrimento do número do Profesorado Titular de Universidade, como consecuencia da promoción do profesorado na súa categoría profesional. Así mesmo, obsérvase un aumento do profesorado en formación nos últimos cursos, aspecto que consideramos positivo e fundamental para garantir a renovación do profesorado. Con todo, a porcentaxe de profesorado doutor na Titulación mantívose en torno a un 80% nos últimos cursos académicos.

Ademais, a maioría destes docentes ten a súa investigación vinculada ás Ciencias Mariñas o que repercute directamente en beneficio da Titulación, xa que garante a posta ao día no seu ámbito de traballo e a transmisión de coñecementos de vangarda ás súas tarefas docentes. Esta posta ao día é especialmente importante xa que as Ciencias Mariñas convertéronse nos últimos anos nunha área de especial interese, como revelan os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 aprobada en 2015 pola ONU (https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/objetivos-de-desarrollo-sostenible/). É un ámbito en constante avance e onde aínda é necesario ampliar o coñecemento. Así, os nosos docentes actualizan constantemente os contidos das materias para incorporar estes avances, garantindo a adquisición das competencias propostas.

O número de quinquenios de docencia mantén unha tendencia a aumentar ao longo do histórico da Titulación, pero a proporción de quinquenios por profesor/a ten unha lixeira tendencia decrecente nos últimos cursos. Co respecto á porcentaxe de sexenios fronte ao número de sexenios potenciais, os últimos anos produciuse un aumento desta porcentaxe despois dun estancamento durante os cursos 2015-16 ao 2018-19, observándose un aumento moi positivo deste dato nas mulleres.

pando en programas de formación aumentou ata 25, que é un valor habitual ao longo do histórico da Titulación. Un profesor participou en programas de mobilidade. Malia este número pareza moi baixo, moitos docentes deste mestrado realizan estancias en outros centros de investigación e esta é a causa deste baixo número. Aínda que hai 6 profesoras/es participando no Grupo de Innovación Docente "Tú al Atlántico, yo al Mediterráneo", consideramos que é unha actividade que se debe potenciar, polo que se implantará unha acción de mellora para promover a participación do PDI nestas actividades.

O número de PAS mantívose en 13 persoas ao longo do histórico da Titulación, producíndose aumentos puntuais debido á contratación temporal de persoal por acumulación de tarefas, como ocorreu neste curso 2023-24 no que chegou a 13,83. Mantéñense as proporcións do PAS segundo a súa cualificación. Seguen manténdose as demandas de maior persoal de administración e servizos na Facultade tal como reflíctese nos autoinformes de acreditación dos cursos 2016-17 e 2022-23. A implantación do grao, con novos procedementos administrativos, así como a introdución das novas tecnoloxías no ámbito administrativo-docente (aplicativos para matriculación, xestión de TFGs, xestión económica, realización de pedidos, sinatura electrónica das actas, etc.) introduciu nos centros numerosas tarefas administrativas novas que, non implicaron o correspondente incremento de persoal, pero si de traballo. Neste sentido, é preciso solicitar todos os anos máis persoal por acumulación de tarefas na Área de Postgrao, mentres que outras Áreas da Universidade están infrautilizadas. Doutra banda, a contratación de PAS na Universidade depende doutras dependencias nas que a Dirección do Centro non ten participación algunha. Polo tanto, proponse como acción de mellora ofrecer toda colaboración e apoio posible á Administradora do Centro para que as súas peticións de maior número de persoal de administración e servizos sexan atendidas.

A pesar de todo isto, desde a dirección do Centro, destácase que nas enquisas de alumnos e profesorado valórase positivamente o traballo desempeñado polo PAS. Polo que se conclúe que o Centro considera que o traballo realizado polo PAS é satisfactorio, pero insuficiente pola falta de persoal.

Dentro do Centro valórase moi positivamente que, na práctica totalidade do histórico de datos, obsérvase que cada ano máis da metade do PAS participe en programas de formación. Con todo, esta porcentaxe diminuíu ata un 24%. A Dirección do Centro confía en que esta porcentaxe aumente nos vindeiros anos.

Puntos débiles detectados:	**Accións de mellora a implantar:**

Aumentar o número de persoal do PDI participando en Grupos de Innovación docente.	Promover a participación do PDI en Grupos de Innovación Docente.
Sobrecarga docente no profesorado de 1.º curso ao superar o número alumnado matriculado en primeira matrícula o número de prazas ofertadas.	Negociar co Vicerreitorado de Organización Académica a ampliación de grupos na PDA.
Falta de persoal de administración e servizos.	Apoio decidido á Administradora de Centro nas súas peticións de aumento de PAS.
Evidencias nas que basea a reflexión: E15: POD: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). CV profesionais externos. E16: Información sobre o persoal de apoio do Centro (número e posto desempeñado, etc.). E17: Documento onde se recolla a análise das EAD (% de participación, resultados e a súa evolución, entre outros). QSP relacionadas cos Recursos Humanos da Titulación.	
Indicadores nos que se basea a reflexión: I5: Indicadores de formación do profesorado. I6: % de participación do persoal de apoio do Centro en plans de formación. I7: % de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA e resultados obtidos. I8: Indicadores de mobilidade. I13: Planificación docente anual: PDA. (R1 DO-0201 PDA). I39: Índice de satisfacción cos Recursos Humanos. I43: Resultados EAD.	

Criterio 5: Recursos Materiais e Servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os adecuados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As infraestruturas e recursos materiais destinados ao proceso formativo son, en xeral, adecuadas. Con todo, as limitacións económicas, así como a política por parte da UVIGO de unificar o número de alumnos por grupo independentemente das particularidades e capacidade docente de cada centro, levaron a un aumento significativo do número de alumnos por grupo (I13: Media de alumnos por grupo de docencia ou PDA).

Hai unha reivindicación do alumnado durante os últimos 4 ou 5 anos, de que existan nas aulas de teoría e seminarios enchufes para a alimentación eléctrica de dispositivos como computadoras portátiles e tablets, que cada vez son de uso máis habitual nas clases tanto de teoría como de seminarios e prácticas. A acción de mellora *"Revisión e mellora das instalacións eléctricas das aulas"* está encamiñada a solucionar esta demanda do alumnado.

Todas as aulas contan con equipos de computadores, canóns e televisións de gran formato para impartir docencia, así como conexión a internet. Excepto as catro aulas con maior capacidade, todas están equipadas con mobiliario individual de mesas e cadeiras o que facilita o traballo en grupo tanto durante a docencia regrada de teoría e seminarios, como no desenvolvemento de traballos autónomos. Desde setembro de 2020, hai 5 aulas que contan con sistema de videoconferencia ademais dos Salóns de Grao, Sala de Reunións e a Sala de Xuntas. Estas aulas, xunto coa plataforma de teledocencia Moovi baseada en Moodle, permitiu durante o curso 2020/2021 impartir docencia na modalidade semipresencial de maneira xeitosa. Estes equipos revísanse regularmente seguindo un plan de mantemento e renóvanse ou repoñen cando se considera necesario. Este plan de mantemento é levado a cabo polo persoal informático do Centro.

Para facilitar os espazos onde o estudantado poida facer traballos en grupo, as aulas adoitan estar abertas, e no caso de que se atopen pechadas, o alumnado pode pedir a chave en Conserxería, deixando constancia do seu nome e DNI. Neste mesmo sentido, a Biblioteca conta con tres salas con capacidade para 8 estudantes que poden ser reservadas directamente no mostrador da Biblioteca.

A Facultade de Ciencias do Mar conta cunha aula de informática de uso exclusivo con 26 postos de traballo, e outra de 24 postos, de uso compartido coa Facultade de Bioloxía. As computadores en ambas aulas son portátiles, permitindo así poder ser usadas para outras actividades. A primeira, repártese entre a docencia regrada (prioritaria) e o acceso libre para traballo autónomo do estudante. Neste segundo caso, cóntase cun bolseiro informático que

se responsabiliza da aula no devandito horario. Existe unha páxina web para a xestión das aulas de informática do edificio de Ciencias Experimentais que engloba a Facultade de Bioloxía, Química e Ciencias do Mar (Servicios informáticos Ciencias experimentales), onde está dispoñible a ocupación durante o curso. As reservas desta aula, así como dos Salóns de Graos e Salón de Actos do Centro xestiónanse a través das secretarías dos Decanatos das tres Facultades.

Os laboratorios docentes están asignados ás áreas de coñecemento que imparten docencia na Facultade, sendo estas as que xestionan o seu uso e os investimentos que se fan nas mesmas coa dotación da repartición económica que se asigna e aproba na Xunta de Facultade. Contamos cun total de 15 laboratorios dotados co material necesario para o desenvolvemento das prácticas dos diferentes ámbitos das ciencias do mar (biolóxico, xeolóxico, físico e químico). Teñen capacidade para albergar grupos de 24 estudantes. Todos contan con equipos informáticos e de proxección con conexión a internet. Están distribuídos en varias Plantas dos Sectores A, B, C e D do Edificio de Ciencias Experimentais.

O Persoal Técnico Informático do centro, de maneira sistemática, encárgase de revisar as instalacións docentes e mantelas en perfecto funcionamento, sobre todo nos períodos previos ao comezo da docencia dos dous semestres, comunicando ao Decanto as incidencias nos equipos para emendalas canto antes. De igual maneira, antes de comezar os períodos de actividade docente, o informático pide ao profesorado usuario das aulas informáticas o software necesario para proceder á súa instalación nos equipos.

Ademais, a Facultade ten acceso a instalacións a pé de mar (Estación Mariña de Toralla: https://cim.uvigo.gal/ecimat/a-estacion-de-ciencias-marinas-de-toralla/) onde se realizan prácticas dalgunhas das materias do Grao (Zooloxía, Acuicultura, entre outras), así como no Centro de Apoio Científico á Investigación CACTI para realizar prácticas de Oceanografía Xeolóxica I, contando co apoio de técnicos altamente cualificados no manexo de equipos punteiros en diferentes ámbitos científicos. A Facultade conta tamén cun almacén onde se estiban os equipos que se usan nas saídas ao mar como: draga Shipeck; draga Van Veen; box-corer; core de gravidade; patín epibentónico; bou de varas; material de mostraxe, etc.

Unha boa parte das prácticas do Grao consisten en saídas ao campo, ben en autobús ben en barco. As saídas en autobús levan aos alumnos para visitar instalacións e empresas relacionadas co medio mariño ou a visitar zonas de Galicia onde poden entrar en contacto con aspectos vistos na aula: visita a medios sedimentarios costeiros como praias, marismas, lagoas costeiras, etc., onde abordan, de forma directa, cuestións relacionadas coa sedimentoloxía, oceanografía física, estudo de organismos, etc., xa estudadas nas clases teóricas. Nas saídas en barco lévase aos alumnos para coñecer as técnicas e instrumentación básica de obtención de datos e mostras. Habitualmente, a Facultade utiliza o BIO Mytilus para o alumnado do grao e os B.I.O. Ángeles Alvariño ou Ramón Margalef (https://www.ieo.es/es/flota) para o alumnado do Master en Oceanografía. Todos eles actualmente xestionados polo IEO. Con todo, desde o curso 2016-17 ata o 2021-22, o Mytilus estivo sen operar polo que durante ese tempo as prácticas de mar leváronse a cabo no Nautilus da empresa Ocean Secrets (https://oceansecrets.es/nautilus/). Doutra banda, cabe resaltar que, o 18 de xaneiro de 2023, a Universidade de Vigo formalizou un contrato co estaleiro Rodman Polyships para a construción dun buque oceanográfico de última xeración de 19,5 m de eslora por 5,4 m de manga con propulsión híbrida enchufable, por un valor de 1,5 millóns de euros, que se espera estea operativo na primeira metade de 2024 (https://www.gciencia.com/universidade-gl/asi-sera-o-Novo-buque-oceanografico-de-ultima-xeracion-da-uvigo/). Sen dúbida, isto facilitará o acceso do noso alumnado para a realización das prácticas de mar minorando os custos das mesmas, ademais de contribuír de maneira relevante á investigación do noso PDI.

A implantación do grao supuxo un cambio significativo na carga de traballo autónomo do alumnado con respecto á licenciatura. Neste sentido, e para facilitar o devandito traballo autónomo, o Centro conta cun servizo de préstamo de computadores portátiles que se ceden temporalmente ao alumnado. Este servizo está xestionado desde a Secretaría do Decanato, requirindo un investimento anual para mantemento e adquisición de novos equipos (partida 625).

A Biblioteca da UVIGO (https://www.uvigo.gal/universidade/biblioteca) actualiza anualmente os fondos bibliográficos para garantir que os alumnos/as dispoñan da bibliografía básica das materias do título. A adquisición de libros realízase mediante dúas vías: directamente pola Biblioteca a partir da bibliografía recomendada nas guías docentes do Grao, e a partir de solicitudes directas do PDI. A biblioteca de Ciencias Experimentais conta con 220 postos de estudo, ten un horario de 8.30 a 20.45 horas, e conta con preto de 30.000 recursos entre: libros en papel e electrónicos; revistas en papel e electrónicas; CDs; DVDs; TFGs; TFMs; tese; mapas; guías; etc.

Dentro do procedemento PA07: “Xestión dos recursos materiais”, o rexistro IT01-PA07 “Criterios de selección de recursos materiais e provedores”, descríbese a xestión dos recursos materiais por parte do Centro. Así, dentro da partida 626 (equipamento informático: impresoras, escáner, USB, etc.), o Centro realiza o mantemento dos equipamentos docentes das aulas (computadores, canóns, pantallas de televisión, lousas, etc.), sendo responsable desta xestión o Decano. A partida 625 (mobiliario e equipamento) repártese en dúas accións principais:

- Plan Renove, que consiste no mantemento e mellora do mobiliario de despachos de titorías.
- Dotación de laboratorios docentes. Dentro desta acción, a Xunta de Facultade aprobou a reserva dunha

cantidade económica para ir renovando os vellos proxectores de espello batente por pantallas de televisión de gran formato a partir do curso 2021-22.

No primeiro caso, o Decanato solicita información das necesidades do PDI, a través dun correo electrónico. Ata o de agora, as peticións non superaron o orzamento existente, polo que non foi necesario establecer criterios de priorización. No segundo caso, o orzamento repártese entre as áreas de coñecemento que imparten docencia na Titulación, en función dos ECTS impartidos, cada Departamento Docente encárgase de renovar o equipamento docente nos seus laboratorios, recibindo a Administradora de Centro as follas de inventario dos equipamentos adquiridos. A dirección do Centro, xunto coa administración do mesmo, executa a adquisición dos pedidos efectuados mediante a súa tramitación a través da aplicación de Xestión Económica da Secretaria Virtual da UVigo: https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/index.php?modulo=xestioneconomica

Anualmente a Administradora de Centro elabora a "Memoria económica anual" onde aparecen as partidas orzamentarias destinadas entre outros conceptos, a recursos materiais.

Todo este esforzo e investimento, por parte do Centro, na actualización dos recursos materiais, é moi ben valorado polos grupos de interese (4,33, 4,17 e 4,23 puntos sobre 5 para o alumnado, egresados e profesorado, respectivamente).

O Centro conta coas condicións necesarias de accesibilidade (ascensores, ramplas, ancho de portas, cuartos de baño adaptados, entre outros) para permitir unha normal participación das persoas con necesidades especiais, de acordo coa normativa vixente.

No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade. Así durante o curso 2019-2020, reconverteuse a Aula Magna e o estabulario en espazos para docencia, tal e como quedou expresado anteriormente. Nos diferentes informes de seguimento do título este criterio recibiu sempre unha boa referencia e non se incluíron recomendacións, nin propostas de mellora por parte dos avaliadores.

O centro conta co procedemento "DO-0203 Procedemento de orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo" que inclúe desde o curso 2020-21 o Plan de acción titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) e o Programa de integración de universitarios con necesidades especificas de apoio educativo (PIUNE). Con todo, a Xunta de Facultade consideraba que este Plan non funcionaba adecuadamente, prevalecendo os encontros ocasionais non programados cos titores, reflectindo a tradicional proximidade do persoal docente de Ciencias do Mar, sempre dispoñible a atender asuntos puntuais e interactuar cos estudantes fora das aulas. Para elo, fixéronse cambio estruturais como a separación da coordinación dos programas PAT-ANEAE e PIUNE, así como cambios no modelo de titorización, onde o coordinador do PAT-ANEAE titoriza a todo o alumnado dos cursos 1º e 2º, e nos cursos 3º e 4º hai titores específicos para a orientación laboral, prácticas externas e elección de materias optativas, coa participación de 50 titores/as, tal e como recolle o Informe Sobre o Plan de Acción Titorial da Facultade de Ciencias do Mar. As titorías do PAT poden facerse a través dos Despachos virtuais do Campus Remoto, pero a resposta e asistencia ás titorías é menor do habitual. As consultas realizadas polo alumnado tratan, fundamentalmente dos seguintes aspectos: cambios de titulación; axudas á matriculación; prácticas externas; e orientación laboral.

Os problemas detectados neste programa foron os seguintes: hai dous aspectos craves que consideramos relevantes para xustificar o desinterese do alumnado no PAT

- 1. A baixa participación do estudantado, donde menos de 5 alumnas/os asistiron ás reunións o cumprimentaron as enquisas.
- 2. A preferencia do alumado polo contacto directo con servizos o profesorado fora do sistema PAT_ANEAE.
- 3. As críticas do profesorado sobre a utilidade de reunións e enquisas.

A explicación desta baixa participación baséase en dous aspectos principais: Un é que, tradicionalmente na Facultade de Ciencias do Mar, a Secretaría do Decanato é moi accesible ao alumnado e asesorar nos asuntos que actualmente entrarían dentro das competencias do titor de PAT. Ao ser esta vía moito máis rápida que a do PAT, os alumnos optan preferentemente por ela. Outro é que, igualmente de forma tradicional neste Centro, a relación alumno-profesor foi sempre directa e accesible, polo que moitos dos problemas que podería ser solucionados polo PAT para estas cuestións, son resoltos por estas outras vías.

A valoración do PAT, nas enquisas de satisfacción do alumnado, empeorou con relación aos cursos anteriores, cun valor de 2,50 puntos. Por outra banda, non se está realizando a enquisa de satisfacción do alumnado co PAT, que é un dato que evidencia a baixa consecución de resultados do procedemento DO-0203 "Orientación do estudantado e atención ás NEAE", polo que é necesario implantar una acción de mellora neste aspecto. Con todo, as accións de coordinación do PAT evidencia unha serie de melloras xa consolidadas, tales como a reserva semanal duna hora nos horarios do curso para titorías, a organización de xornadas informativas sobre TFG, prácticas externas e mobilidade, e a revisión de documentos para o emprego dunha linguaxe inclusiva.

Ao final do curso, a coordinadora reúne todas as evidencias e redacta un informe sobre os resultados do programa.

Un programa complementario ao PAT-AENEAE, que deixou de estar implantado nesta Facultade pero no que a Dirección mostra o seu interese, o programa de mentoring Meet-UVigo, que naceu na Escola de Enxeñería das Telecomunicacións, substituíndo ao PAT nese Centro.

A orientación profesional e laboral facilitada polo Centro está considerada insuficiente polo alumnado, tal como se reflicte nas enquisas de satisfacción dos egresados, na que o ítem "orientación profesional e laboral". Con todo, a puntuación obtida neste curso 2023-24 mellorou notablemente cun valor de 2,86 puntos. Ao respecto, nos últimos cursos están a se desenvolver diferentes accións de mellora con resultados dispares:

- Xornadas sobre Saídas Profesionais realizadas durante os últimos cursos. Nestas xornadas, egresados da Facultade, que desempeñan labores profesionais de tipo científico-técnico, expoñen ao alumnado a súa experiencia profesional e de procura de emprego. Desafortunadamente a asistencia do alumnado a estes eventos foi escasa, menos de 10 asistentes de media, dos 280 posibles, nas 3 sesións nas que se desenvolveron as xornadas, a pesar de programalas nas datas que a Delegación de Alumnado considerou máis idóneas.
- Difusión das actividades realizadas pola Área de Emprego e Emprendemento, que durante o curso 2023-24 organizou unha serie de actividades para facilitar a inserción profesional das persoas participantes, dentro do Programa "Pasarporte de Empregabilidade".
- Desde o curso 2021-22 colaborouse coa área de Emprego e Emprendemento, e xunto coas facultades de Bioloxía e Química, en organizar de maneira activa a Feira EMPREGOinCAMPUS, xunto coa promoción do Foro Talento e Emprego FUNDAMENTAL, organizado pola Fundación MENTOR, que tivo lugar do 27 ao 29 de febreiro de 2023.

Os responsables da Titulación consideran que os servizos de atención ao estudante proporcionados polo Servizo de Alumnado (relativos a informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de convalidacións ou de traslado, entre outros) son apropiados para dirixir e orientar aos estudantes nestes temas.

A páxina web da Facultade conta cun apartado de "Alumnado Novo" onde se inclúe a información básica sobre o Curso Cero, Benvida, Matrícula, Plan de Acción Titorial, Planificación Académica (calendario, exames guías docentes, etc.), Planos da Facultade e Avisos.

Neste curso 2023-24 implantouse o novo sistema de xestión académica SIGMA, que abarca desde a tramitación das matrículas, ata un seguimento da titorización dos traballos de fin de estudos o a participación en programas de mobilidade. A implantación dun programa como este faise coa intención de automatizar os procesos e facilitar todos os trámites académicos. Este sistema, en principio, ía ser utilizado polas tres universidades galegas, pero só a UVigo adoptouno para todos os procesos académicos, no canto de implantalo nalgún sector académico reducido para avaliar o seu funcionamento e as posibles melloras.

Este sistema presenta erros de deseño, empregando unha terminoloxía que resulta completamente contraintuitiva. Todos os pasos necesarios para calquera trámite fanse moito máis laboriosos e as súas funcionalidades ofrecen confusión á hora de mostrar e introducir a información. En ningún momento programáronse cursos de habilitación tanto para PAS como para PDI, e unicamente foron enviados unha serie de titoriais a través do correo electrónico que, no momento da súa publicación, xa estaban obsoletos debido á constante modificación do sistema para a realización de diferentes xestións académicas.

Así mesmo, a implantación deste sistema de xestión académica implica a realización de procesos que non eran necesarios e que implican a modificación de normativas académicas para adaptalas ao proceso realizado na aplicación informática, tales como os procedementos e prazos para a presentación de traballos de fin de estudos, entre outros. Ademais, este sistema xera a obrigación ao profesorado de realización de tarefas que non lles corresponden coas súas funcións de docencia e investigación.

Por último, este sistema de xestión académica tamén xera a insatisfacción do alumnado pola dificultade do propio sistema para a realización das xestións de matrícula universitaria, solicitude das liñas de TFG e TFM e a presentación final destes traballos para a súa avaliación, así como os trámites relacionados cos programas de mobilidade. Por tanto, o sistema SIGMA creou a insatisfacción dos principais grupos de interese no proceso de organización e desenvolvemento da actividade académica, sen que se ningún destes grupos poida percibir claramente as vantaxes que puidese ofrecer este sistema.

Ademais, a Facultade realiza un acto de benvida onde se lle presenta ao alumnado novo a estrutura e órganos de goberno da Universidade e da Facultade; o Plan de Estudos do Grao; os programas de mobilidade; algunhas recomendacións de interese como o acceso á plataforma de docencia Moovi, ao Campus Remoto, etc.; o Plan de Acción Titorial, e a páxina web da Facultade, entre outras. Esta xornada finaliza cun circuíto polas principais dependencias da Facultade (aulas, laboratorios, biblioteca, unidades administrativas, cafetería, comedor, etc.), organizados en pequenos grupos e acompañados por estudantes voluntarios de cursos superiores.

A partir do curso 2021-22, a presentación das diferentes áreas e servizos da Universidade realizáronse en charlas duns 20 minutos durante os días nos que se imparte o Curso Cero. A axenda das charlas que se impartiron no curso 2023-24 foi a seguinte:

Martes 5 de setembro de 09:00 a 09:20 Área de Benestar Saude e Deporte (ABSD)
Martes 5 de setembro de 09:30 a 09:50 ORI (Oficiña de Relacións Internacionais)
Mércores 6 de setembro de 09:00 a 09:20 Servizo de Biblioteca
Mércores 6 de setembro de 09:30 a 09:50 Visita a Biblioteca de Ciencias
Xoves 7 de setembro de 09:00 a 09:20 Servizo de Extensión Universitaria
Xoves 7 de setembro de 09:30 a 09:50 Pausa Activa (ABSD)

Luns 11 de setembro de 09:00 a 09:20 FAITIC. Plataforma de Teledocencia MooVi
Luns 11 de setembro de 09:30 a 09:50 Delegación de Alumnado Facultade de CC do Mar
Martes12 de setembro de 09:00 a 09:20 Servizo de Axudas ao Estudo e Bolsas
Martes 12 de setembro de 09:30 a 09:50 Área de Cultura

O título de Grao ten como modalidade de impartición única a presencial, e impártese principalmente nas instalacións da Facultade de Ciencias do Mar (edificio de Ciencias Experimentais), aínda que como apuntabamos anteriormente, parte da docencia práctica desenvólvese nas instalacións da estación Marítima de Toralla (ECIMAT) e no Centro de Apoio Científico-Tecnolóxico á Investigación (CACTI) da UVIGO. As infraestruturas tecnolóxicas e os servizos do Centro son xeitosos e suficientes para o desenvolvemento das actividades formativas planificadas e a consecución das competencias por parte dos estudantes.

A Facultade de Ciencias do Mar ten relación con máis de 180 empresas do sector mariño e marítimo principalmente en Galicia, pero tamén no resto do territorio nacional, onde os alumnos poden realizar Prácticas Externas (Prácticas externas - Facultade de Ciencias do Mar). Todas estas empresas e aquelas que os alumnos soliciten para cursar as prácticas deben ter un convenio asinado coa Universidade de Vigo, a través do cal garántese que o estudante ten os medios materiais adecuados para levar a cabo o seu programa formativo.

Puntos débiles detectados:	**Accións de mellora a implantar:**
Falta de enchufes para a alimentación de dispositivos portátiles e tablets nas aulas.	Revisión e mellora das instalacións eléctricas das aulas.
Ausencia de datos sobre o grao de satisfacción do alumnado co PAT.	Implantación das enquisas de satisfacción do alumnado co PAT.
Baixa asistencia do alumnado e pouca participación do profesorado nas actividades do PAT.	Campañas de promoción, visibilidade e dinamización do PAT. Revisión do programa PAT para que nos primeiros cursos da Titulación teña unha orientación máis académica e nos últimos cursos unha orientación laboral.
Baixo número de estudantes apuntados ao programa Meet-UVigo.	Solicitude de reactivación de promoción e visibilidade do programa Meet-UVigo.

Evidencias nas que basea a reflexión:

E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución, entre outros).
E18: Información sobre os recursos materiais directamente vinculados co título.
E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida ou PAT.
E20: Listaxe dos centros /entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares.
E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título.
E22: Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia.
E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as Prácticas Xxternas (ligazón).
QSP relacionadas cos Recursos Materiais e Servizos da Titulación.

Indicadores nos que se basea a reflexión:

I9: Distribución de alumnado por centros de prácticas (R1 DO-0204).
I13: Planificación docente anual: PDA. (R1 DO-0201 PDA).
I23: Índice de satisfacción cos recursos materiais e servizos.
I24: Índice de satisfacción coa orientación recibida no centro.
I25: % alumnado en prácticas académicas.
I36: Nº estudantado titorizado.
I37: Grao de Satisfacción do estudantado co PAT.
I38: Grao de satisfacción das Persoas Tituladas coas Prácticas.

Criterio 6: Resultados de Aprendizaxe

Estándar: Os resultados da aprendizaxe alcanzados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES da Titulación.
Analizar os resultados da aprendizaxe alcanzados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información sobre as competencias que deben ser adquiridas por un graduado en Ciencias do Mar veñen definidas na nova memoria do título, tras a revisión realizada para asignalas claramente a diferentes materias e módulos, así como unha redacción máis clara delas. Ademais, nas guías docentes de cada materia aparecen tamén estas competencias xunto cos resultados de aprendizaxe.

Así as competencias do título seguen cumprindo o establecido no RD 139/2007 e correspóndense co nivel MECES do título.

Na Facultade de Ciencias do Mar existe un protocolo para a revisión e elaboración das guías docentes. Previo á apertura da aplicación DOCNET, os coordinadores de curso e a coordinadora de Grao revisan que en cada unha das guías docentes a relación de coordinadores de materia sexa a actualizada. Así mesmo, envía un correo aos/as coordinadores de curso onde, ademais do anuncio de apertura e prazos internos de revisión, establécense unhas directrices xerais para a elaboración das guías. Posteriormente, os coordinadores de curso envían un correo informativo aos coordinadores de materia co anuncio de apertura da aplicación DOCNET e as directrices xerais a considerar.

Desde o curso 2022-2023, anímase a todos os profesores responsables de materia participar no Plan "English Friendly" e que así se indique na guía docente. Todo o profesorado do Grao acepta, o cal constitúe un importante avance no Plan de Internacionalización da UVIGO. Decídese manter un ano máis nas guías docentes o "Plan de Continxencia".

En xeral, o protocolo de revisión e elaboración das guías docentes do Centro mostrouse eficiente e satisfactorio, aínda que o profesorado mostrou o seu malestar respecto á dificultade no manexo da aplicación DOCNET e a deficiente ferramenta de tradución da devandita aplicación.

As Taxas de Rendemento e Éxito por semestre académico adoitaban reflectir a tendencia habitual no histórico da Titulación, onde os valores das taxas van aumentando a medida que avanzan os cursos académicos. Ao igual que no curso 2022-23, neste curso 2023-24, estas Taxas Académicas diminúen a medida que avanzan os semestres dos cursos 1º e 2º, e nos cursos 3º e 4º os valores desta taxas aumentan. Esta mellora do rendemento do alumnado cara á segunda metade do Grao están vinculados a:

a) Menor número de alumnos por curso, o que pon de relevo a relación entre número de alumnos por grupo e resultados de aprendizaxe.

b) Grupos formados por alumnos realmente interesados na Titulación (o abandono adoita producirse principalmente entre 1.º e 2.º curso).

c) A transición entre materias máis xerais no 1º curso e máis específicas de Ciencias Mariñas no 2º curso, e moitas delas fundamentalmente metodolóxicas e cun elevado contido práctico.

d) Materias optativas que elixen o alumnado para especializarse na rama que máis lle interesa.

Co respecto as Taxas de Rendemento e Éxito do TFG, é de destacar, en xeral, a gran diferenza entre ambos os valores, onde a Taxa de Rendemento é moi baixa e a Taxa de Éxito alcanza valores próximos ao 100%. A explicación destas diferenzas débese, fundamentalmente, a que o alumnado do Grao en Ciencias do Mar ten a obrigación legal de matricularse anualmente, como mínimo, de 48 créditos, igual que o resto de alumnado da Universidade de Vigo. A tendencia do alumnado é a matricularse ao final dos seus estudos de grao daquelas materias máis difíciles de superar e, por tanto, vense obrigados a matricularse do TFG se o número de créditos non alcanza o número mínimo de 48.

Existen dúas cuestións relacionadas co TFG susceptibles de mellora. Ambas as teñen que ver coa implicación do profesorado. Por unha banda, aínda que o TFG é unha materia máis da Titulación, a titorización dos traballos non conta no POD. Aínda que na Universidade de Vigo recoñécese un desconto de docencia de 6 h por cada traballo titorizado, os profesores consideran que este recoñecemento é insuficiente. A segunda cuestión ten que ver coa participación nos tribunais que xulgan os TFGs, o que require un tempo significativo previo de lectura e avaliación dos mesmos, á parte do empregado no acto de defensa. De novo, aínda que na Facultade aplícanse descontos docentes dunhas poucas horas por formar parte dos tribunais do TFG, o profesorado considéraos insuficientes.

A valoración é MOI SATISFACTORIA respecto ao esforzo na mellora das guías docentes, e SUFICIENTE respecto aos resultados por materia.

Puntos débiles detectados:	**Accións de mellora a implantar:**
Baixas Taxas de Rendemento no TFG	Sensibilizar ao estudantado de 3º curso de que faga unha matrícula planificada e responsable do TFG.

Escaso recoñecemento da dedicación docente á participación nos tribunais de TFG	Seguir e aumentar, de ser posible, o número de horas da bolsa docente asignada á Facultade, no recoñecemento interno ao profesorado pola súa participación nos tribunais de TFG.

Evidencias nas que basea a reflexión:
E4: Guías docentes das materias.
E8: Resultados das enquisas de satisfacción de empregadores e persoas tituladas sobre o perfil de egreso.
E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución, entre outros).
E20: Listaxe de centros/entidades para á realización das prácticas externas curriculares ou extracurriculares.
E24: Listaxe de TFG/TFM dos 2 últimos cursos académicos (título, titor e cualificación).
E25: Listaxe de cualificacións de cada unha das materias do título.
QSP relacionadas cos Resultados de Aprendizaxe.

Indicadores nos que se basea a reflexión:
I10: Indicadores de resultados.

Criterio 7: Indicadores de Satisfacción e Rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais.
Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar que os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Programa formativo e resultados de aprendizaxe

Consideramos que os indicadores de demanda do título son positivos, cun valor que supera en todos os cursos académicos o 100% no indicador de preferencia, con estudantes maioritariamente procedentes da Comunidade Galega, pero con aproximadamente un 32% de estudantes doutras comunidades. A evolución da matrícula é positiva, superando en casi todos os cursos académicos desde a implantación do Grao o 100% de ocupación.

Un aspecto mellorable é o indicador de adecuación, onde aproximadamente o 50% dos estudantes de novo ingreso non seleccionou Ciencias do Mar en primeira opción. Isto provoca, como se verá a continuación, que os valores da Taxa de Abandono sexan moi altos, xa que a causa principal do abandono é o cambio de estudos por outro de maior preferencia por aquel alumnado que non elixiu o Grao en Ciencias do Mar como primeira opción. Así mesmo, os valores da Taxa de Rendemento son mellorables, polo que se vai implantar unha acción de mellora consistente na difusión da Titulación para atraer alumnado con mellores cualificacións de acceso. Para iso, é conveniente destacar a empregabilidade que ofrece esta Titulación debida á formación transversal impartida durante os estudos, xa que o aumento xeneralizado das notas media e mínima de acceso non reverteu nun aumento na Taxa de Adecuación.

A Taxa de Rendemento media da Titulación sitúase no 65% de media, que está dentro dos valores alcanzados nos últimos anos, aínda que este curso 2023-24 chegou ata un 69,0%. A Taxa de Éxito seguiu unha evolución moi similar á da Taxa de Rendemento, ata manterse en valores entre o 70 e 75%, alcanzando este curso 2022-23 o 76%. Que o valor da Taxa de Rendemento xeral para a Titulación sexa do 65% explica que a duración media dos estudos sexa superior a 5 anos e que a Taxa de Graduación dificilmente alcance o obxectivo proposto. A modificación da distribución das materias realizado no Novo Plan de Estudos, así como os esforzos realizados polos distintos Equipos Decanais da Facultade, a través das accións de coordinación e as campañas de promoción da Titulación, entre outros, non supuxeron melloras significativas no valor desta taxa. Unha das accións de mellora que se propuxo respecto diso foi a realización dunha serie de enquisas sobre o desenvolvemento das materias e do curso, nas que se puidera evidenciar o grao de dedicación do alumnado ao estudo e ao traballo realizado para a superación das materias. A pesar de que estas enquisas foron unha proposta do alumnado, a súa participación no primeiro curso de implantación foi moi baixa e decidiuse por fin a realización neste curso 2023-24.

A Taxa de Abandono é unha das máis críticas da nosa Titulación. A Dirección do Centro está moi sensibilizada cos malos valores destas taxas e considera interesante realizar actividades divulgativas no 1.º curso para animar ao alumnado a continuar os seus estudos nesta Titulación. Unha das actividades, que se vai a comezar nos próximos cursos, é a visita destes/as alumnos/as a buques de investigación oceanográfica que teñen o porto base en Vigo, como o Sarmiento de Gamboa, o Ángeles Alvariño, o Ramón Margalef, o Mytilus, ou o Francisco de Paula Navarro; a condición de que sexa posible debido ao alto número de días de navegación de todos estes

buques.
Os valores da Taxa de Graduación, que son considerablemente mellorables, son acordes coa Taxa de Rendemento, xa que non é posible finalizar uns estudos en catro anos se a media do alumnado só supera en cada curso académico o 65% dos créditos dos que se matriculou, como valor promedio; polo que os alumnos necesitan algún curso académico adicional para finalizar os estudos. Así mesmo, estes valores tamén son acordes coa Taxa de Abandono, xa que unha media de 20 alumnos/as abandonan a Titulación para cursar outros estudos.

Índices de satisfacción.

Os esforzos na difusión para a realización das Enquisas de Satisfacción coa Titulación (EST) por parte da Facultade conseguiron que se mellorase gradualmente a participación do alumnado e do PDI, logrando que houbese unha tendencia crecente despois da baixa participación no curso 2018-19. Á vista dos resultados de participación obtidos neste curso, en parte atribuíble ao hartazgo do alumnado para ter que contestar a moitas enquisas ao longo do curso, convén manter este esforzo e seguir insistindo no envío de correos electrónicos aos grupos de interese, sendo responsables desta difusión a Coordinadora de Grao e o equipo Decanal.
Os resultados das EST para o Grao son valorados con prudencia pola Dirección do Centro. Na enquisa ao alumnado estaban a alcanzarse altos niveis de participación e puntuacións superiores aos 3 puntos durante varios anos consecutivos. Con todo, a participación neste curso 2023-24 volveu descender ata un 7,0% pero a satisfacción xeral volveu por enriba dos 3,0 puntos por segundo ano consecutivo. No caso dos egresados, a puntuación obtida no curso 2023-24 é similar aos valores obtidos ao longo do histórico da Titulación, co inconveniente da baixa participación. Finalmente, a puntuación na enquisa ao profesorado supera por segundo ano consecutivo os 4 puntos.
Enquisa de satisfacción do alumnado. Os resultados desta enquisa son similares con respecto á realizada no curso 2022-23, obtendo boas puntuacións nos bloques de "Recursos humanos", "Recursos materiais e servizos" e "Resultados de aprendizaxe", malia que a participación sexa moi baixa. A puntuación máis baixa obtense na pregunta 3 sobre "Os horarios da Titulación", pero mellorou con respecto aos cursos anteriores grazas a nova distribución dos horarios que se realizou neste curso. É salientable o aumento da puntuación na pregunta 2 sobre "O calendario das probas de avaliación", grazas a que neste curso volveuse a implantar o "calendario de entregables", que se elabora ao mesmo tempo que os horarios da Titulación, donde o profesorado establece as datas límite de entregas de traballos ou outras actividades realizadas ao longo do curso. As preguntas do bloque 3 sobre o "Sistema de garantía de calidade" tampouco obteñen unha boa puntuación a pesar de que a Dirección do Centro continuará co esforzo de manter unha comunicación fluída co alumnado, xa sexa directamente, a través da delegación de alumnos ou das comisións delegadas da Facultade. Hai que destacar tamén neste curso 2023-24 a baixa puntuación na pregunta 16 sobre "As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia", debido a que nos últimos cursos o funcionamento da plataforma Moovi non é todo o satisfactoria que se espera.
Enquisa de satisfacción dos egresados. Para a Dirección do Centro, as puntuacións obtidas nesta enquisa son relativamente satisfactorias, e co inconveniente de que os resultados se obtiveron cunha participación moderadamente aceptable. Os resultados obtidos polo alumnado dos Plans Novo e Vello son algo dispares, sobre todo na dimensión 1 sobre a "Organización e desenvolvemento", pero en ambos os casos coinciden as baixas puntuacións nos aspectos relacionados coas orientacións académica e laboral. Por conseguinte, convén manter activas as accións de mellora implantadas en cursos anteriores para a potenciación do programa PAT e para a orientación laboral. As outras dúas dimensións onde se obteñen valores dispares entre o alumnado dos Plans Novo e Vello son o *"Sistema de garantía de calidade"* e *"Resultados de aprendizaxe"*.
Enquisa de satisfacción do PDI. A pesar de que as puntuacións nas preguntas da enquisa de satisfacción do PDI coa Titulación son, en xeral, moi boas, a menor puntuación do PDI coa Titulación de Grao en Ciencias do Mar é "A capacidade do estudantado para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas", polo que o profesorado debe facer énfase en facer ver ao alumnado a capacidade que ten para saber aplicar estas destrezas e habilidades.
Enquisa de satisfacción do PAS. As puntuacións obtidas nesta enquisa son, en xeral, satisfactorias. A baixa puntuación obtida na pregunta 9 sobre "A dotación do PAS adscrito" fai manter a acción de mellora *"Apoio decidido á Administradora de Centro nas súas peticións de aumento de PAS", no que se presentará na Xerencia da Universidade as demandas de persoal elaboradas pola Administradora do Centro.*
Enquisa de satisfacción coa Titulación aos empregadores. Os índices de satisfacción dos empregadores nos aspectos sobre a formación, desempeño e a achega dos/as titulados/as de Grao en Ciencias do Mar é alta. Aínda así, os empregadores suxiren que son mellorables "A formación práctica" e "A formación adaptada ou actualizada".
Enquisa de satisfacción do Curso Cero. Á vista do descenso de participación na enquisa desde que se fixo a través da plataforma de teledocencia Moovi, a partir do curso 2020-21 optouse por realizala o último día do curso co fin de mellorar devandita participación.. O alumnado valora moi positivamente a impartición do Curso Cero. Estimamos que para o alumnado é unha boa referencia para coñecer os contidos aos que se enfrontará durante o comezo dos seus estudos na Universidade. Agradecemos e felicitamos ao profesorado encargado de impartir as materias deste Curso Cero polo bo labor realizado.
Enquisa sobre o desenvolvemento das materias. A participación nas enquisas do curso 2022-23 foi

practicamente nula, polo que a Comisión de Garantía de Calidade decidiu poñer fin a esta acción de mellora cun estado de cumprimento de "realizada en parte" e un grao de satisfacción "baixo".

Enquisa de Avaliación Docente.

As puntuacións globais obtidas na Enquisa de Avaliación Docente son positivas, mantendo puntuacións altas nos últimos cursos académicos, pero neste curso 2023-24 produciuse un descenso das puntuacións, estando por debaixo da media do Grao na Universidade. Ademais, houbo tamén un descenso moi importante na participación do alumnado nestas enquisas nos últimos cursos, coincidindo coa súa implantación telemática a través da plataforma de teledocencia Moovi, sendo a deste curso 2023-24 a participación máis baixa do histórico da Titulación.

As cuestións mellor valoradas corresponden á exposición das guías docentes e os criterios de avaliación, e as actividades desenvolvidas nas clases. A dimensión que obtén menor puntuación en comparación co resto, a pesar de obter unha boa nota, é a que se refire á planificación da docencia. Esta peor puntuación volve a repetirse novamente como ocorreu en cursos anteriores.

É destacable a mellora da coordinación entre profesorado que imparte a mesma materia, como tamén queda reflectido na Enquisa de Satisfacción do Alumnado coa Titulación, aínda que as accións de mellora encamiñadas a estes aspectos non foran desenvolvidas plenamente. A concienciación do profesorado nestes aspectos foi a causa principal desta mellora.

A análise das tendencias a longo prazo permite concluír que o profesorado do grao en Ciencias do Mar preocupouse por mellorar as súas puntuacións ao longo dos cursos académicos e, en xeral, está moi ben considerado polo alumnado en case todas as materias e cursos. Desde hai varios cursos académicos unicamente dispoñemos dun informe xeral por titulación e non das puntuacións particulares obtidas en cada materia. Así que, no caso de que se poida producir algún descenso na cualificación media da materia, poden ser debidos a un feito puntual ou teñen algunha xustificación que o explique. Con todo, a dirección do Centro non pode facer un seguimento por materia.

Pódese concluír que a Titulación de Grao en Ciencias do Mar conta cun moi bo cadro de profesorado encargado dos labores docentes, e pódese considerar como un punto forte da Titulación.

Valores de inserción laboral

Os resultados mostrados polo Ministerio de Universidades, o Instituto Nacional de Estatística, a ACSUG e a Universidade de Vigo mostran, no seu conxunto, que a inserción laboral dos/as titulados/as de Grao en Ciencias do Mar pode avaliarse como moderadamente favorable, aínda que esta situación non parece diferenciarse moito da empregabilidade atopada tanto nas titulacións de Ciencias do Mar impartidas noutras Universidades, nin na atopada nas titulacións do Ámbito das Ciencias.

A formación multidisciplinar permite aos egresados optar a postos de traballo en variados campos profesionais (opcionalidad no emprego), aínda que a maioría traballa en actividades de tipo científico-técnico.

No informe elaborado pola Universidade de Vigo, é destacable a insatisfacción xeneralizada dos/as egresados/as sobre a inserción laboral. Confiamos en que as xornadas sobre saídas profesionais organizadas na Facultade de Ciencias do Mar e o contacto coa Área de Emprego e Emprendemento da Universidade mellore este aspecto nos próximos anos.

A partir destes datos, así como cos datos obtidos nas enquisas de satisfacción do alumnado e dos egresados, na que as puntuacións nos ítems referidos á orientación laboral no son bos (II.1.c. e II.1.d), implantáronse no curso 2022-23 as seguintes accións de mellora:

- Fomento da formación en estatística, normativas de contorna laboral e xestión de proxectos naquelas materias onde se adquiran ou se poidan adquirir habilidades nestes aspectos.
- Revisión do programa PAT para que nos primeiros cursos da Titulación teña unha orientación máis académica e nos últimos cursos unha orientación laboral.
- Orientación das habilidades das materias para enfocalas cara ao mundo laboral.
- O profesorado das materias de carácter profesional, así como nalgunhas de coñecementos e técnicas transversais, destacará as aplicacións ao mundo laboral que teñen os coñecementos científico-técnicos incluídos nos contidos das materias que imparten.

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Taxa de Adecuación moi baixa, da orde do 50%, a pesar de ter cada ano unha Taxa de Preferencia superior ao 100%. Isto xera valores altos na Taxa de Abandono e valores mellorables na Taxa de Rendemento.	Impulsar o Plan de Promoción e Difusión da Titulación para atraer alumnado con mellores cualificacións de acceso. Tal e como se describe no Criterio 1.
Taxas de Rendemento que, aínda que na maioría das materias alcancen os seus valores obxectivo, poden mellorarse.	Enquisas de desenvolvemento das materias e do curso onde se avalían a dedicación do alumnado ao estudo e pódense observar as melloras para realizar para aumentar o rendemento académico do alumnado. Tal e

	como se describe no Criterio 1. Mellorar a orientación académica do alumnado. Revisión dos sistemas de avaliación das materias co obxecto de mellorar o rendemento académico do alumnado.
Taxas de Abandono superiores ao valor obxectivo proposto para a Titulación.	Actividades divulgativas no 1.º curso para animar ao alumnado para continuar os seus estudos nesta Titulación. Tal e como se describe no Criterio 1.
Pouca participación nas enquisas de satisfacción.	Reservar uns minutos das últimas clases de cada semestre para convidar os estudantes a que cumprimenten as enquisas correspondentes.
Insatisfacción do alumnado coa falta de coordinación entre materias.	Mellora da coordinación entre materias para corrixir a puntuación na enquisa de satisfacción do alumnado coa Titulación.
Insatisfacción do alumnado cos horarios da Titulación.	Deseño de horarios por franxas horarias nas que se impartirán as horas de docencia A, B e C.
Puntuacións por baixo da media da Universidade nalgúns ítems da Enquisa de Avaliación Docente nalgunhas materias de 2.º e 4.º cursos, a pesar da boa valoración obtida nesta enquisa.	Mellorar a puntuación na Enquisa de Avaliación Docente para os cursos 2º e 4º.
Insatisfacción dos egresados coa orientación profesional da Titulación.	Accións para orientar ao alumnado na súa orientación profesional. Xornadas sobre saídas profesionais. O profesorado das materias de carácter profesional, así como nalgunhas de coñecementos e técnicas transversais, destacará as aplicacións ao mundo laboral que teñen os coñecementos científico-técnicos incluídos nos contidos das materias que imparten. Divulgación das actividades desenvolvidas pola Área de Emprego e Emprendemento da Universidade, como vía para a orientación do emprego para o alumnado. Implantación de actividades e estratexias para realizar un seguimento do alumnado egresado e a súa empregabilidade.
A empregabilidade dos egresados en Ciencias do Mar pódese considerar moderadamente satisfactoria, pero é mellorable.	Mellorar a percepción dos empregadores sobre as capacidades e competencias adquiridas polos Titulados en Ciencias do Mar.
Evidencias nas que basea a reflexión: E12: Plans de mellora (en concreto, accións de mellora realizadas a partir dos resultados obtidos en todos os indicadores). E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución, entre outros). E29: Documento onde se recolla a análise dos resultados do título (incluídos indicadores de inserción laboral e SIIU). QSP relacionadas cos Indicadores de satisfacción e rendemento da Titulación.	

Indicadores nos que se basea a reflexión:
I1-I2: Número de estudantes de novo ingreso.
I10: Indicadores de resultados.
I11: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso.
I12: Resultados de inserción laboral.
I20: Índice das enquisas de satisfacción coas Titulacións.
I21: Taxa de Abandono (Egreso).
I22: Taxa de Cambio de Estudo.
I35: Nota media do acceso.

TITULACIÓN DE MESTRADO UNIVERSITARIO EN OCEANOGRAFÍA POLA UCA, ULPGC E UVigo

IV DATOS E INDICADORES

Os datos e indicadores que se utilizarán para realizar a revisión atópanse no documento "R1 DE-02 Cadro de Mando" asociado ao procedemento *"DE-02 Seguimento e Medición"*, dispoñible en formato Excel na seguinte ligazón da páxina web do centro: https://mar.uvigo.es/calidad/satisfaccion/.

Os datos que se presentan a continuación recollen os resultados do Centro e da Titulación oficial de Mestrado Universitario en Oceanografía.

IV.1. Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais (EVIDENCIA 13, INDICADORES 20, 23,24, 25, 26 e 39).

A información dispoñible sobre as enquisas de satisfacción coa Titulación foi proporcionada polo Portal de Transparencia da UVIGO:
(https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/5).

IV.1.a. Índice de participación (I50-1).



Figura 50. Índice de participación na enquisa de satisfacción coa Titulación de Mestrado Universitario en Oceanografía para os distintos grupos de interese.

Na Figura 50 móstrase a participación do alumnado, egresados/as, PDI e PAS nas enquisas de satisfacción coa Titulación de Mestrado durante os distintos cursos. O esforzo realizado durante os últimos anos para incentivar a participación non é todo o frutífera que se espera. Por unha banda, a participación do alumnado neste curso 2023-24 diminuíu ata un 22% (2 mulleres), pero aumentou a participación das/os egresadas/os ata un 64% (2 homes e 5 mulleres). Os datos do PAS e do PDI son os do curso 2022-23, cun 12% (2 mulleres) e un 41%, respectivamente.

Nas enquisas propias da Titulación, é de destacar que a participación do alumnado na enquisa sobre a xornada de acollida foi do 100% (2 mulleres e 5 homes), xa que esta enquisa é realizada presencialmente ao finalizar esta xornada de acollida. Así mesmo, a participación do alumnado na enquisa sobre o TFM é moi baixa, cunha media de 2 alumnas/os ao longo do histórico da Titulación, e con 3 alumnas/os dunha poboación de 11 persoas neste curso 2023-24. Finalmente, na enquisa aos Titores sobre o TFM, a participación foi aumentando progresivamente ata 10 enquisadas/os dun total de 14 persoas, que se mantén como máximo do histórico da Titulación.

IV.1.b. Índice de satisfacción sobre a Titulación (I20).

A Figura 51 mostra o histórico de puntuacións medias obtidas nesta enquisa nos anos que leva impartíndose a Titulación de Mestrado en Oceanografía. A puntuación xeral do índice de satisfacción do alumnado deste curso 2023-24 é moi satisfactoria con 4,19 puntos (2 mulleres realizaron a enquisa), sendo a máis alta de todo o histórico. A puntuación do índice de satisfacción xeral das/os egresadas/os neste curso 2023-24 é de 3,75 puntos (4,00 homes e 3,66 mulleres), algo menor que a puntuación obtida no curso anterior. A puntuación do índice de satisfacción xeral do PDI supera os 4 puntos desde a realizada no curso 2018-19, obtendo no curso 2022-23 a máxima puntuación no histórico da Titulación, con 4,33 puntos (4,20 homes e 4,65 mulleres). Finalmente, o índice de satisfacción do PAS con la Titulación considérase moi positivo, con puntuación de 4,00 e 4,16 puntos nos cursos 2020-21 e 2022-23, respectivamente.



Figura 51. Índices de satisfacción nas enquisas de satisfacción coa Titulación de Mestrado Universitario en Oceanografía para os distintos grupos de interese.

O índice de satisfacción da enquisa ao alumnado sobre a xornada de acollida obtense co valor medio dos resultados, e o valor para este curso 2023-24 é de 4,9 puntos sobre 5, que é similar ás puntuacións dos cursos anteriores. O grado de satisfacción do alumnado có TFM é elevado, mantívose por encima de 4,6 puntos entre os cursos 2017-18 e 2020-21, pero neste curso 2023-24 a puntuación obtida é de 4,54, algo superior á do curso 2022-23 con 4,36 puntos. Se valora a satisfacción do alumnado co TFM, como moi positiva. Finalmente, a valoración global do grao de satisfacción dos titores có desenvolvemento do TFM e coa formación do estudantado do Mestrado neste curso 2023-24, é de 3,80 puntos, que é un valor menor que obtido no curso 2022-23, con 4,36 puntos. Este valor é máis baixo cos obtidos en cursos anteriores pero o resultado considerámolo satisfactorio, xa que a participación dos titores nesta enquisa é cada vez maior.

Nas seguintes táboas, correspondentes ás enquisas de satisfacción do alumnado, egresados/as, PDI e PAS, os valores obtidos nas respostas márcanse en azul escuro cando o valor é igual ou superior a 4,5 puntos; en azul claro cando a puntuación é superior aos 4,0 puntos, e inferior a 4,5; en verde escuro cando o valor é igual ou superior a 3,5 e inferior a 4,0; en verde claro cando o valor é igual ou superior a 3,0 e inferior a 3,5; en laranxa claro cando o valor é igual ou superior a 2,5 e inferior a 3,0; en laranxa escuro cando o valor atópase entre un valor igual ou superior a 2,0 e inferior a 2,5; e en vermello cando o valor é inferior a 2,0. Así mesmo, os enunciados das cuestións marcados en gris indican que estes cambiaron con respecto a enquisas de cursos

anteriores pero que os resultados obtidos neses ítems poden ser comparables e son interesantes de destacar.

IV.1.c. Resultados da enquisa de satisfacción do alumnado (I20-1, I13-1,I24-1, I25-1, I26-1 e I39-1).

Táboa 25. Resultados das enquisas de avaliación da satisfacción do alumnado coa Titulación.

Enquisa de satisfacción do alumnado coas titulación de Mestrado en Oceanografía pola UCA; ULPG e Uvigo															
Poboación:	Estudantado que cursa por primeira vez proveñente dun grao														
Escala:	De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)														
Curso académico						2023-24			2022-23			2021-22			
						H	M	Promedio	H	M	Promedio	H	M	Promedio	
					Participación	-	2	22%	3	4	50%	0	2	20%	
Dimensións		Bloques			Cuestións	Respostas	-	4,19	4,19	3,42	3,88	3,68	-	3,52	3,52
1	Xestión da titulación	1	Organización e desenvolvemento	1	A distribución e orde das materias no plan de estudos	De 1 a 5	-	4,50	4,50	2,67	2,75	2,71	-	2,00	2,00
				2	A coordinación entre as materias do plan de estudos	De 1 a 5	-	4,00	4,00	3,33	3,75	3,57	-	1,00	1,00
				3	Os horarios da titulación	De 1 a 5	-	2,00	2,00	3,00	3,75	3,43	-	1,00	1,00
				4	O calendario das probas de avaliación	De 1 a 5	-	3,50	3,50	3,33	4,00	3,71	-	3,00	3,00
				5	A utilidade das prácticas da titulación	De 1 a 5	-	4,50	4,50	3,33	3,00	3,14	-	4,00	4,00
				6	A orientación académica recibida no plan de acción titorial	De 1 a 5	-	3,50	3,50	3,33	3,00	3,17	-	3,00	3,00
		2	Información e transparencia	7	A facilidade para atopar contidos na páxina web	De 1 a 5	-	5,00	5,00	3,33	4,50	4,00	-	2,50	2,50
				8	A utilidade da páxina web da titulación	De 1 a 5	-	4,50	4,50	3,33	3,50	3,43	-	4,00	4,00
				9	A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...)	De 1 a 5	-	4,00	4,00	4,00	4,00	4,00	-	4,00	4,00
		3	Sistema de garantía de calidade	10	A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (respostas, resolucións e posta en marcha de accións)	De 1 a 5	-	4,00	4,00	4,00	3,50	3,75	-	2,50	2,50
				11	A implicación da Facultade/Escola na resolución de problemas e na mellora da titulación	De 1 a 5	-	4,50	4,50	3,50	4,00	3,75	-	2,50	2,50
2	Recursos	4	Recursos humanos	12	A atención do persoal de administración e servizos do centro	De 1 a 5	-	5,00	5,00	3,33	4,00	3,71	-	5,00	5,00
		5	Recursos materiais e servizos	13	As aulas e o seu equipamento	De 1 a 5	-	4,00	4,00	3,67	4,50	4,14	-	5,00	5,00
				14	Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento	De 1 a 5	-	4,50	4,50	3,50	4,50	4,17	-	5,00	5,00
				15	Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento)	De 1 a 5	-	4,50	4,50	4,67	4,50	4,57	-	5,00	5,00
				16	As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia	De 1 a 5	-	4,50	4,50	4,00	4,50	4,29	-	5,00	5,00
3	Resultados	6	Resultados de aprendizaxe	17	A formación adquirida	De 1 a 5	-	4,50	4,50	3,00	4,00	3,57	-	4,00	4,00
				18	O cumprimento das túas expectativas formativas	De 1 a 5	-	4,50	4,50	2,67	3,75	3,29	-	3,50	3,50
							Si	Non		Si	Non				
En xeral, a calidade da titulación				19	En xeral, estou satisfeito coa titulación	Si / Non	0%	100%		67%	33%		100%		
				20	En xeral, que é o que máis valoras da titulación?	Resposta aberta									
				21	Segundo a súa opinión, que melloras considera que se deberían incorporar á titulación	Resposta aberta									
				23	Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres	Resposta aberta									

Na Táboa 25 móstranse os resultados da enquisas realizadas durante os últimos tres cursos académicos. Os resultados pasaron no curso 2019-20 de ser realmente malos en practicamente todos os aspectos nos que o alumnado foi preguntado, de modo que o resultado desta enquisa sería motivo suficiente para plantexar unha modificación do plan de estudos desta Titulación, a pasar a obter uns resultados moi satisfactorios nunha gran parte dos aspectos preguntados nos cursos seguintes.

Neste curso 2023-24 obtense puntuacións por enriba dos 4 puntos na maioría das preguntas, e obtense puntuacións de 3,5 puntos nas preguntas 4 e 6, sobre "O calendario das probas de avaliación" e "A orientación académica recibida no plan de acción titorial", respectivamente.

O aspecto que debe ser mellorado, de acordo ás opinións do alumado, é o relativo á pregunta 3, sobre "Os horarios da Titulación". A Dirección do Centro é consciente da dificultade que entraña a elaboración destes horarios, coas circunstancias de dispoñibilidade do profesorado para compaxinar a docencia do Mestrado coa docencia noutras titulacións.

Finalmente, é de destacar que as dúas persoas enquisados están satisfeitas coa Titulación.

As respostas abertas desta enquisa poden resumirse da seguinte maneira:

Con respecto á pregunta **"En xeral, que é o que máis valora da Titulación?"**, a única resposta está referida ao carácter multidisciplinar da Titulación.

Na pregunta **"Que melloras se poderían incorporar á Titulación?"**, non hai respostas.

Na pregunta **"Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres"**, non hai respostas.

IV.1.d. Resultados da enquisa de satisfacción dos egresados (I20-3, I23-2, I25-2, I26-2 e I39-2).

Na Táboa 26 móstranse os resultados das enquisa realizada. A puntuación obtida nos últimos cursos considerámolas de satisfactorias. A práctica totalidade das puntuacións nos apartados a valorar superan os 3,5 puntos para este curso 2023-24, alcanzando puntuacións superiores aos 4 puntos en gran parte das preguntas.

A puntuación máis baixa obtense, novamente na pregunta 5, sobre "A orientación laboral recibida" destacando a necesidade de que a acción de mellora sobre as xornadas sobre saídas profesionais debería facerse máis alcanzable ao estudantado de mestrado. As outras preguntas coas puntuacións máis baixas, que alcanzaron os 3,00 puntos, son as referidas a "Os programas de mobilidade" e "A atención do persoal de administración e servizos". No caso dos programas de mobilidade, sería conveniente promocionalos noutra sesión, ademais da divulgación realizada na xornada de acollida. En canto a atención do persoal PAS, pode atribuírse á incorporación do no novo persoal na Facultade, e que non estaban familiarizados cos procesos e a dinámica das Facultades do Edificio de Ciencias Experimentais.

O 71% das egresadas que contestaron a enquisa de satisfacción coa Titulación, recomendarían esta Titulación a outra persoa.

Táboa 26. Resultados das enquisas de avaliación da satisfacción dos egresados coa Titulación.

Enquisa de satisfacción das persoas tituladas coas titulacións curso 2023-2024															
Poboación:	Persoas que remataron os seus estudos de mestrado en 2022-2023							2021-22			2020-2021				
Escala:	De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)				H	M	Total	H	M	Total	H	M	Total		
				Satisfacción	4,00	3,66	3,75	-	4,19	4,19	-	3,81	3,81		
				Participación	2	5	64%	0	2	20%	0	3	30%		
Dimensións	Bloques		Cuestións										Curso 2021-22		
			Cuestionario curso 2021-22	Respostas	H	M	Total	H	M	Total	H	M	Total		
1	Xestión da titulación	1	Organización e desenvolvemento	1 A distribución das materias do plan de estudos	De 1 a 5	4,00	4,00	4,00	-	3,50	3,50	-	3,67	3,67	
				2 O grao de actualización dos contidos do plan de estudos	De 1 a 5	4,50	4,00	4,14	-	5,00	5,00	-	4,00	4,00	
				3 As metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino	De 1 a 5	4,50	3,60	3,86	-	3,50	3,50	-	3,33	3,33	
				4 A orientación académica recibida	De 1 a 5	5,00	3,00	3,57	-	4,00	4,00	-	2,33	2,33	
				5 A orientación profesional e laboral recibida	De 1 a 5	2,50	2,80	2,71	-	1,50	1,50	-	2,67	2,67	
				6 Os programas de mobilidade, de ser o caso	De 1 a 5	----	3,00	3,00	-	-	-	-	3,67	3,67	
		2	Información e transparencia	7 A facilidade para atopar contidos na páxina web	De 1 a 5	4,00	3,80	3,86	-	5,00	5,00	-	3,67	3,67	
				8 A utilidade da páxina web da titulación	De 1 a 5	4,50	3,80	4,00	-	5,00	5,00	-	4,00	4,00	
		3	Sistema de garantía de calidade	9 A atención ás queixas, suxestións ou incidencias (resposta, resolución e posta en marcha de accións)	De 1 a 5	4,00	3,00	3,17	-	4,50	4,50	-	4,33	4,33	
				10 A implicación do Centro na resolución de problemas e na mellora da titulación	De 1 a 5	4,00	3,40	3,50	-	4,50	4,50	-	4,33	4,33	
2	Recursos	4	Recursos humanos	11 O desempeño do profesorado	De 1 a 5	4,50	3,80	4,00	-	5,00	5,00	-	4,33	4,33	
				12 A atención do persoal de administración e servizos	De 1 a 5	2,50	3,20	3,00	-	5,00	5,00	-	3,67	3,67	
		5	Recursos materiais e servizos	13 As aulas e laboratorios	De 1 a 5	4,00	4,00	4,00	-	5,00	5,00	-	4,33	4,33	
				14 Espazos para o traballo autónomo (biblioteca., aulas TIC....)	De 1 a 5	4,50	4,20	4,29	-	4,00	4,00	-	4,33	4,33	
				15 As plataformas de teledocencia e ferramientas multimedia	De 1 a 5	4,50	4,40	4,43	-	5,00	5,00	-	3,00	3,00	
3	Resultados	6	Resultados de aprendizaxe	16 A formación adquirida	De 1 a 5	3,00	4,00	3,71	-	3,50	3,50	-	4,00	4,00	
				17 A utilidade da formación recibida para a carreira profesional	De 1 a 5	4,00	3,80	3,86	-	3,00	3,00	-	4,33	4,33	
4	Prácticas e experiencia	7	Prácticas externas	18 Realizou algunha práctica externa	Si / Non	SI	NON	NS/NC	SI	NON	NS/NC	SI	NON	NS/NC	
						14,3%	85,7%	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	33%	33%	33%	
						H	M	Total	H	M	Total	H	M	Total	
				19 Formación adquirida na práctica	De 1 a 5	----	4,00	4,00				-	5,00	5,00	
				20 Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación	De 1 a 5	----	4,00	4,00				-	4,00	4,00	
				21 Duración das prácticas	De 1 a 5	----	4,00	4,00				-	5,00	5,00	
		8	Situación actual	22 Indique cales destas opcións reflicten a súa situacion laboral ou académica na actualidade	Elixir unha opción	a) Estudante		25%	a) Estudante		0%	a) Estudante		33%	
						b) Opositor		0%	b) Opositor		0%	b) Opositor		0%	
						c) Empregado/a por conta propia		0%	c) Empregado/a por conta propia		0%	c) Empregado/a por conta propia		0%	
						d) Empregado/a por conta allea		0%	d) Empregado/a por conta allea		0%	d) Empregado/a por conta allea		0%	
						e) En busca de emprego		13%	e) En busca de emprego		100%	e) En busca de emprego		67%	
						f) Outros		63%	f) Outros		0%	f) Outros		0%	
Preguntas abertas				23 Recomendaría esta titulación a outras persoas?	Si / Non	SI	NON	NS/NC	SI	NON	NS/NC	SI	NON	NS/NC	
						71%	14%	14%	50%	50%	0%	100%	0%	0%	
				24 En xeral, que é o que máis valora da titulación?	Resposta aberta										
				25 Que melloras se poderían incorporar á titulación?	Resposta aberta										
				26 Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres	Resposta aberta										

As respostas abertas desta enquisa poden resumirse da seguinte maneira:

Con respecto á pregunta **"En xeral, que é o que máis valora da Titulación?"**, nas catro respostas referíronse á dedicación do persoal académico para favorecer a aprendizaxe e as colaboración con institucións como IIM-CSIC e IEO-CSIC.

Na pregunta **"Que melloras se poderían incorporar á Titulación?"**, as tres respostas están referidas fundamentalmente á posibilidade de realización de prácticas profesionais como vía á orientación laboral.

Na pregunta **"Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres"**, a única resposta está referida á repetición de contidos cando o alumnado procede da Titulación de Grao en Ciencias do Mar. Esta mesma persoa expresa a súa insatisfacción polo comportamento dun profesor co alumnado.

IV.1.e. Resultados da enquisa de satisfacción do PDI (I20-2, I23-3, I24-3 e I26-3).

Esta enquisa realízase bianualmente e na Táboa 27 móstranse os resultados das enquisas realizadas nos tres últimos cursos académicos que foi realizada; a última enquisa foi no curso 2022-23.

Como pode observarse, as puntuacións superan os 4,0 puntos en todas as preguntas realizadas ao PDI, e melloraron na totalidade dos bloques e nas preguntas, polo que o PDI está moi satisfeito coa Titulación, tal e como o manifesta o 94% do PDI enquisado.

As respostas abertas desta enquisa poden resumirse da seguinte maneira:

Con respecto á pregunta **"En xeral, que é o que máis valora da Titulación?"**, a única resposta a boa oferta académica e o nivel de coñecemento ofrecido ao alumnado.

Na pregunta **"Que melloras se poderían incorporar á Titulación?"**, a resposta dun PDI está referida á posibilidade de favorecer a invitación de investigadores españois e extranxeiros, así como a organización dun ciclo de seminarios sobre temas referidos á Titulación.

Na pregunta **"Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres"**, non houbo respostas.

Táboa 27. Resultados das enquisas de avaliación da satisfacción do PDI coa Titulación.

Enquisa de Satisfacción do Profesorado coas Titulacións Oficiais curso 2022-23														
Poboación:	Profesorado que imparte docencia en graos e mestrados segundo o POD													
Escala:	De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)							Curso 2020-21			Curso 2018-19			
						Participación	Poboación	Porcentaxe	Participación	Poboación	Porcentaxe	Participación	Poboación	Porcentaxe
Indique, por favor, se						**16**	**39**	**41%**	32 19/13	61	**52,46%**	41 25/16	68	**60,29%**
Dimensións		Bloques			Cuestións	4,20	4,65	**4,33**	4,16	3,87	**4,05**	4,08	3,96	**4,03**
1	Xestión da titulación	1	Organización e desenvolvemento	1	A estruturación ou organización temporal das materias do plan de estudos	3,82	4,80	**4,13**	4,11	4,17	**4,13**	4,08	4,27	**4,15**
				2	A coordinación entre as materias do plan de estudos	3,82	4,40	**4,00**	4,26	3,27	**3,90**	4,04	3,53	**3,85**
				3	Os horarios da titulación	3,82	4,60	**4,06**	3,89	3,83	**3,87**	3,84	3,73	**3,80**
				4	O calendario das probas de avaliación	4,36	5,00	**4,56**	4,42	4,18	**4,33**	4,32	4,07	**4,23**
				5	As prácticas realizadas nas materias da titulación	4,36	5,00	**4,53**	4,00	4,00	**4,00**	3,82	4,13	**3,95**
				6	A orientación académica programada no plan de acción titorial	4,00	4,33	**4,08**	4,06	3,33	**3,80**	3,91	3,75	**3,85**
		2	Información e transparencia	7	A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web	4,27	4,60	**4,38**	4,41	4,33	**4,38**	4,40	4,27	**4,35**
				8	A utilidade da información sobre a titulación publicada na web	4,18	4,40	**4,25**	4,41	4,33	**4,38**	4,46	4,27	**4,38**
				9	A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais…)	4,30	5,00	**4,36**	4,31	4,18	**4,26**	4,09	4,00	**4,05**
				10	A información sobre as actividades de extensión universitaria (actividades culturais, deportivas, sociais…)	3,80	5,00	**4,00**	4,07	3,89	**4,00**	3,76	3,69	**3,74**
		3	Sistema de garantía de calidade	11	As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación…)	4,00	4,00	**4,00**	4,44	3,55	**4,10**	4,25	3,79	**4,08**
2	Recursos	4	Recursos humanos	12	A atención do persoal de administración e servizos do centro	4,73	5,00	**4,81**	4,47	4,00	**4,31**	4,20	4,19	**4,20**
				13	A oferta de formación permanente da Universidade de Vigo para o profesorado	3,82	4,40	**4,00**	3,39	2,92	**3,20**	3,52	3,43	**3,49**
		5	Recursos materiais e servizos	14	As aulas e o seu equipamento	4,55	4,60	**4,56**	4,42	4,27	**4,37**	4,28	4,40	**4,33**
				15	Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento	4,33	4,25	**4,31**	4,16	3,91	**4,07**	4,04	3,79	**3,95**
				16	Os espazos auxiliares (biblioteca…) e o seu equipamento	4,50	5,00	**4,67**	4,44	4,08	**4,30**	4,40	4,07	**4,28**
				17	As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia	4,70	5,00	**4,80**	4,44	4,18	**4,34**	4,52	4,25	**4,41**
3	Resultados	6	Resultados de aprendizaxe	18	A formación adquirida polo estudantado (coñecementos e contidos)	4,27	4,40	**4,31**	3,84	3,64	**3,77**	3,84	3,81	**3,83**
				19	A capacidade do estudantado para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas	4,09	4,50	**4,20**	3,50	3,36	**3,45**	3,57	3,63	**3,59**
	Xerais			20	En xeral, estou satisfeito coa titulación	SI	NON							
						94%	**6%**		94,12	100,00	**96,43**	86,96	87,50	**87,18**
			Preguntas abertas	21	En xeral, que é o que máis valoras da titulación?									
				22	Que melloras se poderían incorporar á titulación?									
				23	Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres									

IV.1.f. Resultados da enquisa de satisfacción do PAS (I20-4, I24-2 e I26-4).

Esta enquisa realízase bianualmente e na Táboa 28 móstranse os resultados das enquisas realizadas nos dous últimos cursos académicos que se fixo; a última foi no curso 2022-23.

Como pode observarse, as puntuacións superan os 4,0 puntos en todas as preguntas feitas ao PDI, e melloraron na práctica totalidade dos bloques e nas preguntas, polo que o PAS está moi satisfeito coa Titulación.

A puntuación máis baixa obtívose na pregunta 9 sobre "A dotación do PAS adscrito". Esta baixa puntuación queda evidenciada no apartado sobre o PAS do Centro, tal e como se mostra no apartado II.1.f.

As respostas abertas poden resumirse da seguinte maneira.

Con respecto á pregunta **"En xeral, que é o que máis valora das titulacións do Centro?"**, non houbo respostas.

Na pregunta **"Que accións considera que se deberían de incorporar para a mellora das titulacións do Centro?"**, a única resposta refírese a necesidade de aumentar o número de PAS para evitar a repercusión de exceso de traballo noutras áreas da administración do Edificio de Ciencias Experimentais, por ter que facerse cargo de tarefas relacionadas co mestrado e que non lles corresponden.

Táboa 28. Resultados das enquisas de avaliación da satisfacción do PAS coa Titulación

Enquisa de satisfacción do PAS coas titulacións curso 2022-2023													
Poboación:	Persoal de Administración e Servizos en activo nos centros con relación coa titulación de Mestrado en Oceanografía pola UCA, ULPGC e Uvigo												
Escala:	De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)										Curso 2020-21		
								H	M	Total	H	M	Total
							Satisfacción	-	4,16	**4,16**	-	4,00	**4,00**
Indique, por favor, se vostede está satisfeito/a con:							Participación	0%	14%	12%	0%	7%	6%
Dimensións		Bloques		Cuestións			Respostas						
1	Xestión da titulación	1	Información xeral sobre o centro e as súas titulacións	1	A información dispoñible para o alumnado		De 1 a 5	----	4,50	**4,50**	----	4,00	4,00
				2	A información recibida para o desenvolvemento do seu traballo		De 1 a 5	----	4,50	**4,50**	----	3,00	**3,00**
				3	A información dispoñible na páxina web do centro		De 1 a 5	----	45,00	**4,50**	----	4,00	4,00
		2	Comunicación	4	A comunicación cos/as responsables académicos/as do centro, departamentos e titulacións		De 1 a 5	----	5,00	**5,00**	----	5,00	**5,00**
				5	A comunicación co alumnado		De 1 a 5	----	4,00	**4,00**	----	5,00	**5,00**
				6	A comunicación co profesorado		De 1 a 5	----	4,00	**4,00**	----	5,00	**5,00**
				7	A comunicación con outros servizos que traballan no ámbito académico		De 1 a 5	----	4,50	**4,50**	----	5,00	**5,00**
2	Recursos	3	Recursos humanos	8	A formación para facilitar o desempeño das súas funcións.		De 1 a 5	----	4,00	**4,00**	----	3,00	3,00
				9	A dotación do PAS adscrito		De 1 a 5	----	3,33	**3,33**	----	3,00	3,00
		4	Recursos materiais e servizos	10	As instalacións e o equipamento onde se desenvolven as titulacións do centro		De 1 a 5	----	4,00	**4,00**	----	3,00	3,00
				11	As instalacións e o equipamento onde realiza o seu traballo		De 1 a 5	----	4,50	**4,50**	----	4,00	4,00
3	Xeral	5	Xestión da calidade	12	A información dispoñible sobre a xestión da calidade		De 1 a 5	----	4,00	**4,00**	----	4,00	4,00
				13	As canles para realizar queixas, suxestións e parabéns		De 1 a 5	----	4,00	**4,00**	----	4,00	4,00
				14	As vías de participación para a mellora da calidade		De 1 a 5	----	4,00	**4,00**	----	4,00	4,00
		6	Xeral	15	A xestión das titulacións		De 1 a 5	----	4,00	**4,00**	----	4,00	4,00
Preguntas abertas											H	M	
4	Preguntas abertas	7		23	Que é que é o que máis valora das titulacións?		Resposta aberta					Sen respostas	
				24	Que melloras considera que se deberían incorporar ás titulacións?		Resposta aberta					Sen respostas	

IV.1.g. Resultados de enquisas de satisfacción propias da Facultade: enquisa sobre a xornada de acollida.

Na Táboa 29 móstrase o histórico de resultados obtidos nesta enquisa nos tres últimos cursos académicos.

O índice de satisfacción obtense co valor medio dos resultados, 4,9 puntos sobre 5 para este curso 2023-2024.

Os resultados obtidos en todas as cuestiones son moi satisfactorios. A pregunta cunha puntuación menor foi a número 6, cun valor medio de 4,5, sendo en todo caso un valor moi alto. Cabe destacar o mantemento dunha alta puntuación nos últimos anos como consecuencia do esforzo por proporcionar unha información máis completa e detalla durante a xornada de acollida. Cinco dos oito estudantes indicaron estar moi satisfeitos (máxima valoración) coa xornada e dous indicaron estar bastante satisfeitos (segunda valoración posible). Este ano continuouse coa presentación de propostas de liñas de TFM por parte do profesorado.

Táboa 29. Histórico de resultados obtidos nos catro últimos cursos académicos nesta enquisa.

	2023/24	2022/23	2021/22	2020/21
1-La información sobre el máster que voy a cursar me resultó útil	4,9	4,6	5,0	4,9
2-La información ofrecida sobre las instalaciones, servicios y funcionamiento de la Universidad me resultó útil	4,9	4,9	5,0	4,8
3-La información presentada sobre los aspectos académicos del título me aclaró dudas	4,8	4,6	4,9	4,6
4-La actitud de los responsables de la presentación fue correcta	5,0	5,0	5,0	5,0
5-Me sentí acogido y atendido durante el desarrollo de las jornadas	5,0	5,0	5,0	5,0
6-La organización de la presentación fue apropiada	4,5	4,8	5,0	4,4
7-La implicación del SGC de la facultad con la Titulación me ha resultado adecuada	4,9	4,7	4,9	4,9

IV.1.h. Resultados de enquisas de satisfacción propias da Facultade: enquisa ao alumnado sobre o TFM.

A continuación, móstrase na Táboa 30 o histórico de valores medios de cada pregunta. Un valor de 5 indica unha valoración moi boa, e un valor de 1 implica unha valoración moi mala. No caso de respostas de SI/NO, o SI conta como 5 e o NON como 1. Na pregunta 7, "moi interesado/a" conta como 5, e "nada interesado/a" conta como 1. Os resultados obtidos son moi satisfactorios aínda que se observa algúns aspectos mellorables.

A participación é sempre moi baixa nesta enquisa polo que non é estatísticamente representativa:
0 estudantes no curso 2020-2021.
2 estudantes no curso 2022-2023.
3 estudantes nos cursos 2019-2020, 2021-22 e 2023-24.

O grado de satisfacción do alumnado có TFM é moi elevado, sendo de 4,71 puntos en 2019-2020, 4,67 en 2021-22, e 4,54 en 2022-23. O valor caíu por primeira vez por debaixo do 4,6 no curso 2022-23 que era o valor máis baixo obtido desde o curso 2017-18. O valor para este curso é de 4,54 puntos, algo superior ao do curso anterior, pero tamén por debaixo dos 4,6 puntos. Compre indicar que os resultados derivan de tres enquisas e que son moi contrastadas, con promedios que varían de 4,00 a 5,00 puntos. Ao igual que ocorrera no curso anterior, 2022-23, unha das enquisas parece estar relativamente

sesgada, dada a baixa valoración nas cuestiónss máis obxetivas, que son a número 2 e a número 5, referidas a información proporcionada sobre o TFM, e que reciben unha puntuación de 2. O estudantado recibe información sobre o TFM de forma continua, dende o día da xornada de acollida, tendo unha titoría presencial, tras a asignación de liñas, na que poden consultar todas a dúbidas. A información está actualizada na web, no espazo de coordinación e na materia TFM.

Táboa 30. Histórico de resultados obtidos na enquisa

	2023-24	2022-23	2021-22	2020-21	2019-20
1. Satisfacción con la formación recibida para la realización del TFM	4,67	3,50	4,33	-	4,67
2. Satisfacción general con la formación previa recibida para la elaboración de la memoria y su defensa	3,67	4,00	4,33	-	4,67
3. ¿Crees que has estado a la altura de la exigencia del trabajo?	5,00	5,00	5,00	-	5,00
4. Satisfacción con el trabajo desarrollado	4,67	5,00	4,67	-	4,33
5. Satisfacción con la información facilitada sobre el TFM (Web, charlas, etc.)	3,67	3,00	4,00	-	4,00
6. Satisfacción general con el tutor/a	5,00	4,00	5,00	-	5,00
7. Tu tutor/a se ha mostrado (grao de interese).	4,67	4,00	5,00	-	5,00
8. ¿Ha sido fácil contactar con tu tutor/a?	5,00	5,00	5,00	-	5,00

IV.1.i. Resultados de enquisas de satisfacción propias da Facultade: enquisa aos Titores sobre o TFM.

A continuación, na Táboa 31 móstrase o valor medio de cada pregunta e a lista de cuestións realizadas. No caso de respostas de SI/NON, o SI conta como 5 e o NON como 1. Os resultados obtidos non son tan satisfactorios como os dos cursos anteriores.

Dende o curso 2018-19, con dous titores, a participación ten aumentado moito, con 7 participantes nos cursos 2019-20 e 2020-21, 10 no curso 2021-22, e 11 no curso 2022-23 e 10 participantes en 2023-24, polo que este aumento na participación, que é un 71% do total dos/as titores/as, considerámola moi satisfactoria.

A valoración global neste curso é de 3,8, o que continúa a reflexar unha baixada na valoración dos/as titores/as respecto aos últimos anos, que foron de 4,9 no curso 2020-2021, 4,7 no 2019-20 e 4,8 no 2018-19. Este resultado debe considerarse como pouco satisfactorio.

A pregunta que ten unha valoración más baixa, é a referida á posibilidade de contratar aos estudantes por parte do titor/a, con 2,5 puntos, que é a máis baixa no histórico da Titulación, e parece responder a un descenso do grao de satisfacción coa formación do estudando do Mestrado, tal e como se observa no

resultado obtido na pregunta 5. O 50% dos titores que responderon á pregunta 3, indican que non contratarían ao estudante.

En canto a baixada na valoración das preguntas 1 (un 4,1), 2 (4,0) e 5 (3,9), comparadas coas puntuacións obtidas en cursos pasados, podemos atribuílo a un descenso no nivel de formación adquirida nos graos polos estudantes. En cursos anteriores, contemplábase si esta baixada de puntuación podería ser atribuíble a un nivel excesivo dos obxectivos do TFM por parte do profesorado, no sentido de que podería ocorrer que o nivel de esixencia do profesorado sexa maior ao esperado nun mestrado. Con todo, a gran maioría dos/as titores/as dirixiron traballos en cursos anteriores, polo que teñen referencias para estimar o nivel académico do alumnado.

A satisfacción dos titores coa información recibida acada a valoración mais alta (4,7), superando as puntuacións dos últimos cursos anteriores.

Táboa 31. Histórico de resultados da enquisa de satisfacción dos Titores do TFM.

	2023-24	2022-23	2021-22	2020-21	2019-20	2018-19
1. Satisfacción con la formación general del alumno.	4,1	4,3	4,4	4,9	4,9	5,0
2. Satisfacción general con la formación previa del alumno para el desempeño de la actividad desarrollada en el TFM.	4,0	4,2	4,3	4,6	4,7	5,0
3. Si le hiciera falta personal, ¿contrataría al estudiante que ha desarrollado el TFM?	2,5	4,1	4,1	5,0	4,3	5,0
4. Satisfacción con la información facilitada sobre el TFM.	4,7	4,6	4,3	4,9	4,9	4,0
5. Satisfacción general con el trabajo realizado por el alumno.	3,9	4,6	4,4	5,0	4,9	5,0

IV.1.j. Conclusións respecto dos resultados das enquisas.

Os esforzos na difusión das enquisas de satisfacción coas Titulacións (EST) por parte do Centro deben seguir manténdose con fin de aumentar a participación destas enquisas. Por iso, este esforzo vaise a manter no próximo curso, sendo responsables desta difusión as Coordinadoras das Titulacións e a Dirección do Centro mediante o seu Vicedecano de Calidade.

Enquisa de satisfacción do alumnado. Os resultados obtidos na enquisa deste curso 2023-24 son moi bos en xeral, pero a maior preocupación do alumnado é sobre os horarios da Titulación. Non se expón, como ocorreu no curso anterior, a ampliación da duración do mestrado a un ano e medio.

Enquisa de satisfacción dos/as egresados/as. Os resultados da EST, para os egresados do Mestrado nesta enquisa nos últimos cursos son tomados con satisfacción pola Coordinación do Máster e a Dirección do Centro, xa que acadáronse moi boa puntuacións na maioría dos ítems. Aínda así, convén reforzar as actividades de orientación profesional e académica ao longo do curso. Os egresasos deste curso desexarían que houbera a posibilidade de realizar prácticas externas ao longo da Titulación, aparte da opción de optar as becas Erasmus+ prácticas.

Enquisa de satisfacción do PDI. Os resultados da EST do PDI para o mestrado, relativos ao curso 2022-23 son valorados moi positivamente pola Dirección do Centro, onde se acada unha puntuación lixeiramente superior aos 4 puntos, e unha tendencia crecente por segundo ano consecutivo.

Hai unha serie de ítems nos que o PDI da Titulación de Mestrado en Oceanografía mostra a súa maior insatisfacción. Unha das preguntas con peores puntuacións é a referida á coordinación entre materias, insatisfacción que será comunicada aos coordinadores das materias. Outra das insatisfaccións do PDI é sobre a oferta de formación permanente para o profesorado, polo que comunicaremos esta inquietude á Área de Formación e Innovación Educativa.

Enquisa de satisfacción do PAS. A opinión do PAS sobre a Titulación pode considerarse, en xeral, moi satisfactoria. Con todo, a puntuación máis baixa obtívose na pregunta 9 sobre "A dotación do PAS adscrito". Esta baixa puntuación queda evidenciada no apartado sobre o PAS do Centro, tal e como se mostra no apartado II.1.f.

Enquisa sobre a xornada de acollida. Os resultados obtidos na enquisa realizada tras a xornada de acollida son moi satisfactorios. É motivo de parabén o bo traballo realizado neste aspecto pola Coordinadora do Mestrado.

Enquisa ao alumnado sobre o TFM. Os resultados obtidos nesta enquisa nos cursos anteriores foron moi satisfactorios, e concordan cos bos resultados académicos que o alumnado obtén nesta materia e coa moi boa calidade dos traballos científicos que desenvolven. Os bos resultados da enquisa realizada aos/ás Titores/as do TFM mostran o grao de implicación do alumnado durante o desenvolvemento dos seus traballos de investigación. Unha das cuestións peor valoradas nos último dous cursos, fai referencia a percepción que teñen os estudantes coa formación previa e recibida para a elaboración do TFM. Pensamos que este resultado pode estar relacionado co pouco tempo de que dispoñen os estudantes dun mestrado de 1 ano para a elaboración do TFM. Neste sentido, insistiremos en transmitir aos titores/as dos TFM a necesidade de dimensionar adecuadamente a carga de traballo do TFM. Por outra banda, pensamos que a baixa valoración na pregunta 5 pode ser froito dun rumbo derivado dunha soa resposta cun valor extremadamente baixo. Con todo, continuaremos os esforzos realizados para proporcionar toda a información necesaria ao estudantado e profesorado, non só a través das páxinas web da Facultade e do propio Mestrado en Oceanografía, así como na plataforma de teledocencia *Moovi*, senón tamén a través de correos electrónicos recordando todos os procedementos e datas relevantes.

Enquisa aos/ás titores/as sobre o TFM. O único aspecto desta enquisa que pode invitar á reflexión é a baixada na valoración dos/as titores/as das carencias formativas dos/as estudantes titorizados/as. En cursos anteriores, estimamos a posibilidade de que o profesorado titor esixiran un nivel superior ao esperado no mestrado, polo que novamente trasladaremos ao profesorado a necesidade de adecuar o TFM as competencias e contidos recollidos nas guías docentes. Ademais, desde a coordinación do mestrado e a coordinación do TFM se continuará traballando para manter a puntuación da pregunta 4 no valor máis alto que sexa posible.

IV.2. Enquisa de Avaliación Docente (EAD) (EVIDENCIA 17, INDICADOR 43).

O acceso aos datos deste apartado atópase na secretaría virtual da Universidade de Vigo (https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/index.php?modulo=informes&accion=InformeEadTitulacion)

Figura 52. Índice de participación na Enquisa de Avaliación Docente na Titulación de Mestrado Universitario en Oceanografía.

Na Figura 52 móstrase o índice de participación nas enquisas de avaliación docente (EAD) para o Mestrado Universitario en Oceanografía. Hai que destacar o alto índice de participación (91%) no curso 2017-18 e o descenso producido nos seguintes cursos académicos ata un 14,1% no curso 2020-21. O descenso na participación máis importante prodúcese a partir do curso 2019-20 (marcado en vermello), no que comezaron a realizarse estas enquisas de forma telemática e non presencial, tal e como ocorre tamén nas enquisas e avaliación docente do Grao, o que desisncentiva á participación. No curso 2021-22 a participación aumentou moi lixeiramente co respecto ao curso anterior, ata un 23,5% (non hai datos desagregados por sexo) e, no curso 2022-23, o informe indica que a porcentaxe de participación foi dun 110,6%, polo que este dato non se vai engadir nesta Figura 52. Neste curso 2023-24, obtívose o peor resultado de participación do histórico da Titulación cun 9,59%. O esforzo realizado durante os últimos anos para incentivar a participación do alumnado, mediante a insistencia co envío de mensaxes de correo electrónico desde o Decanato, non consiguiu os resultados esperados.



Figura 53. Valoración global na Enquisa de Avaliación Docente (EAD).

O cuestionario da Enquisa de Avaliación Docente cambiou desde o curso 2019-20 con respecto as enquisas de cursos anteriores, reducíndose a 10 preguntas e desaparecendo a dimensión referida ás condicións materiais, tales como as aulas, laboratorios e outros. Esta decisión considerámola apropiada porque a dimensión sobre as condicións materiais non dependen do profesorado que imparte a súa docencia. A valoración global desta enquisa para o curso 2023-24 é de 3,81 puntos, que é o valor máis baixo obtido ao longo do histórico da Titulación, tal como se mostra na Figura 53.

Os resultados da enquisa móstranse na Táboa 32, na que se inclúen os valores totais da Facultade e da Universidade por titulacións. Desde o curso 2022-21, non se facilitan datos desagregados por sexo. Obsérvase que a puntuación global obtida en todos os ítems indica que, en xeral, o alumnado ten unha moi boa opinión sobre a labor realizada polo profesorado ao que se fixo a Enquisa de Avaliación Docente. Con todo, os valores obtidos en cada pregunta son moito máis baixos cos obtidos en cursos anteriores, no que superan os valores globais obtidos nas titulacións de mestrado da Universidade.

A puntuacións máis baixas obtense nas preguntas 3 sobre "O volume de traballo do alumnado é proporcional aos créditos da materia", e 5 "Os recursos didácticos (bibliografía, materiais, recursos virtuais, exercicios...) facilitados e recomendados son útiles". O profesorado debe ter en conta o número de horas de traballo do alumnado por ECTS e facer unha revisión dos recursos didácticos para mellorar a aprendizaxe do alumnado. Farase un seguimento destes dous aspectos no vindeiro curso para saber se é necesario implantar accións de mellora sobre estas cuestións.



Figura 54. Avaliación da actividade docente do profesorado por dimensións. Histórico desde a implantación da Titulación (dende o curso 2015-16).

A Figura 54 recolle o histórico de resultados das EADs para o Mestrado en Oceanografía (curso 2015-16 a 2023-24) por dimensións. Nela apréciase que a tendencia é similar para as distintas dimensións, con valores máximos no curso 2017-18 e no curso 2021-22. Como se observa en dita gráfica, neste curso 2023-24, todos as dimensións avaliadas obteñen unha puntuación inferior aos 4 puntos, con as puntuacións máis baixas nas dimensións "Materias" e "Planificación" debido as baixas puntuacións obtidas nas cuestións 3 e 5.

Pódese concluír que a Titulación de Mestrado conta cun bo cadro de persoal de profesorado encargado das labores docentes, e pódese incluír como punto forte da Titulación.

Táboa 32. Resultados obtidos na Enquisa de Avaliación Docente (EAD) para o Profesorado da Titulación de Mestrado en Oceanografía.

	Titulación		Centro	Universidade		
Ítem	1º curso	Global	Global	Grao	Mestrado	Global
1. A guía docente expón de xeito claro e comprensible como se desenvolve a materia (contidos, metodoloxías, sistemas de avaliación...).	3,83	3,83	4,22	4,24	4,41	4,26
2. A coordinación (para evitar solapamentos de contidos, incoherencias ...) entre o profesorado da materia é axeitada. (Contestar só no caso de materias impartidas por mais de un/ha profesor/a)	3,90	3,90	4,15	4,11	4,26	4,14
3. O volume de traballo do alumnado é proporcional aos créditos da materia.	3,27	3,27	3,74	4,01	4,13	4,03
4. As clases están organizadas para facilitar a aprendizaxe desta materia.	3,78	3,78	3,77	3,96	4,11	3,99
5. Os recursos didácticos (bibliografía, materiais, recursos virtuais, exercicios...) facilitados e recomendados son útiles.	3,57	3,57	3,76	3,98	4,14	4,01
6. As metodoloxías desenvolvidas nas clases adecúanse ó que se presenta na guía docente.	3,96	3,96	4,05	4,19	4,23	4,21
7. Orienta e resolve con claridade as dúbidas que se lle formulan (en clase, titorías, plataformas de docencia virtual...)	3,98	4,42	3,95	4,11	4,25	4,14
8. As probas e as actividades para a avaliación favorecen o meu aprendizaxe.	3,85	4,43	3,72	3,97	4,08	4,00
9. Cumpre os criterios de avaliación establecidos na guía docente.	4,13	4,44	4,25	4,34	4,34	4,36
10. En xeral, estou satisfeito co seu labor docente.	3,87	4,30	3,80	4,04	4,14	4,07

IV.3. Resultados do perfil de ingreso (EVIDENCIA 3, INDICADORES 1, 2 e 35).

IV.3.a. Preinscrición e admisión (I1).

Figura 55. Taxa de Ocupación.

Das 20 prazas ofertadas cubríronse 11 de novo ingreso (7 homes e 4 mulleres), representando unha Taxa de Ocupación dun 55%. Esta taxa mantense en valores similares ao longo do histórico da Titulación, tal e como se mostra na Figura 55, cun valor medio dun 50,2%. O número de alumnas/os matriculadas/os é baixo con relación ao número de prazas ofertadas. Isto é debido as opcións que teñen os alumnos a matricularse nas outras Universidades coas que se comparte este Máster, e que despois poden cursar o segundo semestre a especialidade ofertada pola Universidade de Vigo.



Figura 56. Taxas Específica e Total de Captación.

Das/os 11 alumnas e alumnos matriculados no mestrado, una muller procede da Titulación de Grao en Ciencias do Mar pola Universidade de Vigo, e 3 homes e 2 mulleres proceden da Titulación de Grao en Ciencias do Mar doutra Universidade. Isto indica que, para este curso 2023-24, a Taxa Específica de Captación é dun 0,07% de mulleres, e a Taxa Total de Captación é dun 0,29% para homes e dun 0,20% para mulleres, tal e como se mostra nas gráficas da Figura 56.



Figura 57. Taxas Específica e Total de Transición de Grao a Mestrado

A taxa Específica de Transición de Grao a Mestrado do mesmo centro mantense en valores similares ao longo do histórico da Titulación, mostrándose algo inferior neste curso 2023-24 cun 3,6%. Con todo, a Taxa de Transición Total de Grao a Mestrado aumentou este curso ata un 21,4%, tal e como se mostra na Figura 57.

Os valores destas taxas indican que o alumnado de Grao en Ciencias do Mar da Universidade de Vigo sigue percibindo o Mestrado Universitario en Oceanografía como unha formación continuísta e opta por diversificar a súa formación noutros ámbitos máis específicos e diferentes ao que é estritamente o estudo da Oceanografía. Isto é un feito que ocorre con todo o alumnado en xeral, tendo en conta que, por outra banda, gran parte do alumnado que se matricula no Mestrado en Oceanografía procede doutras titulacións.

IV.3.b. Perfil do estudantado (I2) e nota media de acceso (I35).

En cursos anteriores, podíase obter información sobre a modalidade de ingreso pero, neste curso 2023-24, a Unidade de Análise e Sistemas non facilita esta información. Con todo, soamente pódese saber que un 54,5% do alumnado procede de titulacións de Ciencias do Mar, polo que a porcentaxe de alumnado procedente desta Titulación aumentou con respecto ao curso académico anterior. A partir dos datos do histórico da Titulación, a tendencia habitual é que o resto do alumnado proceda de titulacións tales como Ciencias Ambientais, Xeoloxía e Bioloxía.



Figura 58. Histórico de notas medias de acceso á Titulación.

A Figura 58 mostra o histórico sobre as cualificacións medias de acceso á Titulación. Os valores mostrados non inclúen as notas do alumando matriculado na terceira convocatoria. Obsérvase que esta cualificación descende desde o valor máximo, obtido no curso 2020-21 cunha nota de 7,60, ata este curso 2023-24, onde se obtén a cualificación máis baixa do histórico da Titulación, cunha nota de 5,88 (5,51 a dos homes e 6,61 a das mulleres).

IV.4. Resultados de mobilidade na Titulación de Mestrado en Oceanografía (INDICADOR 3).

Un estudante estranxeiro cursa o mestrado a tempo parcial e outros dous a tempo completo, pero non proveñen de ningún programa de mobilidade.

Neste curso ningún estudante solicitou unha axuda ERASMUS+ para realizar prácticas no estranxeiro a pesares do traballo de promoción realizada por parte da coordinación, incluído una charla da Vicedecana de Mobilidade no día da xornada de acollida, así como a canalización de información ao alumnado a través do espazo de coordinación da plataforma Moovi.

IV.5. Resultados académicos xerais (INDICADOR 10).

IV.5.a. Taxas de Éxito e Avaliación (I10-5 e I10-6).



Figura 59. Histórico dos valores das Taxas de Éxito e Avaliación.

A Taxa de Avaliación mantense desde o curso 2018-19 en valores superiores ao 90% e a Taxa de Éxito é dun 100% ao longo de todos os cursos académicos. Neste curso 2023-2024, a Taxa de Avaliación é dun 95% e a taxa de éxito do 100% (Figura 59).

IV.5.b. Taxa de Rendemento (I10-4).

A Taxa Total de Rendemento mantense en valores superiores ao 85% ao longo do histórico da Titulación. Neste curso académico a Taxa de Rendemento é dun 95% (97% homes e 93% mulleres, Figura 60). Estes valores altos débense ao esforzo realizado na mellor planificación horaria e o axuste

da dedicación do estudante a outras materias, que permite aos estudantes planificar mellor o desenvolvemento do seu TFM.



Figura 60. Histórico dos valores da taxa de rendemento na Titulación desagregados por sexo.

IV.5.c. Taxa de Eficiencia (I10-3).



Figura 61. Histórico dos valores da Taxa de Eficiencia na Titulación desagregados por sexo.

Tal e como mostra a Figura 61, a Taxa de Eficiencia é superior ao 85% en todos os cursos académicos. Nos tres últimos cursos académicos, 2021-22, 2022-23 e 2023-24, esta taxa aumentou ata o 100%, despois dunha tendencia ascendente desde o curso 2016-17.

IV.5.d. Taxa de Abandono (I10-2).



Figura 62. Histórico da Titulación da Taxa de Abandono CURSA.

Dende o curso 2010-11 ata o curso 2020-21, dous homes e una muller teñen abandonado a Titulación. A Figura 62 mostra que houbo un único abandono nos últimos cursos académicos. No curso 2023-24 (cohorte de ingreso 2021-22) non houbo ningún abandono. No caso do mestrado, non procede realizar o cálculo da Taxa de Abandono Verifica.

IV.5.e. Taxa de Graduación (I10-1).

A Taxa de Graduación dende o curso 2015-16 ata o 2017-18 estivo entre un 50 e un 88%. No curso 2019-2020, esta taxa aumentou ata un 100%, manténdose nese valor durante os cursos seguintes. Neste curso 2023-24, esta taxa descendeu ata un 91% (100% homes e 86% mulleres).

O esforzo realizado dende a coordinación do Mestrado para facer unha mellor planificación horaria, e o axuste da dedicación do estudante a outras materias, permite aos estudantes planificar mellor o desenvolvemento do seu TFM, que era a razón pola que os valores desta taxa eran baixos en cursos anteriores.

IV.5.f. Duración media dos estudos (I50-3).



Figura 63. Duración media dos estudos de Mestrado.

Na Figura 63 móstrase os histórico da duración media dos estudos para a Titulación de Mestrado. Nos cursos académicos 2021-22 e 2022-23, a duración media foi de 1,00 ano en homes e mulleres. O valor medio está en 1,17 anos, e o valor obtido para este curso 2023-24 e de 1,11 anos (1,17 para os homes e 1,00 para as mulleres). Os valores maiores a 1,00 anos obtidos en cursos anteriores débense, fundamentalmente, aos retrasos dalgún alumando na presentación do seu TFM, e consideramos que os resultados son satisfactorios.

IV.6. Conclusións respecto dos indicadores académicos.

Os resultados foron moi satisfactorios no que se refire á Taxa de Éxito con valores do 100%, e as Taxas de Avaliación e Rendemento foron dun 95%. A Taxa de Eficiencia foi dun 100%. Cabe destacar o aumento da Taxa de Graduación nos últimos cursos, acadando un valor do 91% neste curso 2023-24.

Os resultados dos indicadores por materia móstranse no documento "R1 DE-02 Cadro de Mando", tanto no que se refire aos indicadores como ás cualificacións por materias. As Taxas de Éxito, Rendemento e Avaliación son do 100% en todas as materias, excepto para a materia "Traballo de Fin de Máster" que este curso 2023-24 acadou unha Taxa de Rendemento dun 75%. Con todo, non deixa de ser un bo resultado como consecuencia da mellor planificación horaria e o axuste da dedicación do estudante a outras materias, que permite aos estudantes planificar mellor o desenvolvemento do seu TFM.

No que se refire ás cualificacións por materia, entran dentro da variabilidade normal de calquera poboación de alumnado. Destacan con maior número de sobresalientes nas materias "Reactividade Química no Océano" e "Modelos Climáticos". As cualificacións máis baixas danse nas materias "Oceanografía de Ecosistemas" e "Procesos Xeolóxicos en Marxes e Concas Oceánicas".

IV.7. Resultados de inserción laboral e perfil de egreso (EVIDENCIA 8, INDICADOR 12).

A información relativa á inserción laboral en egresados do Mestrado en Oceanografía corresponde aos/ás egresados/as do curso 2018/2019 no informe da Universidade de Vigo.

A páxina web do **Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades** ofrece os datos de Taxa de Afiliación e Taxa de Afiliación Media á Seguridades Social, en porcentaxe, por ámbito de coñecemento na Universidade de Vigo (Total Ciencias), para os egresados dos cursos 2018-19 e aos que se lles fai un seguimento ata os 4 anos posteriores á graduación https://www.ciencia.gob.es/Ministerio/Estadisticas/SIIU/Afiliacion.html. Os datos mostran que a Taxa de Afiliación aumentou dun 60,6% para os/as egresados/as tras o primeiro ano, ata un 76,1% aos catro anos de obter a Titulación. A porcentaxe de contratos indefinidos aumentou desde un 27,59% no primeiro ano ata un 66,67% aos catro anos. Os/as contratados/as por conta allea a tempo completo aumentaron desde un 64,71% no primeiro ano ata un 90,20% aos catro anos. No primeiro ano, un 55,88% dos/das egresados/as foron contratados dentro do "Grupo Titulados", e esta porcentaxe aumentou ata un 76,92% aos catro anos. A base de cotización media anual aumentou desde os 19.536,61€ no primeiro ano ata os 27.625,29€ ata os catro anos.

O **Instituto Nacional de Estatística, INE**, achega datos xerais sobre o sistema universitario español, realizando informes anuais que posteriormente son utilizados polo Ministerio de Educación, e están dispoñibles na súa web. No seu informe de 2019, ofrece datos sobre os titulados en mestrados no ámbito das Ciencias da Terra de todas as Universidades de España que terminaron os seus estudos o curso 2013-14 (INEbase / Mercado laboral /Outras operacións de mercado laboral /Enquisa de inserción laboral de titulados universitarios / Resultados/ Enquisa 2019). Estes mesmos poden atoparse a través do Instituto Galego de Estatística, IGE

(https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?codigo=0203004003). Estes distinguen cifras absolutas e relativas, e definen a metodoloxía das enquisas e outros datos de interese.

Nesta páxina evidénciase que unha proporción importante dos/as egresados/as en Ciencias a Terra están a traballar (83,1%, 84,6% homes e 81,2% mulleres). Dos/das egresados/as que están traballando, a maioría fano en España (84,9%) e, a maioría dos/das egresados/as que traballan no estranxeiro, fano en América (8,1%). Máis da metade dos/das egresados/as, continuaron no traballo no que estaban durante os seus estudos ou atoparon emprego en un tempo menor a 6 meses. A porcentaxe de egresados/as cotizando na Seguridade Social, por conta allea ou propia, aumentou desde un 52% no primeiro ano de finalizar o mestrado, ata un 77% aos 5 anos de finalizalo, e nese período a gran maioría traballou para 1, 2, ou de 3 a 5 empregadores. No período de 5 anos nos que os/egresados foron enquisados, sobre un 70% deles mantiveron as súas bases de cotización no primeiro e segundo quintil.

A **Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, ACSUG**, ofrece na súa páxina web (http://www.acsug.es/gl/insercion/masteres/eilmasteres13-14) información sobre os titulados/as no Sistema Universitario de Galicia durante o curso académico 2013-14, que fixeron o depósito do título de Grao ao longo do ano 2014 e que foron entrevistados en decembro de 2016. A información dispoñible está agrupada en titulados en mestrados do ámbito das ciencias, polo que non a consideramos relevante.

No **Portal de Transparencia da Universidade de Vigo**, (Estatísticas) https://observatorio.uvigo.gal/docs/informes/IIL_EM_2020-21_gl.pdf, pódese acceder ao informe sobre *"Inserción laboral dás persoas tituladas dá UVigo en estudos de mestrado curso 2020-21"* de Luís Espada Recarey, Victor Manuel Martínez Cacharrón e Natalia Caparrini Mirín. Este informe está editado polo Consello Social da Universidade de Vigo para as persoas que finalizaron os seus estudos de mestrado no curso 2020-21. No caso do Mestrado en Universitario en Oceanografía, o 100% das persoas enquisadas xa contaban cunha experiencia profesional previa e o 50% abandonaron o seu emprego para comezar os estudos de mestrado. O 100% das persoas enquisadas (polos datos mostrados, estímase que un home e unha muller realizaron esta enquisa) están nunha situación de emprego, continuando, a súa vez, os seus estudos de doutoramento; por tanto, están traballando no ámbito público, por conta allea, e nun traballo relacionado e adecuado cos seus estudos. O 50% dos/as egresados/as (homes) xa tiñan un emprego ao finalizar o mestrado, e o outro 50% (mulleres) tardou 5 meses de media en atopar un emprego. Estes empregos foron atopados en Galicia (50%) e no estranxeiro (50%) e son considerados polos/os egresados/as como "mando intermedio" (50%) e "persoal cualificado" (50%). O salario neto mensual medio percibido polos/as egresados/as é de 2250,50€ (una persoa no intervalo entre 1000 e 1500€, e a outra no intervalo entre 3000 e 3500€) séntense satisfeitos/as cos seus traballos (4,50 puntos).

Os/as egresados séntense satisfeitos/as cos estudos realizados (4,00 puntos, 3,00 puntos o home e 5,00 puntos a muller) e a recomendación de cursar o mestrado realizado é de 3,50 puntos (3,00 puntos o home e 4,00 puntos a muller). A satisfacción coa capacitación para desenvolver a profesión é de 4,5 puntos (4,00 puntos o home e 5,00 puntos a muller) e a satisfacción coa melloría na inserción laboral é de 3,00 puntos (2,00 puntos o home e 4,00 puntos a muller).

IV.8. Resultados relacionados cos recursos humanos.

IV.8.a. Cualificación do PDI (I50-4).



Figura 64. Dsitribución do PDI por categoría profesional no curso 2023-2024 e desgregada por sexos.

Como se mostra na Figura 64, no curso 2023-24 impartiron docencia un total de 34 docentes (22 homes e 12 mulleres). Esta cantidade de persoal docente e a proporción de homes e mulleres mantense similar a longo dos últimos cursos académicos. O 100% do profesorado da Titulación é doutor, cumprindo a meta proposta nos obxectivos de calidade do Centro. Un 12% de persoal docente no mestrado é externo e imparte un 8,0% das horas de docencia totais. Trátase de persoal altamente cualificado e que provén maioritariamente de Centros de Investigación no ámbito mariño de Galicia, principalmente do Instituto de Investigacións Mariñas-CSIC.

Ademais, a maioría destes docentes ten a súa investigación vinculada ás Ciencias Mariñas o que repercute directamente en beneficio da Titulación, xa que garante a posta ao día no seu ámbito de traballo e a transmisión de coñecementos de vangarda ás súas tarefas docentes. Esta posta ao día é especialmente importante xa que as Ciencias Mariñas convertéronse nos últimos anos nunha área de especial interese, como revelan os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 aprobada en 2015 pola ONU (https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/objetivos-de-desarrollo-sostenible/). É un ámbito en constante avance e onde aínda é necesario ampliar o coñecemento. Así, os nosos docentes actualizan constantemente os contidos das materias para incorporar estes avances, garantindo a adquisición das competencias propostas.

IV.8.b. Quinquenios do profesorado.

O número de quinquenios do profesorado mantivo una tendencia constante nos últimos cursos académicos (Figura 65). Neste curso 2023-24, o número de quinquenios foi de 112.



Figura 65. Quinquenios do profesorado

IV.8.c. Resultados de investigación (I50-5).

A porcentaxe de PDI con sexenios sempre é superior ao 80%. Este curso 2023-24 aumentou con respecto ao curso anterior, cun valor dun 91,7% (Figura 66).

O número de sexenios do profesorado (Figura 67a) incrementouse de 54 no curso 2015-16, mantendo unha tendencia crecente ata os 87 no presente curso 2023-2024, que é o mesmo valor que o obtido no curso anterior, e é o valor máis alto do histórico da Titulación. Este incremento é menos salientable ao representar a porcentaxe de sexenios conseguidos con respecto ao número de sexenios potenciais (Figura 67b), que mantívose en valores sobre o 70-80% desde o curso 2015-16 ata o 2018-19, e aumentando nos últimos cursos académicos, e alcanzando un valor do 84,5% neste curso 2023-24. Parece que o profesorado está mellorando as condicións de traballo e pode reducir o excesivo número de horas que ten que dedicar a trámites burocráticos relacionados con tarefas docentes e doutra índole, e que producían un potencial descenso na produtividade científica do profesorado da Universidade. Isto resultaba un prexuízo claro para a formación e actualización de coñecementos para o profesorado.



Figura 66. Porcentaxe de PDI con sexenios con respecto ao total do PDI.



Figura 67. a) Nº total de sexenios do PDI. b) Porcentaxe de sexenios con respecto ao total de sexenios potenciais.

IV.8.d. Resultados do programa DOCENTIA (I7).

Os resultados do programa DOCENTIA pódense ver no apartado II.10.c. (pax. 87)

IV.8.e. Formación e mobilidade do profesorado (I5 e I8).



Figura 68. Formación do profesorado.

Na Figura 68 móstrase o histórico do profesorado que participou en programas de formación. Onde o número de profesores/as que participaban en programas de formación oscila entre 8 e 10. Obsérvase un notable aumento no curso 2019-20 do número de profesoras e profesores que participaron nestes programas, moi posiblemente como resultado dos cambios que tiveronse que realizar na docencia como consecuencia do confinamiento tras o decreto do estado de alarma pola pandemia da Covid-19. Neste curso 2023-24, ao igual que no curso anterior, o número de profesores mantívose en 6 (3 homes e 3 mulleres).



Figura 69. Mobilidade do profesorado.

Na Figura 69 móstrase o número de profesoras e profesores que participan en programas de mobilidade. Este número, polo xeral, é baixo con un profesor neste curso 2023-24. Ningunha muller participa en programas de mobilidade desde o curso 2017-18.

IV.8.f. Persoal de Administración e Servizos (PAS) (EVIDENCIA 16, I6).

Os datos sobre o Persoal de Administración e Servizos son os mesmos que poden consultarse no apartado II.11.e. Hay que destacar a insatisfacción do persoal PAS polo baixo número de persoal adscrito á Facultade, tal e como se mostra no apartado IV.1.f. sobre enquisa de satisfacción do PAS coa Titulación.

IV.8.g. Conclusión respecto dos recursos humanos do Centro.

O profesorado da Facultade é excelente, cunha porcentaxe do PDI doutor por enriba do valor obxectivo e cun número elevado de quinquenios de docencia e sexenios de investigación, polo que continúa representando un dos puntos fortes das titulacións no Centro e reflicte a estabilidade do mesmo no Centro.

Co respecto ao PAS, a Dirección do Centro sentímonos está moi satisfeita co seu traballo, pero tamen considera que o seu número é insuficiente. Desafortunadamente, non depende do Decanato da Facultade a súa contratación nin a súa xestión, pero apoiará todas as accións feitas pola Administradora do Centro para aumentar o numero de PAS para a Facultade.

V ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DE MESTRADO EN OCEANOGRAFÍA

Neste apartado analizaranse os resultados de cada unha das titulacións adscritas ao centro.

Criterio 1: Organización e Desenvolvemento

Estándar: O programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do estudantado.

Reflexión sobre á Organización e Desenvolvemento da Titulación:

(A reflexión basearase nas evidencias e indicadores que se atopan a continuación. No caso que se detecten debilidades ou oportunidades para a mellora, se indicarán de xeito resumido no apartado "Puntos débiles detectados na reflexión". Cada punto débil detectado terá asociado unha acción de mellora co fin de tentar a súa solución, que se rexistrará na SGIC e se indicará a súa denominación no apartado "Denominación das accións de mellora)

A docencia neste Mestrado continúa desenvolvéndose de acordo coa Memoria vixente do título. Non se observan evidencias que suxiran a modificación da Titulación.

O número de alumnas/os matriculados é baixo con relación ao número de prazas ofertadas, aínda que o número de novos matriculados neste curso 2023-24 é de 11 alumnas e alumnos (55%). O baixo número de alumnado matriculado ao longo do histórico da Titulación é debido as opcións que teñen os alumnos a matricularse nas outras Universidades coas que se comparte este Mestrado, e que despois poden cursar no segundo semestre a especialidade ofertada pola Universidade de Vigo. A Taxa Total de Transición volveu aumentar con respecto aos dos cursos anteriores, cun 21,4%; con todo, o alumnado de Grao en Ciencias do Mar sigue percibindo o Mestrado Universitario en Oceanografía como unha formación continuista.

O perfil de ingreso do alumnado matriculado é correcto, dentro dos ámbitos de coñecemento estudiados no Grao e con boas cualificacións de acceso. A nota de acceso (excluíndo aos matriculados no prazo extraordinario) é moi variable oscilou entre 5,403 e 7,770. A nota media global de acceso foi inferior á dos cursos precedentes, cun valor neste curso 2023-24 de 5,88, sendo dos valores máis baixos do histórico da Titulación. Neste Mestrado, durante o presente curso, contamos con tres alumnos/as procedentes doutros países pero non proceden de ningún programa de mobilidade.

Non hai alumnas/os que soliciten recoñecemento de créditos nesta Titulación.

O profesorado presenta as súas guías docentes en tempo e forma. Son revisadas pola coordinadora do Mestrado previamente á súa aprobación na CAM. Detéctanse algunhas incoherencias entre os sistemas de avaliación reflectidos na guía docente con aqueles que se levan a cabo posteriormente.

A Comisión Académica do Mestrado e os coordinadores do Mestrado das distintas sedes reúnense habitualmente para facer un seguimento do desenvolvemento da Titulación ao longo do curso. O máis salientable destas reunións foi, fundamentalmente, a decisión de simplificar a páxina web do Mestrado (masteroceanografia.com) e redireccionar os links ás correspondentes páxinas web das Facultades.

Non houbo rexistros na caixa QSP relacionadas coa docencia durante este curso 2023-24, e as cuestións relacionadas con este aspecto na enquisa de satisfacción do alumnado coa Titulación reciben unha moi boa puntuación, comparado coa do ano anterior.

Os resultados obtidos nas enquisas de satisfacción coa Titulación son, en xeral, moi bos. A enquisa de satisfacción do alumnado coa Titulación é a que normalmente ten a peor puntuación, con unha puntuación neste curso 2023-24 a máis alta do histórico da Titulación. A única puntuación por debaixo dos 3 puntos obtense na pregunta referida á "Os horarios da Titulación". O alumnado considera que a carga lectiva no segundo semestre e excesiva e que é difícil de compaxinar coa realización do TFM.

Puntos débiles detectados:	**Denominación das accións de mellora** (Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC):
Insatisfacción do alumnado coa distribución e orde das materias no plan de estudos.	Estudiar a viabilidade de alongar a duración do Mestrado a tres semestres.

Evidencias nas que basea a reflexión:

E1: Memoria vixente do título.

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora.

E3: Documento onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso.
E4: Guías docentes das materias (resultados de aprendizaxe, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe, entre outros).
E5: Actas das reunións da Comisións Académica, de titulacións e de Calidade.
E6: Listaxe de estudantado que solicitou o recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
E7: Informes sobre o recoñecemento de créditos para valorar a súa adecuación.
E8: Resultados de medición da satisfacción de empregadores e persoas tituladas respecto ao perfil de egreso.
E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución, entre outros).
E20: Listaxe de centros/entidades para á realización das prácticas externas curriculares ou extracurriculares.

- QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza.

Indicadores nos que se basea a reflexión:
I1-I2: Número de estudantes de novo ingreso.
I3: Indicadores de mobilidade do estudantado.
I13: Planificación docente anual: PDA. (R1 DO-0201 PDA).
I44: Índice de satisfacción coa organización e desenvolvemento.

Criterio 2: Información e Transparencia

Estándar: O Centro dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

Reflexión sobre á Información e Transparencia da Titulación:
(A reflexión basearase nas evidencias e indicadores que se atopan a continuación. No caso que se detecten debilidades ou oportunidades para a mellora, se indicarán de xeito resumido no apartado "Puntos débiles detectados na reflexión". Cada punto débil detectado terá asociado unha acción de mellora co fin de tentar a súa solución, que se rexistrará na SGIC e se indicará a súa denominación no apartado "Denominación das accións de mellora)

Seguindo o procedemento DO 0301 P1 "Información pública e rendición de contas" do SGIC, a Facultade de Ciencias do Mar conta cun plan operativo de información pública aprobado en primeiro lugar en Comisión de Calidade do 25 de novembro de 2024. Este plan ten como obxectivo garantir que a información relevante dos títulos que se imparten no Centro está dispoñible de forma pública, accesible e actualizada para os distintos grupos de interese e que cumpre cos requisitos establecidos tanto polo propio Centro, como polos programas de calidade da Universidade de Vigo e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG). Dentro deste plan, identifícase a información relevante que debe publicar o Centro, periodicidade na revisión e actualización da información e identifica as canles de publicidade para cada titulación do Centro. Este plan ten duración indefinida e é revisado anualmente.
Nos informes de revisión interna dos últimos cursos, realizados pola Área de Calidade, valorábase positivamente a documentación do SGIC dispoñible na web. Os avaliadores propoñían aspectos mellorables na web do Centro que foron emendados. Isto levou a unha reestruturación significativa da web para adaptala aos requisitos de ACSUG e UVIGO, actualizando ademais os contidos. A actualización e mellora da web recolleuse reiteradamente nos plans de mellora asociados aos informes de seguimento do título. Isto permitiu ir mellorando os contidos e accesibilidade á información.
As canles de información pública principal no Mestrado en Oceanografía son a páxina web da Facultade de Ciencias do Mar (mar.uvigo.es) e a páxina web do Mestrado en Oceanografia (masteroceanografia.com), aínda que tamén se complementa con outras canles de información, tales como a páxina web Universidade de Vigo (uvigo.gal), taboleiros de anuncios e pantalla de información, así como listas de distribución de correo electrónico (PDI, PAS, Alumnos) da Facultade de Ciencias do Mar. Este aspecto non foi ben valorado na enquisa de satisfacción do alumnado coa Titulación no curso 2021-22. Isto foi debido a que se transferiron gran parte deses contidos desde a dirección masteroceanografia.com á páxina web da Facultade, mar.uvigo.es. Este aspecto foi mellor valorado nos cursos seguintes, despois das reformas realizada nas páxinas web nas que se atopa a información sobre o Mestrado.
Non houbo rexistros no buzón QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública durante este curso 2023-2024.

En xeral, a páxina web do Centro é o mecanismo principal para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características o programa e dos procesos que garanten a súa calidade. Así mesmo, a páxina web é a primeira fonte de acceso á información que utiliza o alumnado e o PDI para informarse sobre aspectos relacionados coa Titulación. Nas enquisas de satisfacción do alumnado, egresados e PDI, as cuestións relacionadas coa información e transparencias son avaliadas con puntuacións satisfactorias.	
Puntos débiles detectados na reflexión:	**Denominación das accións de mellora** (Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC)**:**
A pesar de que a páxina web está en permanente proceso de actualización, detectamos que se pode mellorar incluíndo outra información de interese como, por exemplo, datos e actividades sobre a empregabilidade.	Plan de ampliación dos contidos de información da páxina web.
Evidencias nas que basea a reflexión: E9: Páxina web da Universidade/Centro/Título. • R1 DO-0301: Lista de chequeo ou verificación da Información Pública. • QSP relacionadas coa información e transparencia.	
Indicadores nos que se basea a reflexión: I26: Índice de satisfacción coa promoción da Titulación e a información pública na web.	

Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade

Estándar: O centro dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da Titulación.
Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.
Reflexión sobre á Sistema de garantía de calidade da Titulación: (A reflexión basearase nas evidencias e indicadores que se atopan a continuación. No caso que se detecten debilidades ou oportunidades para a mellora, se indicarán de xeito resumido no apartado "Puntos débiles detectados na reflexión". Cada punto débil detectado terá asociado unha acción de mellora co fin de tentar a súa solución, que se rexistrará na SGIC e se indicará a súa denominación no apartado "Denominación das accións de mellora) Coa implantación do grao no curso 2009-10, a Universidade de Vigo a través da súa Área de Calidade, e coa participación dos centros, desenvolveu un SGIC. Este sistema foi revisado, simplificado e actualizado durante estes anos. Ademais, existe unha aplicación do SGIC onde se almacenan todas as evidencias xeradas polo desenvolvemento dos procedementos, así como unha aplicación para a xestión dos plans de mellora para os centros e titulacións e, ademais, unha aplicación específica para a caixa de correos de queixas, suxestións e felicitacións centralizado para todos os centros e servizos. A Universidade de Vigo conta ademais cunha Área de Estudos e Programas encargada de proporcionar información sobre os indicadores do SGIC. Todo iso, facilita de maneira significativa a recollida de información (evidencias, indicadores, reclamacións, suxestións, etc.), a análise do título e a detección de puntos débiles e as consecuentes propostas de mellora. Con data 14 de febreiro de 2024, aprobouse en Xunta de Facultade o no Plan Estratéxico do Centro, así como a nova Política e Obxectivos de Calidade. Nestes documentos implantáronse novos valores obxectivo nos diferentes indicadores, os cales permiten establecer o grao do cumprimento das políticas e obxectivos de calidade. Esta documentación vese complementada con o novo documento "R1 DE-02 Cadro de Mando" (antigo Panel de Control), nos que introducíronse novas definicións de indicadores e os seus valores obxectivo, e que permite avaliar, ademais, o grao de cumprimento dos procedementos do sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias do Mar. Algúns dos valores obxectivo do documento "Política e Obxectivos de Calidade da Facultade de Ciencias do Mar" terán que ser modificados despois de facer uns axustes os cadros de mando das titulacións de Grao e Mestrado, o que se presenta como unha nova acción de mellora. Todos os procedementos foron implantados na Facultade de Ciencias do Mar e desenvólvense segundo o establecido, tal e como se pode ver a partir das evidencias xeradas, moitas delas dispoñibles na web do Centro. Ademais, desde o curso 2021-22, actualizáronse algúns procedementos do SGIC, e as accións de mellora non estiveron suficientemente actualizadas. Nas enquisas de satisfacción dos distintos grupos de interese, outórganse boas puntuacións as preguntas do Bloque 3, referidas ao Sistema de Garantía de Calidade.

Todos os procedementos foron implantados na Facultade de Ciencias do Mar e desenvólvense segundo o establecido, tal e como se pode ver a partir das evidencias xeradas, moitas delas dispoñibles na web do centro. Ademais, desde o curso 2016-17, actualizáronse algúns procedementos e dentro dos procedementos do SGIC.
O Centro desenvolveu as seguintes accións de mellora:
Melloras relativas á Facultade á Titulación do Mestrado en Oceanografía.
Melloras relativas á Facultade
1. Organización e desenvolvemento.
- Adecuar os horarios da Titulación co fin de poder diminuír o número de alumnos/as nos grupos de prácticas e seminarios.
2. Información e transparencia.
- Plan de ampliación dos contidos de información da páxina web.
3. Sistema de garantía de calidade.
- Promover e inculcar a cultura da calidade e a mellora continua entre os diferentes grupos de interese
- Implantar as melloras necesarias no SGC para a obtención da Certificación FIDES-AUDIT dos Sistemas de Garantía de Calidade na Facultade de Ciencias do Mar.
4. Recursos humanos.
- Apoio decidido á Administradora de Centro nas súas peticións de aumento de PAS.
5. Recursos materiais e servizos.
- Solicitude de reactivación de promoción e visibilización do programa Meet-UVigo.
- Campañas de promoción, visibilización e dinamización do PAT.
- Revisión e mellora das instalacións eléctricas das aulas.
7. Indicadores de satisfacción e rendemento.
- Revisión dos sistemas de avaliación das materias co obxecto de mellorar o rendemento académico do alumnado.
- Reservar uns minutos das últimas clases de cada semestre para convidar os estudantes a que cumprimenten as enquisas correspondentes.
- Divulgación das actividades desenvolvidas pola Área de Emprego e Emprendemento da Universidade, como vía para a orientación do emprego para o alumnado.
- Mellorar a percepción dos empregadores sobre as capacidades e competencias adquiridas polos Titulados en Ciencias do Mar.
- Accións para a orientación profesional do alumnado. Xornadas sobre saídas profesionais.
Melloras relativas á Titulación de Grao en Ciencias do Mar e Mestrado Universitario en Oceanografía..
1. Organización e desenvolvemento.
- Implantación dun "calendario de probas e entregables" onde o profesorado dun mesmo curso organice de maneira coordinada un calendario de entrega de traballos e probas de avaliación.
3. Sistema de garantía de calidade.
- Plan de promoción e divulgación das enquisas de satisfacción dos grupos de interese.
7. Indicadores de satisfacción e rendemento.
- Implantación de actividades e estratexias para realizar un seguimento do alumnado egresado e a súa empregabilidade.
A maioría dos obxectivos de calidade da Facultade e practicamente a totalidade dos obxectivos da Titulación de Mestrado en Oceanografía cúmpranse satisfactoriamente.
O Consello de Goberno da Universidade de Vigo, na súa reunión do 24 de abril de 2019, aprobou un novo procedemento para o sistema QSF para toda a Universidade e que é xestionado pola Unidade de Análise e Programas da Universidade de Vigo. Desde o curso 2023-24 non houbo rexistros na caixa QSP.
A Facultade de Ciencias do Mar continuará traballando na divulgación do Sistema de Calidade como ferramenta de mellora das súas titulacións.
Algúns dos valores obxectivo do documento "Política e Obxectivos da Facultade de Ciencias do Mar" terán que ser modificados despois de facer uns axustes os cadros de mando das titulacións de Grao e Mestrado.

Puntos débiles detectados na reflexión:	**Denominación das Accións de mellora** (Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC)**:**
O novo documento "R1 DE-02 Cadro de Mando" (antigo Panel de Control), nos que introducíronse os novos valores obxectivo e definicións de indicadores obriga a cambiar algúns dos valores obxectivo do documento "Política e Obxectivos de Calidade da Facultade de Ciencias do Mar".	Revisión do documento "Política e Obxectivos de Calidade da Facultade de Ciencias do Mar".

As accións de mellora non están suficientemente actualizadas a data de hoxe	Finalización das accións de mellora implantadas ata a data e establecer as novas propostas de mellora que figuran ao longo deste informe.
A pesar de que o SGC está ben estruturado e de que se levan a cabo acciones de promoción entre os diferentes grupos de interese, detéctase pouca proactividad na cultura da calidade	Promover e inculcar a cultura da calidade e a mellora continua entre os diferentes grupos de interese
	Implantar as melloras necesarias no SGC para a obtención da Certificación FIDES-AUDIT dos Sistemas de Garantía de Calidade na Facultade de Ciencias do Mar.

Evidencias nas que basea a reflexión:
E5: Actas das reunións da Comisións Académica, de titulacións e de Calidade.
E10: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos).
E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC.
E12: Plans de mellora.
E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución, entre outros).
E14: Informe de certificación da implantación do SGC.
- QSP relacionadas co Sistema de garantía de calidade.

Indicadores nos que se basea a reflexión:
I4: Resultados dos indicadores do SGC.
I41: % Rexistros en estado completado na aplicación SGIC.
I42: % Accións de Mellora finalizadas en prazo.

Criterio 4: Recursos Humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión sobre os Recursos Humanos da Titulación:
(A reflexión basearase nas evidencias e indicadores que se atopan a continuación. No caso que se detecten debilidades ou oportunidades para a mellora, se indicarán de xeito resumido no apartado "Puntos débiles detectados na reflexión". Cada punto débil detectado terá asociado unha acción de mellora co fin de tentar a súa solución, que se rexistrará na SGIC e se indicará a súa denominación no apartado "Denominación das accións de mellora)

A Titulación conta cun total de 38 profesores (26 homes e 12 mulleres), que abarca todas as áreas de coñecemento relativas ás materias do título. O 100% do profesorado da Titulación é doutor, cumprindo a meta proposta nos obxectivos de calidade do Centro. Un 12% de persoal docente no Mestrado é externo e imparte un 8,0% das horas de docencia totais. Trátase de persoal altamente cualificado e que provén maioritariamente de Centros de Investigación no ámbito mariño de Galicia, principalmente do Instituto de Investigacións Mariñas-CSIC.
Ademais, a maioría destes docentes ten a súa investigación vinculada ás Ciencias Mariñas o que repercute directamente en beneficio da Titulación, xa que garante a posta ao día no seu ámbito de traballo e a transmisión de coñecementos de vangarda ás súas tarefas docentes. Esta posta ao día é especialmente importante xa que as Ciencias Mariñas convertéronse nos últimos anos nunha área de especial interese, como revelan os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 aprobada en 2015 pola ONU (https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/objetivos-de-desarrollo-sostenible/). É un ámbito en constante avance e onde aínda é necesario ampliar o coñecemento. Así, os nosos docentes actualizan constantemente os contidos das materias para incorporar estes avances, garantindo a adquisición das competencias propostas.
O número de quinquenios de docencia mantén unha tendencia crecente e o número de sexenios mantense por encima do 80% ao longo do histórico da Titulación. O número de sexenios do profesorado incrementouse de 54 no curso 2015-16, mantendo unha tendencia crecente ata os 87 no presente curso 2023-24, que é o mesmo valor que o obtido no curso anterior, e é o valor máis alto do histórico da Titulación. Este incremento é menos salientable ao representar a porcentaxe de sexenios conseguidos con respecto ao número de sexenios potenciais, que alcanza un valor do 84,5% neste curso 2023-24.

O número de profesores/as participando en programas de formación diminuíu ata 6, ao igual que no curso anterior, e que está por debaixo da tendencia habitual ao longo do histórico da Titulación. Un profesor participou en programas de mobilidade. Malia este número pareza moi baixo, moitos docentes deste Mestrado realizan estancias en outros centos de investigación e esta é a causa deste baixo número. Aínda que hai 6 profesoras/es participando no Grupo de Innovación Docente "Tú al Atlántico, yo al Mediterráneo", consideramos que é unha actividade que se debe potenciar, polo que se implantará unha acción de mellora para promover a participación do PDI nestas actividades.
O número de PAS mantívose en 13 persoas ao longo do histórico da Titulación, producíndose aumentos puntuais debido á contratación temporal de persoal por acumulación de tarefas, como ocorreu neste curso 2023-24 no que chegou a 13,83. Manténense as proporcións do PAS segundo a súa cualificación. Seguen manténdose as demandas de maior persoal de administración e servizos na Facultade tal como reflíctese nos autoinformes de acreditación dos cursos 2016-17 e 2022-23. A implantación do grao, con novos procedementos administrativos, así como a introdución das novas tecnoloxías no ámbito administrativo-docente (aplicativos para matriculación, xestión de TFGs, xestión económica, realización de pedidos, sinatura electrónica das actas, etc.) introduciu nos centros numerosas tarefas administrativas novas que, non implicaron o correspondente incremento de persoal, pero si de traballo. Neste sentido, é preciso solicitar todos os anos máis persoal por acumulación de tarefas na Área de Postgrao, mentres que outras Áreas da Universidade están infrautilizadas. Doutra banda, a contratación de PAS na Universidade depende doutras dependencias nas que a Dirección do Centro non ten participación algunha. Polo tanto, proponse como acción de mellora ofrecer toda colaboración e apoio posible á Administradora do Centro para que as súas peticións de maior número de persoal de administración e servizos sexan atendidas.
A pesar de todo isto, desde a dirección do Centro, destácase que nas enquisas de alumnos e profesorado valórase positivamente o traballo desempeñado polo PAS. Polo que se conclúe que o Centro considera que o traballo realizado polo PAS é satisfactorio, pero insuficiente pola falta de persoal.
Dentro do Centro valórase moi positivamente que, na práctica totalidade do histórico de datos, obsérvase que cada ano máis da metade do PAS participe en programas de formación. Con todo, esta porcentaxe diminuíu ata un 24%. A Dirección do Centro confía en que esta porcentaxe aumente nos vindeiros anos.

Puntos débiles detectados na reflexión:	**Denominación das Accións de mellora** (Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC)**:**
Aumentar o número de persoal do PDI participando en Grupos de Innovación docente.	Promover a participación do PDI en Grupos de Innovación Docente.
Falta de persoal de administración e servizos.	Apoio decidido á Administradora de Centro nas súas peticións de aumento de PAS.

Evidencias nas que basea a reflexión:
E15: POD: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). CV profesionais externos.
E16: Información sobre o persoal de apoio do Centro (número e posto desempeñado, etc.).
E17: Documento onde se recolla a análise das EAD (% de participación, resultados e a súa evolución, entre outros).
- QSP relacionadas cos Recursos Humanos da Titulación.

Indicadores nos que se basea a reflexión:
I5: Indicadores de formación do profesorado.
I6: % de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación.
I7: % de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA e resultados obtidos.
I8: Indicadores de mobilidade.
I13: Planificación docente anual: PDA. (R1 DO-0201 PDA).
I39: Índice de satisfacción cos Recursos Humanos.
I43: Resultados EAD.

Criterio 5: Recursos Materiais e Servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos ao dispor do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e resultados de aprendizaxe a adquirir polos mesmos.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos ao dispor do estudantado son os adecuados ás necesidades do título.

Reflexión sobre os Recursos Materiais e Servizos da Titulación:

(A reflexión basearase nas evidencias e indicadores que se atopan a continuación. No caso que se detecten debilidades ou oportunidades para a mellora, se indicarán de xeito resumido no apartado "Puntos débiles detectados na reflexión". Cada punto débil detectado terá asociado unha acción de mellora co fin de tentar a súa solución, que se rexistrará na SGIC e se indicará a súa denominación no apartado "Denominación das accións de mellora).

As infraestruturas e recursos materiais destinados ao proceso formativo son, en xeral, adecuadas.

A aula onde se imparte a docencia de Mestrado conta con computadora, televisión de gran formato, conexión a internet e equipamento para videoconferencia. A aula está equipadas con mobiliario individual de mesas e cadeiras o que facilita o traballo en grupo tanto durante a docencia regrada de teoría e seminarios, como no desenvolvemento de traballos autónomos. Ademais, a Facultade dispoñe de dous Salóns de Graos, Sala de Reunións, e a Sala de Xuntas.

O alumnado e o profesorado contan coa plataforma de teledocencia Moovi baseada en Moodle, o que permite facer facilitar documentación para o seguimento das clases e realización de tarefas de traballo autónomo. Ademais, continuouse o emprego dunha plataforma para a impartición de docencia teórica, práctica e seminarios (campusremotouvigo.gal) naqueles casos que fora necesario, así como para a atención dos alumnos en titorías. Os equipos informáticos revísanse regularmente seguindo un plan de mantemento e renóvanse ou repoñen cando se considera necesario. Este plan de mantemento é levado a cabo polo persoal informático do Centro. O informático do centro, de maneira sistemática, encárgase de revisar as instalacións docentes e mantelas en perfecto funcionamento, sobre todo nos períodos previos ao comezo da docencia dos dous semestres, comunicando ao Decanto as incidencias nos equipos para emendalas canto antes. De igual maneira, antes de comezar os períodos de actividade docente, o informático pide, ao profesorado usuario das aulas informáticas, o software necesario para proceder á súa instalación nos equipos.

Para facilitar os espazos onde o estudantado poida facer traballos en grupo, as aulas adoitan estar abertas, e no caso de que se atopen pechadas, o alumnado pode pedir unha chave en conserxería deixando constancia do seu nome e DNI. Neste mesmo sentido, a Biblioteca canta con tres salas con capacidade para 8 estudantes que poden ser reservadas directamente no mostrador da Biblioteca.

A Facultade de Ciencias do Mar conta cunha aula de informática de uso exclusivo con 26 postos de traballo, outra de 24 postos de uso compartido coa facultade de Bioloxía. As computadores nas dúas salas son portátiles, permitindo así poder ser usadas para outras actividades. A primeira, repártese entre a docencia regrada (prioritaria) e o acceso libre para traballo autónomo do estudante. Neste segundo caso, cóntase cun bolseiro informático que se responsabiliza da aula no devandito horario. Existe unha web para a xestión das aulas de informática do edificio de Ciencias Experimentais que engloba a Facultade de Bioloxía, Química e Ciencias do Mar (Servicios informáticos Ciencias experimentales), onde está dispoñible a ocupación durante o curso. As reservas desta aula, así como dos Salóns de Graos e Salón de Actos do Centro xestiónanse a través das secretarías dos Decanatos das tres Facultades ubicadas no Edificio de Ciencias Experimentais.

Os laboratorios docentes están asignados ás áreas de coñecemento que imparten docencia na Facultade, sendo estas as que xestionan o seu uso e os investimentos que se fan nas mesmas coa dotación da repartición económica que se asigna e aproba na Xunta de Facultade. Contamos cun total de 15 laboratorios dotados co material necesario para o desenvolvemento das prácticas dos diferentes ámbitos das ciencias do mar (biolóxico, xeolóxico, físico e químico) e teñen capacidade para albergar grupos de 24 estudantes. Todos contan con equipos informáticos e de proxección con conexión a internet e están distribuídos en varias plantas dos Sectores B, C e D do edificio de Ciencias Experimentais.

O centro conta co procedemento "DO-0203 Procedemento de orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo" que inclúe desde o curso 2020-21 o Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-ANEAE) e o Programa de Integración de Universitarios con Necesidades Especificas de Apoio Educativo (PIUNE). No caso do Mestrado Universitario en Oceanografía, o Coordinador do Mestrado é a persoa encargada de titorizar ao alumnado, estando en constante comunicación en asuntos relativos ao desenvolvemento da docencia, utilizando como vía principal o correo electrónico.

A valoración do PAT, nas enquisas de satisfacción do alumnado, mellorou con relación aos cursos anteriores, cun valor de 3,50 puntos. Por outra banda, non se está realizando a enquisa de satisfacción do alumnado co PAT, que é un dato que evidencia a baixa consecución de resultados do procedemento DO-0203 "Orientación do estudantado e atención ás NEAE", polo que é necesario implantar una acción de mellora neste aspecto. Ao final do curso, o coordinador reúne todas as evidencias e redacta un informe sobre os resultados do programa.

A Facultade ten acceso a instalacións a pé de mar (Estación Mariña de Toralla: https://cim.uvigo.gal/ecimat/a-estacion-de-ciencias-marinas-de-toralla/), así como no Centro de Apoio Científico á Investigación CACTI, contando co apoio de técnicos altamente cualificados no manexo de equipos punteiros en diferentes ámbitos científicos. A Facultade conta tamén cun almacén onde se estiban os equipos que se usan nas saídas ao mar como: draga Shipeck; draga Van Veen; box-corer; core de gravidade; patín epibentónico; bou de varas; material de mostraxe, etc.
Unha boa parte das prácticas do Grao consisten en saídas ao campo, ben en autobús ben en barco. Unha das saídas en autobús máis salientables é a que realizan na materia Procesos Xeolóxicos, onde o alumnado realiza unha visita dunha semana a comarca de Tabernas (Almería) xunto co alumnado das Sedes de Cádiz e Al Palmas de Gran Canaria para estudar a xeoloxía do lugar. Nas saídas en barco, lévase aos alumnos para coñecer as técnicas e instrumentación básica de obtención de datos e mostras. Ademais, a saída en barco máis importante é a realizada no B.I.O. Ángeles Alvariño (https://www.ieo.es/es/flota), actualmente xestionado polo IEO. Doutra banda, cabe resaltar, que o 18 de xaneiro de 2023, a Universidade de Vigo formalizou un contrato co estaleiro Rodman Polyships para a construción dun buque oceanográfico de última xeración de 19,5 m de eslora por 5,4 m de manga con propulsión híbrida enchufable, por un valor de 1,5 millóns de euros, que se espera estea operativo na primeira metade de 2024 (https://www.gciencia.com/universidade-gl/asi-sera-o-Novo-buque-oceanografico-de-ultima-xeracion-da-uvigo/).
Sen dúbida, isto facilitará o acceso do noso alumnado para poder facer as prácticas de mar minorando os custos das mesmas, ademais de contribuír de maneira relevante á investigación do noso PDI.
O centro conta cun servizo de préstamo de computadores portátiles que se ceden temporalmente ao alumnado. Este servizo está xestionado desde a Secretaría do Decanato, requirindo un investimento anual para mantemento e adquisición de novos equipos (partida 625).
A Biblioteca da UVIGO (https://www.uvigo.gal/universidade/biblioteca) actualiza anualmente os fondos bibliográficos para garantir que os alumnos/as dispoñan da bibliografía básica das materias do título. A adquisición de libros realízase mediante dúas vías: directamente pola Biblioteca a partir da bibliografía recomendada nas guías docentes do grao, e a partir de solicitudes directas do PDI. A biblioteca de Ciencias Experimentais conta con 220 postos de estudo, ten un horario de 8.30 a 20.45 horas, e conta con preto de 30.000 recursos entre: libros en papel e electrónicos; revistas en papel e electrónicas; CDs; DVDs; TFGs; TFMs; tese; mapas; guías; etc.
Dentro do procedemento PA07: "Xestión dos recursos materiais", o rexistro IT01-PA07 "Criterios de selección de recursos materiais e provedores", descríbese a xestión dos recursos materiais por parte do Centro. Así, dentro da partida 626 (equipamento informático: impresoras, escáner, USB, etc.), o Centro realiza o mantemento dos equipamentos docentes das aulas (computadores, canóns, pantallas de televisión, lousas, etc.), sendo responsable desta xestión o Decanato da Facultade. A partida 625 (mobiliario e equipamento) repártese en dúas accións principais:

- Plan Renove, que consiste no mantemento e mellora do mobiliario de despachos de titorías.
- Dotación de laboratorios docentes. Dentro desta acción, a dirección propuxo, con éxito, á Xunta de Facultade a reserva dunha cantidade para ir renovando os vellos proxectores de espello batente por pantallas de televisión de gran formato a partir do curso 2021-22.

No primeiro caso, o Decanato solicita información das necesidades do PDI, a través dun correo electrónico. Ata o de agora, as peticións non superaron o orzamento existente, polo que non foi necesario establecer criterios de priorización. No segundo caso, o orzamento repártese entre as áreas de coñecemento que imparten docencia na Titulación, en función dos ECTS impartidos, cada área encárgase de renovar o equipamento docente nos seus laboratorios, recibindo a Administradora de Centro as follas de inventario dos equipamentos adquiridos. A dirección do Centro, xunto coa administración do mesmo, executa a adquisición dos pedidos efectuados mediante a súa tramitación a través da aplicación de Xestión Económica da Secretaria Virtual da UVigo: https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/index.php?modulo=xestioneconomica
Anualmente, a Administradora de Centro elabora a "Memoria económica anual" onde aparecen as partidas orzamentarias destinadas entre outros conceptos, a recursos materiais.
Todo este esforzo e investimento por parte do centro na actualización dos recursos materiais é moi ben valorado polo profesorado, alumnado e os egresados, con valoracións por encima de 4 puntos na maioría das preguntas das enquisas de satisfacción coa Titulación.

Puntos débiles detectados na reflexión:	**Denominación das Accións de mellora** (Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC)**:**
Falta de enchufes para a alimentación de dispositivos portátiles e tablets nas aulas.	Provisión de orzamento para a mellora e revisión das instalacións eléctricas das aulas.

Baixa asistencia do alumnado e pouca participación do profesorado nas actividades do PAT.	Campañas de promoción, visibilización e dinamización do PAT.

Evidencias nas que basea a reflexión:

E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución, entre outros).
E18: Información sobre os recursos materiais directamente vinculados co título.
E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida ou PAT.
E20: Listaxe dos centros /entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares.
E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título.
E22: Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia.
E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas (ligazón).

- QSP relacionadas cos Recursos Materiais e Servizos da Titulación.

Indicadores nos que se basea a reflexión:

I9: Distribución de alumnado por centros de prácticas (R1 DO-0204).
I13: Planificación docente anual: PDA. (R1 DO-0201 PDA).
I23: Índice de satisfacción cos recursos materiais e servizos.
I24: Índice de satisfacción coa orientación recibida no centro.
I25: % Alumnado en prácticas académicas.
I36: Nº Estudantado titorizado.
I37: Grao de Satisfacción do estudantado co PAT.
I38: Grao de satisfacción das Persoas Tituladas coas Prácticas.

Criterio 6: Resultados de Aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polas persoas tituladas son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da Titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polo estudantado e se son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES do título.

Reflexión sobre os Resultados de Aprendizaxe:

(A reflexión basearase nas evidencias e indicadores que se atopan a continuación. No caso que se detecten debilidades ou oportunidades para a mellora, se indicarán de xeito resumido no apartado "Puntos débiles detectados na reflexión". Cada punto débil detectado terá asociado unha acción de mellora co fin de tentar a súa solución, que se rexistrará na SGIC e se indicará a súa denominación no apartado "Denominación das accións de mellora)

As guías docentes entregáronse en tempo e forma pola práctica totalidade do profesorado e foron revisadas pola Coordinadora do Mestrado, previa a súa aprobación na Xunta de Facultade. Ao longo do desenvolvemento da Titulación non se produciron incidencias na docencia relacionadas con este aspecto. Así as competencias do título seguen cumprindo o establecido no RD 139/2007 e correspóndense co nivel MECES do título.
Na Facultade de Ciencias do Mar existe un protocolo para a revisión e elaboración das guías docentes. Previo á apertura da aplicación DOCNET, a coordinadora de mestrado revisa que en cada unha das guías docentes a relación de coordinadores de materia sexa a actualizada. Así mesmo, envía un correo aos/as coordinadores/as de curso onde, ademais do anuncio de apertura e prazos internos de revisión, establécense unhas directrices xerais para a elaboración das guías. Posteriormente, os coordinadores de curso envían un correo informativo aos coordinadores de materia co anuncio de apertura da aplicación DOCNET e as directrices xerais a considerar.
Desde o curso 2022-2023, anímase a todos os profesores responsables de materia participar no plan "English Friendly" e que así se indique na guía docente. Todo o profesorado do Mestrado acepta, o cal constitúe un importante avance no Plan de Internacionalización da UVIGO.
En xeral, o protocolo de revisión e elaboración das guías docentes do Centro mostrouse eficiente e satisfactorio, aínda que o profesorado mostrou o seu malestar respecto á dificultade no manexo da aplicación DOCNET e a deficiente ferramenta de tradución da devandita aplicación.
As Taxas de Rendemento, Avaliación e Éxito para o curso 2023-24 adoitan reflectir a tendencia habitual no histórico da Titulación, onde todos os resultados son moi satisfactorios.
As cualificacións nos Traballos de Fin de Mestrado que se defenderon foron moi altas, valorando a súa calidade científica, o que é a mellor evidencia para avaliar os resultados da aprendizaxe no Mestrado Universitario en Oceanografía. A Taxa de Rendemento nesta materia foi aumentando ao longo dos cursos anteriores.
As cualificacións obtidas nas materias son altas, xa que o alumnado que se matricula do Mestrado ten unha boa preparación para o estudo das variadas disciplinas científicas deste Mestrado.

A Taxa de Éxito neste curso 2023-24 e ao longo do histórico da Titulación, sempre estivo nun 100%, ao igual que ocorre coa Taxa de Éxito de todas as materias da Titulación neste curso. Polo que se pode considerar un punto forte desta Titulación.
Nas enquisas de satisfacción coa Titulación, as puntuación nas preguntas sobre esta dimensión son satisfactorias para os tres grupos de interese que son enquisados.
Estas evidencias mostran que os resultados da aprendizaxe son moi positivos e non hai puntos débiles neste aspecto.
A valoración é MOI SATISFACTORIA respecto ao esforzo na mellora das guías docentes e aos resultados por materia.

Puntos débiles detectados na reflexión:	**Denominación das Accións de mellora** (Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC)**:**
Non hai puntos débiles neste Criterio.	Non precisa.

Evidencias nas que basea a reflexión:
E4: Guías docentes das materias.
E8: Resultados das enquisas de satisfacción de empregadores e persoas tituladas sobre o perfil de egreso.
E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución, entre outros).
E20: Listaxe de centros/entidades para á realización das prácticas externas curriculares ou extracurriculares.
E24: Listaxe de TFG/TFM dos 2 últimos cursos académicos (título, titor e cualificación).
E25: Listaxe de cualificacións de cada unha das materias do título.
- QSP relacionadas cos Resultados de Aprendizaxe.

Indicadores nos que se basea a reflexión:
I10: Indicadores de resultados.

Criterio 7: Indicadores de Satisfacción e Rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título..

Reflexión sobre os Indicadores de Satisfacción e Rendemento da Titulación:
(A reflexión basarase nas evidencias e indicadores que se atopan a continuación. No caso que se detecten debilidades ou oportunidades para a mellora, se indicarán de xeito resumido no apartado "Puntos débiles detectados na reflexión". Cada punto débil detectado terá asociado unha acción de mellora co fin de tentar a súa solución, que se rexistrará na SGIC e se indicará a súa denominación no apartado "Denominación das accións de mellora)

Programa formativo e resultados de aprendizaxe.
Das 20 prazas ofertadas cubríronse o 55%, sendo a Taxa Específica de Captación do mesmo centro do 0,07% e a Taxa Específica de Transición de Grao a Mestrado do 3,6%. Estes datos de captación e de transición de grao a mestrado son algo menores que os dos cursos anteriores. Na maioría dos alumnos procedentes doutras titulacións cursaron os seus estudos en Graos en Bioloxía ou Ciencias Ambientais, polo que se lles supón que viñeron coa preparación adecuada para realizar os estudos de Mestrado en Oceanografía.
Os resultados dos indicadores e cualificacións por materia móstranse na sección IV.5. e Anexo3 (XI Anexos)e poden considerarse moi satisfactorios no que se refire á Taxa de Éxito, con valores do 100%, e as Taxas de Avaliación e Rendemento foron dun 95%. A Taxa de Eficiencia foi dun 100%. Cabe destacar o aumento da Taxa de Graduación nos últimos cursos, acadando un valor do 91% neste curso 2023-24.
Os resultados dos indicadores por materia móstranse nas Táboas do documento "R1 DE-02 Cadro de Mando", tanto no que se refire aos indicadores como ás cualificacións por materias. As Taxas de Éxito, Rendemento e Avaliación son do 100% en todas as materias, excepto para a materia "Traballo de Fin de Máster" que este curso 2023-24 acadou unha Taxa de Rendemento dun 75%. Con todo, non deixa de ser un bo resultado como consecuencia da mellor planificación horaria e o axuste da dedicación do estudante a outras materias, que permite aos estudantes planificar mellor o desenvolvemento do seu TFM.
No que se refire ás cualificacións por materia, entran dentro da variabilidade normal de calquera poboación de alumnado. Destacan con maior número de sobresalientes nas materias "Reactividade Química no Océano" e "Modelos Climáticos". As cualificacións máis baixas danse nas materias "Oceanografía de Ecosistemas" e "Procesos Xeolóxicos en Marxes e Concas Oceánicas".

Índices de satisfacción.
Os esforzos na difusión das Enquisas de Satisfacción coas Titulacións (EST) por parte do Centro deben seguir manténdose aumentar a participación destas enquisas. Por iso, este esforzo vaise a manter no próximo curso, sendo responsables desta difusión as Coordinadoras das titulacións e a Dirección do Centro mediante o seu Vicedecano de Calidade.

Enquisa de satisfacción do alumnado. Os resultados obtidos na enquisa deste curso 2023-24 son moi bos en xeral, pero a maior preocupación do alumnado é sobre os horarios da Titulación. Non se expón, como ocorreu no curso anterior, a ampliación da duración do Mestrado a un ano e medio.
Enquisa de satisfacción dos/as egresados/as. Os resultados da EST para os egresados do Mestrado dos últimos cursos son tomados con satisfacción pola Coordinación do Máster e a Dirección do Centro, xa que acadáronse moi boa puntuacións na maioría dos ítems. Aínda así, convén reforzar actividades de orientación profesional e académica ao longo do curso. Os egresasos deste curso desexarían que houbera a posibilidade de realizar prácticas externas ao longo da Titulación aparte da opción de optar as becas Erasmus+ prácticas.
Enquisa de satisfacción do PDI. Os resultados da EST do PDI para o Mestrado, relativos ao curso 2020-21 son valorados moi positivamente pola Dirección do Centro, onde se acada unha puntuación lixeiramente superior aos 4 puntos, e unha tendencia crecente por segundo ano consecutivo.
Hai unha serie de ítems nos que o PDI da Titulación de Mestrado en Oceanografía mostra a súa maior insatisfacción. Unha das preguntas con peores puntuacións é a referida á coordinación entre materias, insatisfacción que será comunicada aos coordinadores das materias. Outra das insatisfaccións do PDI é sobre a oferta de formación permanente para o profesorado, polo que comunicaremos esta inquietude á Área de Formación e Innovación Educativa.
Enquisa de satisfacción do PAS. A opinión do PAS sobre a Titulación pode considerarse, en xeral, moi satisfactoria. Con todo, a puntuación máis baixa obtívose na pregunta 9 sobre "A dotación do PAS adscrito". Esta baixa puntuación queda evidenciada no apartado sobre o PAS do Centro, tal e como se mostra no apartado II.1.f.
Enquisa sobre a xornada de acollida. Os resultados obtidos na enquisa realizada tras a xornada de acollida son moi satisfactorios. É motivo de parabén o bo traballo realizado neste aspecto pola Coordinadora do Mestrado na organización desta xornada de acollida.
Enquisa ao alumnado sobre o TFM. Os resultados obtidos nesta enquisa nos curso anteriores foron moi satisfactorios e concordan cos bos resultados académicos que o alumnado obtén nesta materia e a moi boa calidade dos traballos científicos que desenvolven. Os bos resultados da enquisa realizada aos/ás Titores/as do TFM mostran o grao de implicación do alumnado durante o desenvolvemento dos seus traballos de investigación. Unha das cuestións peor valoradas nos último dous cursos, fan referencia a percepción que teñen os estudantes coa formación previa e recibida para a elaboración do TFM. Pensamos que este resultado pode estar relacionado co pouco tempo de que dispoñen os estudantes dun mestrado de 1 ano para a elaboración do TFM. Neste sentido, insistiremos en transmitir aos titores/as dos TFM a necesidade de dimensionar adecuadamente a carga de traballo do TFM. Por outra banda, pensamos que a baixa valoración na pregunta 5 pode ser froito dun rumbo derivado dunha soa resposta cun valor extremadamente baixo. Con todo, continuaremos os esforzos realizados para proporcionar toda a información necesaria ao estudantado e profesorado, non só a través das páxinas web da Facultade e do propio Mestrado en Oceanografía, así como na plataforma de teledocencia Moovi, senón tamén a través de correos electrónicos recordando todos os procedementos e datas relevantes.
Enquisa aos/ás titores/as sobre o TFM. O único aspecto que pode invitar á reflexión é a baixada na valoración dos/as titores/as das carencias formativas dos/as estudantes titorizados/as, reflectida nas preguntas desta enquisa. En cursos anteriores, estimamos a posibilidade de que o profesorado titor esixiran un nivel superior ao esperado no Mestrado, polo que novamente trasladaremos ao profesorado a necesidade de adecuar o TFM as competencias e contidos recollidos nas guías docentes. Ademais, desde a coordinación do Mestrado e a coordinación do TFM se continuará traballando para manter a puntuación da pregunta 4 no valor máis alto que sexa posible.

Enquisa de Avaliación Docente.
Os valores obtidos en cada pregunta son moito máis baixos cos obtidos en cursos anteriores, onde se superaban con respecto aos valores globais obtidos nas titulacións de mestrado da Universidade. A puntuacións máis baixas obtense nas preguntas 3 sobre "O volume de traballo do alumnado é proporcional aos créditos da materia", e 5 "Os recursos didácticos (bibliografía, materiais, recursos virtuais, exercicios...) facilitados e recomendados son útiles". O profesorado debe ter en conta o número de horas de traballo do alumnado por ECTS e facer unha revisión dos recursos didácticos para mellorar a aprendizaxe do alumnado. Farase un seguimento destes dous aspectos no vindeiro curso para saber se é necesario implantar accións de mellora sobre estas cuestións.

Valores de inserción laboral.
Según o informe sobre "Inserción laboral dás persoas tituladas dá UVigo en estudos de mestrado curso 2020-21" editado polo Consello Social, o 100% das persoas enquisadas xa contaban cunha experiencia profesional previa e o 50% abandonaron o seu emprego para comezar os estudos de mestrado. O 100% das persoas enquisadas (polos datos mostrados, estímase que un home e unha muller realizaron esta enquisa) están nunha situación de emprego, continuando, a súa vez, os seus estudos de doutoramento; por tanto, están traballando no ámbito público, por conta allea, e nun traballo relacionado e adecuado cos seus estudos. O 50% dos/as egresados/as (homes) xa tiñan un emprego ao finalizar o mestrado, e o outro 50% (mulleres) tardou 5 meses de media en atopar un emprego. Estes empregos foron atopados en Galicia (50%) e no estranxeiro (50%) e son considerados polos/os egresados/as como "mando intermedio" (50%) e "persoal cualificado" (50%). O salario neto mensual medio percibido polos/as egresados/as é de 2250,50€ (una persoa no intervalo entre 1000 e 1500€, e a outra no intervalo entre 3000 e 3500€) séntense satisfeitos/as cos seus traballos (4,50 puntos).
Os/as egresados séntense satisfeitos/as cos estudos realizados (4,00 puntos, 3,00 puntos o home e 5,00 puntos a muller) e a recomendación de cursar o mestrado realizado é de 3,50 puntos (3,00 puntos o home e 4,00 puntos a muller). A satisfacción coa capacitación para desenvolver a profesión é de 4,5 puntos (4,00 puntos o home e 5,00 puntos a muller) e a satisfacción coa melloría na inserción laboral é de 3,00 puntos (2,00 puntos o home e 4,00 puntos a muller).
Convén destacar a desinformación que ten o alumnado sobre as súas posibilidades de emprego ao finalizar os seus estudos de mestrado. Esta demanda tamén consta no apartado IV.1.d. da enquisa de satisfacción dos egresados coa Titulación, na pregunta sobre "a orientación profesional e laboral recibida na Titulación", cunha puntuación de 2,71 puntos. As Xornadas sobre Saídas Profesionais dedicadas ao alumnado de grao non son accesibles para o alumnado de mestrado porque se organizan en horario de

mañá, polo que convería ampliar esta acción de mellora máis exclusiva para o alumnado de mestrado. De acordo coa enquisa de satisfacción dos egresados, o 71% das egresadas que contestaron a esta enquisa neste curso 2023-23, recomendarían esta Titulación a outra persoa.	
Puntos débiles detectados na reflexión:	**Denominación das Accións de mellora** (Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC)**:**
Insatisfacción do alumnado coa falta de coordinación entre materias.	Recompilar a información desde a Coordinación do Mestrado e a Coordinación dos Cursos para avaliar a situación e tomar as medidas que se consideren oportunas para mellorar a coordinación entre materias.
Insatisfacción dos egresados coa orientación académica recibida.	Reforzar as actividades PAT-PIUNE como medio para mellorar a orientación académica do alumnado.
Insatisfacción dos egresados coa orientación profesional da Titulación.	Accións para orientar ao alumnado na súa orientación profesional. Xornadas sobre saídas profesionais.
	O profesorado das materias de carácter profesional, así como nalgunhas de coñecementos e técnicas transversais, destacará as aplicacións ao mundo laboral que teñen os coñecementos científico-técnicos incluídos nos contidos das materias que imparten.
	Divulgación das actividades desenvolvidas pola Área de Emprego e Emprendemento da Universidade, como vía para a orientación do emprego para o alumnado.
A empregabilidade dos egresados da Facultade de Ciencias do Mar pódese considerar moderadamente satisfactoria, pero é mellorable.	Creación dun grupo de traballo para a elaboración dun Plan de Difusión da Titulación dirixido aos empregadores, con obxecto de difundir as competencias e habilidades que teñen os Titulados da Facultade de Ciencias do Mar.
Evidencias nas que basea a reflexión: E12: Plans de mellora (en concreto, accións de mellora realizadas a partir dos resultados obtidos en todos os indicadores). E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución, entre outros). E29: Documento onde se recolla a análise dos resultados do título (incluídos indicadores de inserción laboral e SIIU). • QSP relacionadas cos Indicadores de satisfacción e rendemento da Titulación.	
Indicadores nos que se basea a reflexión: I1-I2: Número de estudantes de novo ingreso. I10: Indicadores de resultados. I11: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso. I12: Resultados de inserción laboral. I20: Índice das enquisas de satisfacción coas titulacións. I21: Taxa de Abandono (Egreso). I22: Taxa de Cambio de Estudos. I35: Nota media do acceso.	

VI. OUTROS DATOS SALIENTABLES

O centro e/ou os títulos poden engadir outros resultados relevantes, mais aló dos relacionados estritamente co panel de indicadores.
Poden incluírse referencia ou recortes en prensa sobre o centro, as titulacións, o profesorado do centro, outros logros acadados ou cuestións de especial interese.

A Facultade de Ciencias do Mar, así como algún do seu profesorado, participou nas seguintes actividades:

VI. 1 Actividades de captación de novo alumnado.

- EDUGAL 2023: do 4 ao 6 de Octubre de 2023 no Recinto Ferial de Pontevedra na que a Facultade participó con un stand.

- Xornadas de Orientación Universitaria, XOU. O 30 de Xaneiro de 2014 no Pavillón de Deportes do Campus de Vigo.

- A Facultade realizou as seguintes presentación a distintos Centro de Ensino Secundario:

DATA	LUGAR	Ponente	Centro de estudos	HORA
24/11/2023	Novo Salón de Graos	Óscar Nieto Palmeiro	Colegio los Sauces (Pontevedra)	12:10 a 13:00
18/12/2023	Novo Salón de Graos	Miguel Ángel Nombela	IES Félix Muriel (Rianxo)	12:10 a 13:00
17/01/2024	Novo Salón de Graos	Óscar Nieto Palmeiro	IES Politécnico de Vigo	12:10 a 13:00
18/01/2024	Novo Salón de Graos	Óscar Nieto Palmeiro	IES Primeiro de Marzo (Baiona)	12:10 a 13:00
22/01/2024	Novo Salón de Graos	Miguel Ángel Nombela	Colegio San José de La Guía	12:10 a 13:00
02/02/2024	Novo Salón de Graos	Miguel Ángel Nombela	IES Valadares	15:00 a 17:00
21/02/2024	Salón de Actos	Miguel Ángel Nombela	IES Coruxo	12:10 a 13:00
21/02/2024	Salón de Actos	Miguel Ángel Nombela	IES A Guía	12:10 a 13:00
21/02/2024	Salón de Actos	Miguel Ángel Nombela	IES As Barxas (Moaña)	12:10 a 13:00
21/02/2024	Salón de Actos	Miguel Ángel Nombela	CPR Nuestra Señora Esperanza (Vigo)	12:10 a 13:00
22/02/2024	Salón de Actos	Miguel Ángel Nombela	IES Politécnico de Vigo	12:10 a 13:00
22/02/2024	Salón de Actos	Miguel Ángel Nombela	Colegio Los Sauces (Mos)	12:10 a 13:00
27/02/2024	Salón de Actos	Miguel Ángel Nombela	IES Castelao de Vigo	12:10 a 13:00
27/02/2024	Salón de Actos	Miguel Ángel Nombela	IES Valga (Pontevedra)	12:10 a 13:00
28/02/2024	Novo Salón de Graos	Miguel Ángel Nombela	Colegio Marcote (Mondariz)	12:40 a 13:30
06/03/2024	Novo Salón de Graos	Miguel Ángel Nombela	IES Sto. Tomé de Freixeiro (Vigo)	12:10 a 13:00

07/03/2024	Salón de Actos	Miguel Ángel Nombela	IES do Castro	12:10 a 13:00
07/03/2024	Salón de Actos	Miguel Ángel Nombela	IES Ribeira de Louro	12:10 a 13:00
11/03/2024	Salón de Actos	Óscar Nieto Palmeiro	IES Val do Tea (Ponteareas)	12:10 a 13:00
11/03/2024	Salón de Actos	Óscar Nieto Palmeiro	IES Val Miñor (Nigrán)	12:10 a 13:00
15/03/2024	Novo Salón de Graos	Óscar Nieto Palmeiro	IES da Cañiza	12:10 a 13:00
18/03/2024	Salón de Actos	Miguel Ángel Nombela	IES Rodeira (Cangas)	12:10 a 13:00
18/03/2024	Salón de Actos	Miguel Ángel Nombela	IES Paralaila	12:10 a 13:00
22/03/2024	Aula 11	Óscar Nieto Palmeiro	Amor de Dios	12:10 a 13:00
11/04/2024	Salón de Actos	Miguel Ángel Nombela	Pazo da Mercé (As Neves)	12:10 a 13:00
11/04/2024	Salón de Actos	Miguel Ángel Nombela	Ribera do Louro (Porriño)	12:10 a 13:00
11/04/2024	Salón de Actos	Miguel Ángel Nombela	San Paio	12:10 a 13:00
17/04/2024	Novo Salón de Graos	Miguel Ángel Nombela	IES Illa de Tambo	12:10 a 13:00
25/04/2024	Salón de Actos	Miguel Ángel Nombela	IES cpr Sta Cristina	12:10 a 13:00
30/04/2024	Aula 2 de Bioloxía	Miguel Ángel Nombela	A Basella	12:10 a 13:00
14/05/2024	Novo Salón de Graos	Óscar Nieto Palmeiro	IES Divino Salvador (Coruxo)	12:10 a 13:00

- Participación da Vicedecana de Mobilidade da Facultade nos seguintes eventos:
  - Entrevista para a Revista Mongabay, https://news.mongabay.com/2024/06/in-northern-spain-climate-change-is-killing-shellfish-and-womens-livelihoods/. Data publicación: 29 xuño 2024
  - Entrevista para a "Revista Tempos Novos" https://temposdixital.gal/gran-angular/ecoloxia/entrevista-maria-elsa-vazquez.html Data publicación: xullo 2024

VI.2. Charlas divulgativas.

Título: "Investigar para gestionar: el marisqueo ante los retos del cambio global". Entidad organizadora: Confraría de Pescadores Pedra da Oliveira, Vilaboa. Lugar de Celebración: Auditorio Casa da Cultura Riomaior, Vilaboa. Fecha: 22 septembro 2023

- Título: "Posibilidades de intercambio de estudiantes de grado y máster con la Facultade de Ciencias do Mar". Universidad de Magallanes, Chile. Esta charla encádrase dentro da rede IBERCHILE: fortalecimiento de las ciencias del mar en un océano cambiante (ANID-FOVI 220159): On-line (Chile, Portugal, España). Data: 28 septembro 2023.

- Título: Presentación del grado en Ciencias do Mar y las posibilidades de intercambio con la Universidad de Magallanes, Chile. Esta charla encádrase dentro da rede IBERCHILE: fortalecimiento de las ciencias del mar en un océano cambiante (ANID-FOVI 220159) Lugar de Celebración: Punta Arenas, Chile. Fecha: 28 noviembre 2023. **Grazas a estas dúas charlas, no curso 2023-24 enviamos 3 alumnos de intercambio á Universidad de Magallanes e no curso 2024-25 dos alumnos.**

Ademais, no curso 2024-25 tivemos a una alumna de dicha universidade cursando un semestre no Grao de Ciencias do Mar

VI.3. Obradoiros e mesas redondas.

Participación e impartición de obradoiros do profesorado da Facultade de Ciencias do Mar nas xornadadas de portas abertas do Centro de Investigación Mariña da UVIGO https://cim.uvigo.gal/divulgacion/xornadas-de-portas-abertas/.

VI.4. Empregabilidade e cursos de formación.

- A Facultade de Ciencias do Mar participou na difusión da iniciativa desenvolvida pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade titulada "Pasaporte de Empregabilidade", onde se organizaron obradoiros e cursos sobre as seguintes temáticas:

- *Orientación Laboral*, que inclúe entrevistas personalizadas para o asesoramento da busca de emprego.
- *Formación*, para a adquisición de novas competencias.
- *Emprendemento*, a través o Servizo Universitario de Creación de Empresas do Estudante.
- *Bolsa de Emprego*, onde se publica unha listaxe de vacantes dispoñibles con as ofertas de Emprego máis recentes.

- Coordinación coa Asociación de Armadores del Puerto de Vigo (ARVI) e o Instituto Marítimo Pesqueiro de Vigo para a organización do curso de Mariñeiros Pescador para todo o alumnado da Facultade de Ciencias do Mar. O curso realizouse en liña e o exame foi realizado o 9 de febreiro de 2024 nas instalacións da Universidade de Vigo.

- Coordinación coa Asociación de Armadores del Puerto de Vigo (ARVI) e Sinerxia Consultora para a organización dun curso de "Observador Pesqueiro" para todo o alumnado da Facultade de Ciencias do Mar.

- Neste curso 2023-24 non se organizaron presentacións de egresados nas Xornadas sobre Saídas Profesionais, que habitualmente oferta á Facultade para que o alumnado coñeza as estratexias para a procura de emprego, así como as opcións laborais que atopan os titulados en Ciencias do Mar.

VI.5. Programa STEMBach.

.- A Facultade de Ciencias do Mar conta cun programa de STEMBach coordinado por un profesor da Facultade, o Dr. Emilio Fernández Suárez, baixo o cal se desenvolven varios proxectos STEMBach cos seguintes Institutos de Ensino Secundario:

STEMBach: bienio 2022-2024

IES VAL MIÑOR (NIGRÁN)

ESTUDANTE	TEMA	TITOR/A
Emma Nadine Josaine Brunel y Alicia Fernández Gefaell	Estudo da poboación de berberecho, *Cerastoderma edule (Linnaeus, 1758)*, da Foz do Río Minor (A Ramallosa, Nigrán): 2015-2022.	Elsa Vázquez Otero y Celia Olabarria Uzquiano

Sofía Collazo Cousiño	Efecto alelopático de *Zostera noltii* sobre o dinoflaxelado formador de proliferacións tóxicas *Alexandrium minutum*	Emilio Fernández Suárez y Eva Teira González

STEMBach: bienio 2023-2025

ESTUDANTE	TEMA	TITOR/A
Noelia Casañas Peña e Icía Smith Fernández	Efecto del glifosato y el cloruro de benzalconio sobre *Zostera noltii*.	Ricardo Beiras García-Sabell
Elba Pérez Silva e Lilin Wang	Estudo da contaminación na Ría da Ramallosa mediante determinación de $\delta^{15}N$ en *Fucus vesiculosus*.	Celia Olabarria Uzquiano e Marta Román Geada
Gloria Calero Iglesias e Jaime Domínguez Trapero	Acción alelopática de *Zostera noltii* sobre o dinoflaxelado *Alexandrium minutum.*	Eva Teira González e Alexandra Díaz Alonso

Sesiones de formación:

Curso 2023-24

- "¿Cómo elaborar un proyecto de investigación?". Sesión formativa impartida por Emilio Fernández y celebrada en el IES 1 de marzo (Baiona) el 5 de octubre de 2023
- Seguimiento de trabajos. Emilio Fernández. Sesión celebrada en el IES 1 de marzo (Baiona) el 15 de febrero de 2024

Curso 2024-25

- Seguimiento de trabajos. Emilio Fernández Suárez. Sesión celebrada en el IES 1 de marzo (Baiona) mayo el 28 de noviembre de 2024
- "¿Cómo elaborar un proyecto de investigación?". Sesión formativa impartida por Emilio Fernández y celebrada en el IES Val Miñor (Nigrán) el 4 de diciembre de 2024
- Sesión de formación en estadística. Sandra Martínez García. Sesión celebrada en el IES 1 de marzo (Baiona) el 5 de diciembre de 2024
- Seguimiento de trabajos. Emilio Fernández Suárez. Sesión celebrada en el IES 1 de marzo (Baiona) el 20 de febrero de 2024

VI.6. Outros datos.

.- Na páxina web da Facultade móstranse as seguintes noticias:

Que son os estabilizadores UV? O composto dos 'pellets' que levan as cremas solares - Facultade de Ciencias do Mar

A profesora Irene Alejo Flores e as alumnas de Ciencias do Mar Rita Lorenzo Pérez e Sara Martín Alis asisten á Conferencia Mundial dos Océanos - Facultade de Ciencias do Mar

.- Neste curso 2023-24 organizouse unha visita ao buque de formación mariña INTERMARES para o alumnado da Facultade, a través da Asociación de Armadores de Vigo o día 23 de outubro de 2023.

VII. CADRO DE MANDO: ANÁLISE DOS OBXECTIVOS E METAS.

Neste apartado reflexionase sobre a consecución dos obxectivos/metas de calidade, que se recollen no documento "R1 DE-02 Cadro de Mando". A reflexión poderá levar asociada o establecemento de accións de mellora no caso de que os resultados non foran satisfactorios.

De acordo co documento "DE-02 Anexo Cadro de Mando" para a Titulación de Grao, os Procesos de Calidade cúmprense nun 76,6%, que se desglosan da seguinte maneira:

- Procesos Estratéxicos: 81,8%
- Procesos Chave: 72,9%
- Procesos Soporte: 75,0%

A maioría deles cúmprense de maneira parcial o total, excepto os que se mostran a continuación:

- I4 Resultados dos indicadores do SGC.
- I8 Indicadores de mobilidade do PDI.
- I21 Taxa de Abandono.
- I22 Taxa de Cambio de Estudo.
- I42 Porcentaxe de accións de mellora finalizadas en prazo.

VIII. PLAN ESTRATÉXICO/ PLAN OPERATIVO

Neste apartado realizarase unha explicación do desenvolvemento do plan estratéxico neste curso académico, indicando as accións que se realizaron, os resultados acadados facendo referencia aos indicadores asociados ao mesmo.

Nas seguintes táboas, que mostran os indicadores e evidencias que permiten avaliar os distintos obxectivos, márcanse en vermello aqueles indicadores o evidencias que non acadan os seus valores obxectivo.

Tras o cambio dos indicadores, así como os seus valores obxectivo, no documento "R1 DE-02 Cadro de Mando", xorde a necesidade de facer unha revisión profunda do documento "Política e Obxectivos de Calidade" da Facultade de Ciencias do Mar.

Eixo estratéxico: FORMACIÓN

Obxectivo estratéxico institucional 1. Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna.

Liña estratéxica do Centro:

- Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, en consonancia coa demanda da contorna, e sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade.

Obxectivos de calidade do Centro

✓ Manter as acreditacións das titulacións ofertadas pola Facultade cos criterios de calidade establecidos.

VALORACIÓN: C, Se alcanza parcialmente.

Procedementos do SGC asociados	*Indicadores e evidencias*	*Valor obxectivo*	*Valor alcanzado*
DE-02 P1 Seguimento e medición I04. *DE-03 P1 Revisión do sistema pola dirección I04.* *MC-05 P1 Medición da satisfacción dos grupos de interese I05.* *AC-0104 P1 Accesos e admisión* *DO-0101 Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais I05.*	I4. Resultados dos indicadores do SGC.	Grao: >68 Mestrado: >52	50 (74%) 41 (79%)
	I10 Indicadores de resultados.	Grao: >14 Mestrado: >8	13 9
	I11 Relación Oferta / Demanda de prazas	Grao: 3 Mestrado: 1	2 0
	I13 Media alumnos por grupo de docencia PDA	Grao: <34,7 Mestrado: <15	34,3 11
	I29-1 Nº Titulacións en proceso de deseño, verificación modificación ou acreditación.	Facultade: 0	0
	I31 Nº de Titulacións en proceso de Seguimento interno / externo.	Facultade: 0	0
	I34 Nº Acción de definidas neste curso.	Grao: 28	28

	I30 Porcentaxe de titulacións con avaliación favorable de informes de avaliación.	Facultade: 0	0
	I32 Nº titulacións extinguidas (indicar nº titulacións ofertadas na Facultade).	Facultade: 0	0
	I50-4 Cualificación do PDI.	Grao: >80,0% Mestrado: 100%	80,0% 100%
	E1 Memoria vixente das titulacións.	Grao e Mestrado: Valoración favorable	Favorable
	E2 Informes de verificación, modificacións, seguimento, incluíndo os plans de mellora	Grao e Mestrado: Valoración favorable	Favorable

✓ Obter a acreditación do sistema de Calidade na Facultade de Ciencias do Mar.

VALORACIÓN: C, Se alcanza parcialmente.

Procedementos do SGC asociados	***Indicadores e evidencias***	***Valor obxectivo***	***Valor alcanzado***
Tódolos procedementos do Sistema Interno de Garantía de Calidade.	I4. Resultados dos indicadores do SGC.	Grao: >68 Mestrado: >52	50 (74%) 41 (79%)
	I26 Índice de satisfacción coa promoción da Titulación e a información pública na web.	Grao: 4 Mestrado:4	4 4
	I27 Nº QSP recibidas.	Facultade: < 5	2
	I40 Número de procedementos actualizados / curso académico.	Facultade: 6	6
	I41 % Rexistros en estado completado na aplicación SGIC.	Facultade: >95%	95%
	I42 % Accións de Mellora finalizadas en prazo.	Facultade: >80%	33,3%
	I50-1 Participación en enquisas de satisfacción.	Grao e Mestrado: >50%	34% 43%
	E11 Evidencias da implantación dos procedementos do SGC.	Grao: Valoración favorable	Favorable
	E12 Plans de mellora derivados da implantación do SGC.	Grao: Valoración favorable	Favorable
	E14 Informe de certificación de la implantación del SGC.	Grao: Valoración favorable	Favorable

Liña estratéxica do Centro

- Desenvolver unha actividade académica e formativa ligada ás necesidades e expectativas da sociedade para consolidar altos niveis de calidade nas titulacións sen renunciar aos fins da Universidade de Vigo.

Obxectivos de calidade do Centro

✓ Grao e Mestrado: Cumprimento dos indicadores sobre resultados académicos mais relevantes e aplicar as medidas oportunas para mantelos baixo limiares apropiados.

VALORACIÓN: C/D, Se alcanza parcialmente/Non se alcanza.

Procedementos do SGC asociados	*Indicadores e evidencias*	*Valor obxectivo*	*Valor alcanzado*
DO-0101 Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais I04. *DO-0102 Seguimento e mellora das titulacións I04.* *DO-0201 Planificación e desenvolvemento da esinanza I05.* *DE-02 Seguimento e medición I04.* *DE-03 Revisión do sistema pola dirección I04.*	I10 Indicadores de resultados académicos.	Grao: 14 Mestrado: 8	13 9
	I21 Taxa de Abandono (VERIFICA).	Grao: <20% Mestrado: <10%	53,1% 0%
	I22 Taxa de Abandono por cambio de estudos.	Grao: <7% Mestrado: 0%	15,5% 0%
	I44 Índice de satisfacción coa organización e desenvolvemento da docencia.	Grao e Mestrado: 4	2 4
	I50-3 Duración media dos estudos.	Grao: <5,0 Mestrado: <1,5	5,41 1,11
	I50-4 Cualificación do PDI.	Grao: >80% Mestrado: 100%	80,0% 100%
	E2 Informes de verificación, modificacións, seguimento, incluíndo os plans de mellora.	Grao e Mestrado: Valoración favorable	Favorable
	E4 Guías docentes das materias.	Grao e Mestrado: Valoración favorable	Favorable
	E12 Plans de mellora derivados da implantación do SGC.	Grao e Mestrado: Valoración favorable	Favorable

